

# A NOSA TERRA



ANO XVII - 17 DE NOVIEMBRE - 1994


PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 648 - 150 PTA

Burela e A Illa  
a piques de ter concellos propios

## Viva a independéncia

A aprobación do Consello de Estado abre a porta á creación dun novo concello en Burela, aínda que a última palabra corresponde á Xunta de Galicia. O PP, que se mostra partidario da segregación na Mariña, non mantén sen embargo este criterio en Arousa.



A NOSA TERRA

É autor de *A Desamortización*, último volume da *História de Galicia* editada por A Nosa Terra

### Ramón Villares:

'Este libro é o culme do traballo de 20 anos'

"Cada paso que nos achegamos a el, o agrarismo vese como o movemento máis importante da historia galega", afirma Ramón Villares, profesor de historia contemporánea e autor do libro *Desamortización e réxime de pro-*

*priedade*, que sae estes días á venda dentro da colección *História de Galicia* que publica Edicións A Nosa Terra. Villares tamén aborda nesta conversa un breve balance de aspectos da situación universitaria. (Pax. 16 e 17)

Neira Rodríguez (PP), mandatario de Foz, insulta, ameaza e persegue a concelleiros, viciños e xornalistas

### Un alcalde agresivo

A prepotencia, o insulto, a ameaza e mesmo a agresión forman parte da tarxeta de visita do alcalde de Foz, Manuel María Neira Rodríguez, un home que ascendeu de recadador

municipal á alcaldía co apoio dos sectores máis duros dun concello no que a especulación urbanística, por unha banda, e o autoritarismo, pola outra, son moeda común. (Pax. 9)

### Todos os nomes da trama viguesa da construción

Os empresarios da construción tentaron culpabilizar ao goberno municipal de Vigo e ao PXOU das extorsións que fixeran públicas os promotores inmobiliarios no comunicado redactado ao remate da I Reunión do Sector da Cons-

trucción de Vigo. O concello acordou trasladarlle ao fiscal as denuncias aparecidas e instar aos promotores a que presenten estas denuncias no xulgado. A comenencia de facelo ou non está a dividir a esta asociación. (Pax. 7)

### Xesus Mosquera:

'A UGT xa pasou por momentos moito piores'

O secretario xeral da UGT de Galicia bota man da historia para lembrar que o seu sindicato xa pasou por momentos máis difíciles que o actual, máis a crise da PSV, e tamén para recordarlle a algúns dos que critican

as "burocracias sindicais" que moitos deles pertenceron ao sindicato vertical, "que só na provincia da Coruña tiña mil funcionarios". Non cre que estas eleccións vaian dar lugar a cambios importantes. (Pax. 11)


## Só Cela, Torrente e a Xunta apoian a imposición do castellano Unanimidade na cultura galega en contra da Académia española

Artigos de Francisco Rodríguez, Vilhar Trilho e Antón Dobao

### RAFAEL DIESTE E A SÚA OBRA LITERARIA EN GALEGO

Arturo Casas

Un achegamento á biografía de Dieste e unha detallada análise da súa produción literaria en galego. Letras Galegas 1995.



A carta do Presidente da Real Académia Española, Lázaro Carreter, na que postura a "imposición do castellano" en medios de comunicación, rotulos de estradas, etc. ante a ameaza que estaría a sufrir este idioma nas comunidades "bilingües", encontrou a oposición da práctica totalidade da cultura galega, desde García Sabell, presidente da Académia Galega que lembrou o "esmagamento do galego durante séculos", até sectores vinculados ao reintegracionismo, pasando por ensinantes, alumnos, sindicatos e todas as entidades relacionadas coa normalización lingüística. Só a Xunta de Galicia, por boca do Director Xeral de Política Lingüística, Manuel Regueiro, e os escritores Cela e Torrente, membros da Académia Española, se desvincularon desta postura xeralizada.

(Pax. 12, 13 e 14)



XURXO LOBATO

Os cidadáns coruñeses fixeron cumprir a lei pola súa propia conta podando o "L" deste xigantesco mural vexetal situado á entrada da Coruña. O alcalde, Francisco Vázquez, mandara plantalo cando xa era coñecida a sentenza do Tribunal Superior que establece o nome histórico galego como o único legal.



# Primeiro Cariño, agora Burela, no futuro a Illa, todos queren ser concello

## As segregacións na Galiza débense a un modelo territorial importado de Castilla

ARANTXA ESTÉVEZ - HORÁCIO VIXANDE

Mal resultas ás veces, tarde noutras ocasións, polémicas sempre, as segregacións nos concellos galegos son consecuencia da importación dun modelo territorial que implica prácticas caciquís amparadas polo fastio que provoca nas viciñanzas o non poderse autogovernar. Co fallo recente positivo do Consello de Estado, en Burela están a dar os últimos pasos dunha segregación do Concello de Cervo na que a Xunta ten a palabra definitiva.

"O problema fundamental na Galiza é que o concello non é unha institución natural, porque está deseñado para Castilla, onde o concello abrangue a un só núcleo de poboación. Aquí os concellos teñen moitas parroquias e o conflito está asegurado", explicaba Manuel Parga, concelleiro do BNG en Cervo, un municipio que está a piques de concluir un proceso de segregación, pois a parroquia de Burela, con máis viciños que o resto do concello, está pendente de que a Xunta decreta a súa separación.

"Isto ven de moitos anos atrás —declaraba unha viciña integrante da Asociación de Viciños e da Comisión Pro Segregación—, é algo que se ven xestando desde hai tempo porque a xente quería que Burela figurase como vila, xa que é máis grande que o resto de Cervo".

A razón sentimental, argumentada polos máis dos promotores da segregación de Burela, ten outra análise se parte desde as filas do PSOE e mesmo dalguns viciños non tan comprometidos coa cuestión. A Asociación de Viciños promotora da idea ten proximidade co Partido Popular, que apoiou decisivamente a iniciativa e que agarda obter réditos eleitorais da aposta.

### O PP detrás

"Canseime de dicir que detrás de todo estaba o PP —asegurou o alcalde socialista de Cervo, Roberto Alvarez—, e se cadra todo ten unha interpretación electoral e queiran artellar unha alternativa de goberno que non son quen de acadar nas urnas".

"Non ten nada que ver co cambio de capitalidade", dicitia o alcalde, que non explicou o significado do voto particular emitido polo seu partido e que deu pulo definitivo á segregación. O PSOE, no pleno que analizou a separación, deu un si condicionado á decisión da Xunta, que podería dar razón nos próximos días, despois do pronunciamiento positivo da Deputación de Lugo e do Consello de Estado. De todos xeitos a decisión corresponde unicamente á Xunta; a Deputación e o Consello de Estado emiten unha opinión que non é vinculante.

Pero o proceso remóntase á anterior lexislatura, cando a Asociación de Viciños reuniu aos partidos para pedir o cámbi-



A Xunta ten a última palabra na segregación de Burela do concello de Cervo.

A NOSA TERRA

bio de nome e de capitalidade do concello; en tempos os beneficianos que deixaba Alúmina Aluminia, hoxe cativos, non recomendaban a Burela a sece-

sión, xa que o complexo industrial está en San Ciprián. A proposta viciñal de mudar nome e capital só tivo resposta positiva no caso do Partido Popular. Na

seguinte consulta electoral polarizouse o voto, e o PP tivo unha baixa importante nas localida-

### Asinou o 54% do censo

"O PSOE non baixou en Burela porque aquí moita xente é de fóra e vota máis polos partidos que pola cuestión da segregación, de todos xeitos, moitos asinaron pola segregación", explicaba unha viciña.

Efectivamente, mesmo o candidato número un da lista do PSG-EG (hoxe demitido e substituído por Manuel Parga, cuxo partido integrouse no BNG), asinou a petición, e a comisión só tardou seis meses en

reunir as sinaturas do 54% dos integrantes do censo. "Iso que só se podía asinar un día á semana e que cada sinatura costaba 600

(pasa á páxina 3)

## Disensións noutros concellos

Un enfrentamento que polarizou a dúas vilas dentro do mesmo concello sucede en Carballo, nas Terras de Chantada; ali, entre a Barreira e o Castro un vello contencioso pola capitalidade, no que o Partido Popular ten certa responsabilidade, provocou máis de un enfrentamento e a intervención da Garda Civil.

Precisamente Carballo agrupa a algunhas parroquias que, xunto con outras doutros concellos, poderían chegar a formar parte dun hipotético e

futuro concello dos Peares.

Sempre que hai dous núcleos de poboamento de tamaño similar no mesmo concello hai conflitos pola capitalidade ou pola localización de servizos municipais. O caso de enfrentamento por esta cuestión, levada ao nivel provincial, tamén se reproduce na Galiza; eis o caso do concelleiro socialista de Vigo, Antonio Nieto Figueroa «Leri», que postula para a súa cidade a capitalidade da provincia de Pontevedra. ♦

**O PSOE non baixou en Burela porque moita xente é de fóra e vota polos partidos e non pola segregación", opinaba unha viciña**





O alcalde de Cervo, o socialista Roberto Álvarez, cre negativa a segregación, pero o seu partido votou que si. A NOSA TERRA

O proceso, tentado por terceira vez, concluiu en dous anos longos  
**Cariño separouse de Ortigueira en 1988**

O 21 de Xaneiro de 1988, Cariño concluíu o seu proceso de segregación do municipio de Ortigueira. Dezanove quilómetros de distancia de Ortigueira, dúas realidades socioeconómicas distintas, a permanente discriminación na ubicación de servizos e a encontrada opción política de Cariño, fronte á posición maioritaria de todo o concello, son as tres razóns que pesaron definitivamente nunha segregación que fóra intentada en dúas ocasións anteriores: no pasado século e en 1936. A última estivo a piques de concluir pero foi abortada pola guerra.

Só dúas das sete parroquias que en principio ían constituir o novo municipio botáronse atrás. A poboación das cinco

restantes acodiu a asinar nun proceso artellado desde unha asociación de veciños, liderado fundamentalmente polo PSOE e no que tamén participou o BNG. O PP, ao ver o sentir popular, rematou por se incorporar e completar unha posición unánime.

**Sempre que hai dous núcleos importantes no mesmo concello, hai enfrontamentos pola capitalidade ou polos servizos municipais**

Dous anos longos tardou en se completar o proceso, até que a Xunta aprobou o expediente de segregación. Despois, unha xestora fíxose cargo de pór a andar o concello até a celebración das eleccións municipais de 1991, cando o PSOE acadou a maioría absoluta dos membros da corporación, na que tamén están representados o PP e o BNG.


Entre Cariño e Ortigueira houbo suspicacias, pero non enemistades. ♦

(ven da páxina 2)  
pesetas porque tiña que ser diante dun notario", dixo a veciña.

A postura do PSOE, máis o alcalde de Cervo continuar a dicir que se opón á segregación, mudou, e na Deputación de Lugo votou co PP a favor da mesma.

As outras dúas forzas políticas de nivel nacional —tamén hai unha candidatura independente— representadas no concello mostraron unha posición invariábel. O PP dixo si e o BNG non. "A cuestión é que en conxunto eramos un municipio de maior entidade que os dous resultantes, e a nosa capacidade orzamentaria e de investimento verase reducida. Respeitamos a decisión, pero non a compartimos", dicitia Manuel Parga.

As posturas mantidas nas outras dúas localidades importantes do concello: Cervo e San Ciprián, foron distintas. Se ben había unha oposición, que provocou unha importante baixa nos votos ao PP nos últimos comicios municipais, posteriormente modificáronse parcialmente as posicións, xa que a Asociación de Veciños de Cervo pasou a aceptar a segregación e asegurou que Cervo saíra beneficiado porque até entón fóra Burela a localidade que conquiriu maior mimo no momento de elaborar o presupuesto municipal e realizar obras públicas. En San Ciprián, pola contra, sempre viron con disgusto a secesión.



Manuel Parga, do BNG, cre que o proceso desenvolveuse pacificamente, aínda que non está pola segregación.



Mercedes Girón, presidenta da Comisión Pro Segregación, acusou ao alcalde de manobrar contra da mesma.

**A discriminación non foi o argumento**

A propia presidenta da Comisión Pro Segregación, Mercedes Girón, recoñece que o problema non é debido á discriminación cometida desde o concello con Burela, pola contra, recoñeceu a grande existencia de servizos localizados no que será novo Concello. "A saída intermedia era o cambio de nome e de capitalidade, pero non foi aceptado. Se o alcalde chega a medirar teríase conquirido. Toda segregación é

**"O alcalde poido ter evitado o enfrontamento, pero estivo a facer manobras", afirmou a presidenta da Comisión Pro Segregación**

doorosa, pero hai excepcións, como o caso de Burela. Cremos que ser independentes é moi bon porque podemos medrar máis e mellor. Imos ser o único municipio totalmente urbano probabelmente en todo o Estado e as nosas posibilidades de expansión económica son grandes", explicaba a presidenta da Comisión Pro Segregación.

O proceso de segregación tivo momentos nos que a polémica foi alimentada e mesmo algúns membros do PSOE chegaron a suxerir que algunhas das sinaturas foran acadadas mediante a extorsión a persoas que non tiñan intención de asinar, pero que precisaban dunha boa relación

cos veciños, caso dalgunos comerciantes. O concelleiro do BNG, Manuel Parga, non cre que se teñan chegado a dar episodios como ese. Mercedes Girón desacreditou as supostas presións recordando que a recolleita de sinaturas foi levada a cabo con todas as garantías. "Pola contra, dubido da sinceridade do alcalde en todo o proceso e coido que fixo moitas manobras para impedilo e provocou enfrontamentos en lugar de buscar unha saída que non alporizara a ninguén. Dixo que todo foi cousa de catro caciques, pero a opinión favorable á segregación está moi extendida", aseguraba Mercedes Girón. De todos xeitos, a presidenta da Comisión Pro Segregación non acusou de belixerancia a todo o PSOE e calificou de moi atinada a postura que ese partido defendeu no pleno da Deputación que aceptou a segregación.

**Incerteza sobre o futuro**

"De todos xeitos, hai unha frase que resume a idea comun dos que están máis decididamente pola segregación —explicaba Manuel Parga—: "o caso é ser concello", e para iso se non é posíbel trasladar a capitalidade e mudar o nome, haberá que segregarse".

E se a postura do BNG é céptica a respecto da segregación, un profesor do instituto facía a seguinte consideración: "Eu creo que o que pretendían e o que conquiriron non se corresponde. Sospeito que o da segregación non o esperaban e poden ter problemas".

En todo caso, en Burela xa andan matinando onde instalar o concello. "A Praza de Abastos de Burela non está a ser utilizada —explicaba Mercedes Girón—, se cadra pode ser habilitada para concello, aínda que parte do local está cedido á Capitania do Porto". No mesmo sentido se manifestaba Manuel Parga.

A respecto do mecanismo co que elaborar a segregación, terá que se montar unha comisión para dividir o patrimonio, as débedas e o orzamento. Non está claro, de momento, se será montada unha xestora ou o proceso coincidirá coas eleccións municipais que a nivel estatal hai en Maio de 1995. ♦

**"Detrás está o PP, que busca unha alternativa electoral que non acadada nas urnas", dixo o alcalde socialista**

**A Xunta non ten proxecto de país**

Manuel Parga, concelleiro de Burela, atinaba ben ao dicir que os conflitos que dan lugar a segregacións son consecuencia dunha división territorial deseñada para Castilla e aplicada á forza na Galiza.

En Burela non hai razón de fondo, máis aló da sentimental, para apoiar a segregación, mentres na Illa é necesaria por causas relacionadas co desenvolvemento da mesma, pero o PP apoia a primeira pero non a segunda por oportunismo.

Se as parroquias han coexistir no mesmo concello, sen ter mecanismos de representación, inevitabelmente produciranse discriminacións e repartos clientelares de prebendas municipais. Daquela o conflito está asegurado e a demanda de xustiza, expresada ou non através da petición de segregación, non tarda en aparecer.

A Consellería da Presidencia do Goberno tripartito, dirixida daquela por Pablo González Mariñas, trazou un deseño de comarcalización do país para articularlo segundo o seu ser natural. O primeiro Goberno Fraga tirou abaixo co proxecto ao tempo que no Parlamento o PP votaba en contra da aprobación da Proposición de Lei de Parroquias, que apresentara o PSG-EG.

Na pasada fin de semana unhas xornadas sobre a desertización celebradas en Compostela analizaron a cuestión da concentración parcelaria, un exemplo do que a Xunta do PP quer para Galiza. A Límia perdeu o seu arborado e agora é unha imensa chaira deserta surcada por moreas de pistas que non conducen a ningures. Eis o concepto da organización territorial do Partido Popular. Os tímidos esforzos por artellar o

país son sempre, como no caso da Fonsagrada e no da comarcalización que se comeza a ensaiar, a resposta a directrices chegadas de fóra ou consecuencia de intereses persoais que teñen un transfundo especulativo ou electoral, pero nunha hai un sentido económico, un modelo de desenvolvemento global que ensaie a articulación do país como mecanismo de expansión económica, industrial e agrária.

A Xunta de Fraga non ten un proxecto de país que corrixa os erros do deseño imposto polo centralismo na Galiza, máis ben afianza as vellas estruturas apuntalando o modelo foráneo, máis útil para vender prebendas, establecer clientelas e facer cacicadas. ♦



## O 90% dos viciños da Illa de Arousa asinan por segregarse de Vilanova Dous quilómetros de distancia que semellan dous mil

Os habitantes da Illa de Arousa viven unha etapa de optimismo na súa loita pola segregación do concello de Vilanova. Despois de intentos frustrados de levar a súa reivindicación por vía municipal, os viciños tomaron a iniciativa de encargarse da independencia. A recolla de sinaturas foi o último paso tras anos de reclamacións que, agora, poden derivar, ao igual que en Burela, na constitución de concello propio.

Os viciños da Illa rexeitan pertencer ao concello de Vilanova dende xa non se sabe. No pasado século, foi concello durante unha tempada e, posteriormente, coincidindo coa Revolución de Asturias de 1934, proclamouse *república independente*. Actualmente, quen entra na illa decátase de que o sentimento segregacionista medrou cos anos. Todos os valados serven de soporte para pintadas cheas de cor que peden un concello propio.

A Illa de Arousa ten 4.852 habitantes, dos cales teñen dereito a voto 3.600. A Asociación para a Segregación conseguiu 3.200 sinaturas a favor de independizarse do concello de Vilanova. "Constanos que os catrocentos que non asinaron, non están en contra da segregación. Simplemente, non lles convenceu a recolla de sinaturas porque, nalguns casos, preferían unha votación anónima ou outro método", explica Xoán Lois Otero, presidente da asociación segregacionista.

### División na corporación municipal

A asociación é unha iniciativa viciñal que xurdiu a raíz do escaso éxito que tiñan as xestións feitas ante a corporación municipal. Os dous alcaldes de Vilanova dende que se instaurou a democracia, Sito Vázquez e Manuel Dios Oubiña, ambos do PSOE, son da Illa. Esta circunstancia serviu para que se reabrisse o debate da segregación. Na etapa de Sito Vázquez, non saíu adiante; agora, con Manuel Dios, o tema divide á corporación.

En 1993, todos os partidos políticos no concello decidiron comezar o proceso segregacionista. Pero no pleno no que se debía discutir a moción, deixáronse notar as divisións entre os dezasete membros da corporación. Do PSOE, só o alcalde e máis os concelleiros procedentes da illa estaban a favor da segregación, o resto, en contra. Os concelleiros do PP, que nun principio estaban dispostos ao proceso, non asistiron ao pleno. Ao contrario que en Burela, non apoian a independencia da Illa.

A Asociación para a Segregación decidiu aproveitar os estudos económicos incentivados polo concello e comezar un movemento viciñal desvinculado do poder político. O único partido que levou a reivindicación segregacionista da Illa no seu programa foi o BNG. "Sabíamos que iso non nos ía axudar a hora de recabar votos en Vilanova pero tampouco nos ía dar votos na Illa. Ali non importan os partidos políticos tanto como que os candidatos sexan illeiros", di Miguel Suárez, concelleiro do BNG.



A construción da ponte foi considerada polos illeiros como o paso para a segregación.

A. IGLESIAS

### Política diferente para illa e concello

A Illa está tan só a dous quilómetros de Vilanova, distancia que se cobre mediante unha ponte, dende 1985, e cuxa inauguración lembrará o entón presidente da Xunta, Xerardo Fernández Albor, que entrou na illa en coche e tivo que saír en barco xa que o automóbil foi apedreado polos viciños. A ponte, xunto cun bon alumado eléctrico, era unha vella reivindicación dos illeiros, que significaba o reforzamento da súa independencia.

"Antes, cando só podíamos ir ao continente en motora, tiñamos que pasar por Vilanova. Agora, no coche, xa non o necesitamos", indica Xoán Lois Otero. Para Miguel Suárez, a ponte só serviu para separar máis. Os illeiros saen no seu coche cara ao continente, sexa a Cambados ou a Vilagarcía, mais sen atravesar Vilanova.

A ruptura existente entre Illa e Vilanova é difícil de entender para unha persoa allea. "Calquer viciño pode constatar que, máis que existan dezasete concelleiros en Vilanova, faise dobrete diferenciando a vila e a illa. Por exemplo, hai unha persoa encargada de deportes para a illa e outra para o resto do concello e así sucesivamente. Os illeiros non teñen que vir pa-

ra nada ao concello", di o concelleiro do BNG, que é natural de Vilanova e imparte a docencia nunha escola da illa.

A política dobre nótase en moitos aspectos. Se os illeiros teñen a súa ponte, os de Vilanova teñen a ponte do Terrón. Se na illa hai un pavillón de deportes, en Vilanova hai outro. "Cremos que se están a xerar uns gastos innecesarios que se evitarían se nós xestionásemos os nosos recursos. Non se pode tirar os cartos facendo cousas por duplicado", di o presidente da asociación segregacionista. Miguel Suárez está de acordo en que os presupostos estarían

**Co antecedente de Burela a Xunta ten que dicir que si á segregación, pero tememos que a archive"**

mellor repartidos se a illa se convertira en concello propio. "Hai un mal reparto que está afectando ao resto das parroquias, que teñen moitas deficiencias", expón.

### O límite entre reivindicación e sentimento

Faber, un mozo da Illa, está na casa da Cultura atento a todos os detalles para que o Sábado sexa un día grande. Unha manifestación de viciños levará o expediente coas firmas ao concello de Vilanova. Xa lle confirmaron que *Os Heredeiros da Crus* actuarán na noite no macrocon-

certo que se celebrará para festexar o que nun futuro pode ser unha grande vitoria. O expediente pasará polo concello de Vilanova e polo Consello de Estado máis que ambas decisións non sexan vinculantes. A última palabra tena a Xunta.

"Temos a esperanza que, despois do de Burela, a Xunta dea unha resposta afirmativa á nosa reclamación. Como non o vai facer con 3.200 sinaturas? O único que tememos é que archive o expediente durante anos", di Xan Lois Otero.

Cando se lle pregunta se hai xenreira acumulada contra a xente de Vilanova, o presidente da Asociación para a Segregación di que non existe nada persoal. Pero ao mesmo tempo, recoñece que é moi raro atopar relacións persoais entre xente do concello e da illa. As relacións de dependencia propias de dúas vilas viciñas nen existen. O propio Xoan Lois recoñece que hai anos que non vai ao concello e que non sabe moi ben cales son as parroquias que o compoñen. En Vilanova, a opinión xeral da xente sobre a segregación é de indiferencia. "Son maiores de idade non? Pois que fagan o que queiran", di Xosé, un mozo vilanovés.

"Estamos ante dúas comunidades moi diferentes. Os illeiros vi-

ven nun mundo pechado, unidos entre si. Hai moita actividade mentres que Vilanova é unha vila moi estancada. En Vilanova, a xente adicase a traballos varios en tanto que na Illa todo o mundo vai á pesca e ao marisqueo. Houbo reivindicación segregacionista dende sempre e, en parte, polos distintos caracteres sociais das dúas viciñanzas", argumenta Miguel Suárez.

Xoán Lois Otero apela a necesidade de que a Illa teña un centro de decisións para o seu desenvolvemento. Cre que a politización do concello de Vilanova prexudica á Illa. "O día que entraron os partidos políticos na Illa, dividiuse toda a organización viciñal", di este illeiro que militou no PC e foi concelleiro independente polo PSOE.

A Asociación para a Segregación espera que o Sábado a maioría dos viciños acudan a Vilanova para apoiar a reivindicación. "Coas sinaturas debería bastar pero somos orgullosos e queremos que se constate diante de todos que de sexamos de verdade a independencia. Antes que nada, formamos unha unión viciñal e sabemos que pola vía política non se consegue nada", remata Xoan Lois Otero, aínda que saiba que, se algun día a Illa se converte no concello de Arousa, os partidos políticos entrarán no seu goberno. ♦

**"Non son maiores de idade? Pois que fagan o que queiran", din en Vilanova**



DEBATE DO ORZAMENTO

Orza declárase "razoabelmente optimista" pésie ao recorte nos investimentos

# A iniciativa privada non confía en Fraga e por iso non inviste, sinala a oposición

■ CARME VIDAL/COMPOSTELA

A importancia política do debate dos presupostos foi resaltada polo BNG e do PS de G-PSOE que acusaron ao PP de querer silencialo e reducir a súa transcendencia. Os grupos da oposición pediron unha maior transparencia no destino dos 790.000 millóns de pesetas previstos para 1995, habida conta do incremento dos fondos consignados a partidas de libre disposición e organismos que quedan á marxe do control parlamentar.

A oposición rebatou o discurso do conselleiro de Economía que afrontaba o ano económico cun "razoábel optimismo" e a declaración de "acadar un desenvolvemento harmónico e equilibrado entre os distintos sectores sociais e produtivos do noso país". Con estas intencións, Orza manifestaba que no proxecto dos presupostos se optou por un incremento dos gastos correntes que argumentou recorrendo ás consellerías de Educación e Sanidade e Servizos Sociais nas que a súa redución suporía a "disminución dos servizos de prestación social". Na súa intervención, Orza avogou pola autonomía financeira como "elemento de autogoberno que permita abordar co debido rigor o recurso ao endebedamento, deixando de ser este a única alternativa". No entanto, o conselleiro recoñeceu a centralización do modelo financeiro no que, segundo apuntou, só un 10% se recada con medios propios, provendo o resto da Administración Central e dos Fondos Estruturais da Unión Europea principalmente.

O deputado do BNG, Xesus Vega calificou de irreal o discurso de Orza e centrou a súa intervención na perda de peso nos presupostos dos sectores produtivos galegos, nomeadamente agricultura, industria e pesca. Vega apuntou que a liña económica seguida polo goberno "resulta letal para a nosa economía" e condena á Galiza a "unha situación de dependencia económica". Neste sentido, o deputado nacionalista



Xesús Vega (BNG) criticou a perda de peso dos sectores produtivos.

ANXO IGLESIAS

## Os gastos en publicidade e os de libre disposición lévanse un anaco grande do orzamento

Unha das críticas máis recorrentes da oposición ao proxecto de lei de presupostos foi o tildado de "partidista e clientelista" ao presentar un grande número de fondo que non teñen nengunha asignación vinculante. Xesus Vega relacionou os fondos de libre disposición coa proximidade das eleccións municipais, e así explicou que "o señor Cuiña teña 6.000 millóns de pesetas á súa disposición para que arranxe unhas cantas candidaturas".

O gasto en campañas de publicidade das consellerías foi asi-

mesmo obxecto de rexeitamento por parte do BNG e o PS de G-PSOE. Referíndose á consellería de Industria, Miguel Cortizo constatou que se gasta máis na edición de catro números da revista "Consumidores" (32 millóns) que en enerxías renovábeis (90 millóns) e cústalle máis á consellería unha publicación de información turística (90 millóns) que o apoio á artesanía galega (69 millóns). Neste sentido, Xesus Vega apuntou que "se poderían aforrar máis de mil millóns no gasto corrente con todo o que se destina a prensa e publicidade.

Os 207 millóns de pesetas adxudicados nun epígrafe de gastos diversos á Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta estivo tamén no punto de mira dos socialistas e nacionalistas. Suárez Canal propuxo reducir o orzamento da secretaria de Pérez Varela -que os dous grupos da oposición acusaron de "censuradora"- na que traballan 18 persoas, e o gabinete de Presidencia, con 47, que para o deputado nacionalista evidencian que "ao PP interésalle máis detentar o poder que gobernar". ♦

corresponsabilizou ao goberno de Fraga da ausencia de autonomía económica, habida conta de que aceptara o acordo de financiamento asinado no 1992, e puntualizou a Orza dicendo que nos presupostos "o principal medre dos fondos aportados procede do acordo da Sanidade e dos fondos da Unión Europea, quer dicir, os dous externos ao goberno da Xunta". Falou así do "rotundo fra-

caso de Fraga" á hora de dinamizar a economía por non conseguir sequer desenvolver un plano de investimentos da iniciativa privada "da que o PP é defensor" e non atraer capital de fora do Estado para Galiza.

### Endebedamento improcedente

En canto á redución dos investi-

mentos que Orza xustificaba á conta de non incrementar o endebedamento, o deputado nacionalista sinalou que o pago dos xuros da débeda contraída supoñen un montante equivalente a dúas veces o orzamento de Economía e Industria, e case tanto como o de Agricultura, sen iso significar calquer sorte de rentabilidade xa que se produce un "excesivo gasto en publicidade". Xesus Vega

asegurou que a crítica do BNG devén do seu uso improdutivo, xa que "o problema está en evitar que os ingresos da débeda sirvan para pagar as cargas financeiras e a súa propia amortización, estamos endebedando para pagar débedas anteriores".

Tamén o deputado socialista Miguel Cortizo se referiu ao endebedamento como unha "tapadeira" empregada por Orza para ocultar a cuestión principal que está, ao seu entender, "en que se gasta e como se gasta". Co fin de descubrir o "fraude social e económico" da Xunta, Cortizo apresentou na cámara un relatório de gastos que pasaban desde o aluguer de helicópteros a un prezo superior ao de compra até á adquisición de coches oficiais pasando pola publicidade, ou o aumento en gastos de persoal no que calificou de "política de afianzamento do PP e non de desenvolvemento de Galiza".

### Falta de investimentos

A oposición amosouse preocupada pola importante redución nas consellerías que teñen unha directa relación cos sectores produtivos, Xesus Vega criticou a minorización dos presupostos en Educación e Industria e sinalou que nesta última consellería o 37% dos investimentos están destinados ao centro de residuos industriais das Somozas, mentres que o 72% de Economía vai para construcións de edificios da Xunta.

O deputado do BNG Henrique Tello amosouse contrariado á tese de Orza da defensa dos servizos sociais, e sinalou que "basta botar unha ollada á rua para demostrar que non son do gosto dos cidadáns". Tello salientou o decrecemento de case un 16% dos investimentos para Cultura, que só acadou un 1,8% do total dos presupostos, ao tempo que denunciou o descenso dos investimentos en educación en 1.452 millóns mentres se incrementan as axudas ao ensino privado en 3.500.

O BNG defendeu tamén as transferencias de crédito á conta dos gastos de gabinete para a potenciación dos camiños de ferro e a creación de empresas mixtas para conformar redes de comercialización de produtos agrarios unha vez comprobado o fracaso dos programas de Galicia Calidade. ♦

## A TVG non o televisou en directo

Os grupos da oposición no Parlamento criticaron ao Partido Popular por tentar minimizar e silenciar o debate dos presupostos para a Comunidade Autónoma. Xosé Manuel Beiras denunciou en rolda de prensa ás poucas oportunidades que tiña a oposición de desenvolver unha análise profunda dos presupostos xa que o debate foi "decapitado nunha situación de miséria parlamentar" e referiuse á negativa do Consello de Administración

da RTVG á realización dun debate previo do goberno e os grupos parlamentares na televisión pública.

Miguel Cortizo destacou asimismo a transcendencia do debate, "trámite capita de toda democracia parlamentar", e lamentou que o grupo popular mostrase "grande empeño en ocultar as súas decisións políticas e se negase a que o debate fose retransmitido na TVG en directo, como se solicitara". ♦

## XUNTA DE GALICIA, TRANSPORTES URXENTES

M.V.

Unha boa parte dos orzamentos de 1994 dependen, como denunciou a oposición, dos fondos que proveñen da Unión Europea e dos estatais, vía acordo da sanidade.

A Xunta encarrégase de distribuír unha grande talle desta cantidade entre compañías, entes, sociedades anónimas, institutos e todo un enguedello de organismos semiprivados aos que non é doado seguir a pista. A máxima institución autonómica convértese así nun lugar de paso

ao que arriban os cartos públicos de organismos alleos, descansan breves días e continúan camiño até rematar na faltriqueira de non se sabe quen.

## Dentro de pouco en San Caetano non quedará máis que un contabel e un telefonista

Non se trata só, como di a oposición, de que o parlamento esteña a ser silenciado. É que dentro de pouco en San Caetano non quedará máis que un contabel e un telefonista. Agora se entende porque *Seur* é a única empresa instalada no polígono industrial de Cuiña en Lalín. ♦



# 7 DIAS

## ■ O PP de Ferrol contra Romai Beccaria

Os membros do Partido Popular de Ferrol, encabezados polo ex-conselleiro de Industria Xoán Fernández, queren denunciar ante o Valedor do Pobo ao presidente provincial do PP e conselleiro de Sanidade, Xosé Manuel Romai Beccaria. Este está a retrasar o congreso local, que elegería a un novo comité, dada a intención de Fernández de encabezar a lista electoral nas próximas municipais de Maio. A decisión está apoiada pola corporación municipal lucense e pola maior parte da militancia popular da cidade.

Pola súa parte, Romai Beccaria tenta manter a Blanco Rouco como cabeza da lista municipal. En caso de que isto se mantivera, os militantes do PP lucense están dispostos a unha ruptura local do partido xa que apoiarían a candidatura independente de Xoan Fernández. ♦

## ■ O Comité de Rexións presiona para reformar o Tratado de Maastricht

O pasado Martes, a reunión do Comité das Rexións de Europa demandou da Unión Europea a clarificación do papel que xogan os entes non estatais, sexan municipios, comunidades autónomas, lander etc. O presidente da Xunta, Manuel Fraga que se integrou na comisión de Asuntos Institucionais, considera que debe definirse con maior precisión o concepto de "subsidiariedade". Tanto Fraga como os outros membros da comisión pediron que a subsidiariedade non se limite só ás relacións estados-UE, senón que se extenda aos entes non estatais, como as comunidades autónomas. ♦

## ■ A muller pode separarse con ser agredida só unha vez

Unha sentenza recente do Tribunal Supremo sinala que só unha agresión física á muller é causa de abondo para que se lle conceda á separación matrimonial. O caso que propiciou esta resolución foi o dunha muller de Murcia que sufriu maltratos do seu home por chegar tarde a casa e que lle ocasionaron lesións que tardaron en curar dous días. A Audiencia Provincial desestimou a súa petición de separarse por considerar que unha soa



malleira non significa desafecto conxugal. O Supremo anulou esta sentenza e sinalou que a convivencia forzada pode provocar novos maltratos. ♦

## ■ Queixas pola situación inestábel dos inmigrantes na Galiza

CCOO, UGT, CIG, Sos-Racismo e outras asociacións organizan en Vigo unha mobilización para o

dia 25 na que se reclamarán os dereitos dos inmigrantes. Estes colectivos protestan por casos como a denegación de permisos a uns nenos para convivir cos seus pais extranxeiros por parte do Goberno Civil da Coruña ou pola interrupción do tratamento psiquiátrico que un marroquí seguía en Santiago. O colectivo de inmigrantes solicita a integración social. Pola súa parte, CCOO asegura que a situación que viven os inmigrantes provoca que se agachen e que non se saiba nada deles ou que sexan explotados no terreo laboral. ♦

## ■ Mobilizacións dos alumnos do campus de Pontevedra

Os alumnos das facultades de Belas Artes, EXB, Forestais, Publicidade e da Escola de Restauración, do campus de Pontevedra, manifestaron as súas queixas ante as deficiencias de infraestruturas dende que comezou o curso universitario. Aos estudantes de Belas Artes, en folga forzosa dende hai dous meses por non ter instalacións, uníronse o resto dos estudantes do campus nunha protesta ante a Xunta en Santiago o Martes.

Todos se queixan das vellas instalacións nas que deben convivir alumnos de Forestais cos de Maxistério, da caréncia dun edificio para os de Publicidade e do retraso das obras do cuartel de San Fernando para os de Belas Artes. Estes últimos, que ven como única opción de saída ir a estudar fóra de Galiza, portaban, na manifestación, caretas de Xulio Iglesias en alusión aos trescentos millóns que cobrou da Xunta por ser embaixador do Xacobeo.

Os alumnos do campus pontevedrés organizan un magosto para o Xoves 18 na Praza da Pedreira en Pontevedra coa intención de reivindicar un ensino de calidade. Invitan a todos os que queiran a participar no magosto, onde haberá gaiteiros, castañas e viño. ♦



ANDRÉS PANARO

## ■ Atopadas oitocentas botellas de ribeiro falsas

Máia que Manuel Vázquez Pérez, propietario de Bodegas Arnoia e Caves Fin de Siglo, relacionadas co fraude do ribeiro, sinalaba a pasada semana que a falsificación podía non ter unha grande magnitude (A Nosa Terra 647), nesta semana Consumo interceptou oitocentas botellas con etiquetas falsas en establecementos comerciais. A maioría das botellas con contraetiquetas falsas atopáronse en Ourense e pertencen á adega Caves Fin de Siglo. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo dá por concluída a investigación e remite todos os expedientes ao Xulgado número 3 de Ourense.

Pola súa parte, a empresa Caves Fin de Siglo pediu a baixa na denominación de orixe O Ribeiro, mentres non se resolva o estudo do expediente. ♦

## ■ O SLG di que continúan as importacións de leite

O Sindicato Labrego Galego detectou a entrada de cinco camiós portugueses, cargados con máis de 200.000 litros de leite, na fábrica Arjeriz de Lugo, que forma parte do grupo Larsa. O SLG advirte que a leite segue a vir de Francia e a comercializarse baixo a marca Vega de Oro. Segundo Xabier Gómez, coordinador do sector lácteo do SLG, a utilización de Portugal como vía de entrada a Galiza ten a intención de dificultar que os sindicatos descubran as importacións. ♦

## ■ Nova folga xeral en Italia contra o goberno Berlusconi

Despois de que millón e medio de italianos manifestáranse o pasado Sábado en Roma contra a política de Silvio Berlusconi, as tres centrais sindicais maioritarias convocaron unha folga xeral de oito horas para o próximo 2 de Decembro. O motivo exposto é a aprobación da reforma das pensións que supón un recorte destas e un aumento da idade de xubilación.

Os grupos da oposición tamén anunciaron medidas de protesta para o día da folga contra Berlusconi. Unha delas é boicotear ao xefe do goberno no Parlamento, emitindo simultaneamente todos os grupos os seus discursos. ♦

## ■ Folga xeral dos traballadores do sector naval de Vigo

Representantes dos sindicatos UGT, CCOO e CIG anunciaron a convocatoria de folga para os traballadores dos estaleiros vigueses. O paro está previsto para o vindeiro 29, Martes, e coincide coa visita a Vigo do rei Juan Carlos. Os traballadores reclaman a fin da regulación de emprego e solicitan carga de traballo estábel. ♦

## ■ Os empresarios do transporte chegan a un acordo con Educación

A incerta situación do transporte escolar na Galiza pode esclarecerse se chegan a bó fin os contactos entre a Consellería de Educación e os empresarios. A retirada do concurso de contratos de transporte escolar supón a aceptación da reestructuración do sistema por parte das actuais concesionarias. Esta reforma supón unhas novas tarifas e o incremento de servizos por menor número de vehículos. ♦

## ■ Un funcionario do INSS comete un fraude de 34 millóns

Xosé Manuel Castro, auxiliar administrativo do INSS, está sendo investigado por manipular durante tres anos documentacións relativas a xubilados e pensionistas que lle reportaron máis de trinta e catro millóns de pesetas. O funcionario creaba pensionistas ficticios e, incluso aproveitaba algun falecemento, para despois abrir contas nas que se ingresaban as pensións, cobrándoas el como autorizado. O fraude descubriuse polas reclamacións feitas por un pensionista dende Rio de Janeiro que revelaron que un cheque por máis de un millón de pesetas se ingresara nunha conta aberta por Xosé Manuel Castro nunha entidade ourensá. O funcionario, que xa estivera na cadea oito meses por un delito de estafa e falsidade, é irmán do parlamentario do PP Roberto Castro. ♦

## ■ O sorteo da mili reforza a postura dos insubmisos

Hoxe, miles de mozos de todo Estado saberán onde teñen que cumprir o servizo militar. Mentres, na Galiza, succédense os movementos de apoio aos insubmisos. En Santiago, a concentración semanal no Toural, que xa se organizou o pasado ano, esixe o dereito a non facer a mili e a liberdade para os insubmisos presos. Neste momento, hai tres mozos na cadea en Galiza por negarse a facer o servizo militar ou a Prestación Social Substitutoria: Ernesto López, Cesar Martínez e Cesar Aguiño. A súa situación é a do terceiro grao, é dicir, durmir todos os días no cárcere agás as fins de semana.

O número de obxectores descende mentres o número de insubmisos sube, na Galiza como en todo o Estado. Cincuenta deles mantéñen unha folga de fame dende hai dezoito días. A Oficina do Defensor do Soldado denunciou que se está a admitir no servizo militar a mozos con serios problemas de saúde como a sordera ou a toxicomania. Así mesmo, tamén denuncia os abusos que se cometen cos mozos que fan a mili. ♦

## ■ Mario Conde acusado formalmente pola Audiencia Nacional

A Fiscalía da Audiencia Nacional apresentou unha querrela contra Mario Conde e outros nove ex altos cargos de Banesto polos delitos de falsidade en documentos, apropiación indebida e maquinación para alterar o prezo das cousas. A venda de activos de Banesto a outras empresas das que eran accionistas os directivos da entidade bancaria podería afectar á empresa Carburios Metálicos, cuxa xestión nunca estivo clara aínda que fora louvada pola Xunta de Galiza. ♦



# GALIZA E MUNDO

## CORRUPCIÓN URBANÍSTICA

Divididos sobre a conveniencia de levar ao xulgado a denuncia pública de extorsións

# Os promotores de vivendas de Vigo tentaron culpabilizar ao goberno municipal

■ A.EIRÉ

Os empresarios da construción tentaron culpabilizar ao goberno municipal de Vigo e ao PXOU das extorsións que fixeran públicas os promotores inmobiliarios no comunicado redactado ao remate da I Reunión do Sector da Construción de Vigo. O concello acordou trasladarlle ao fiscal as denuncias aparecidas e instar aos promotores a que presenten estas denuncias no xulgado. A comenencia de facelo ou non está a dividir a esta asociación.

A Asociación de Promotores Inmobiliarios (Apron) está dividida sobre o camiño a seguir no caso das denuncias de extorsión a empresarios da construción. Mentres unha parte da directiva pretende esquecer a denuncia pública que realizaron, outros consideran que hai que atopar polo menos a alguén que realice unha denuncia contra Eduardo Canabal para salvar a situación e por temor a verse implicados se o fiscal da Audiencia Provincial comeza o trámite coa documentación que lle remitiu o concello.

Un membro desta asociación manifestou a *A Nosa Terra* que "nós non pretendiamos que o caso das extorsións chegase a luz pública. Foi incluído na orde do día da reunión ante a denuncia dun asociado. Logo este papel chegou ás mans dun xornalista veciño dun dos membros e aí comezou todo". Nun primeiro momento o mesmo presidente de APRON, Félix Piñón, deu a entender que esa denuncia non era asumida por toda a organización, por máis que partise do xerente Miguel Font.

Así, os comentarios que desde hai anos se viñan escoitando en círculos empresariais e das propias dependencias municipais, sobre unha rede de extorsión aos constructores, tiveron eco nas páxinas do *Faro de Vigo*. O propio concello afirma que estaba investigando esta trama e que a denuncia pública o que fixo foi



**Miguel Font:** Funcionario municipal. Todopoderoso no eido urbanístico con Manuel Soto de alcalde. Pediu a excedencia e exerce na actualidade de xerente de APRON, que realizou as acusacións de extorsión. Discutiú recentemente no concello con Canabal.

**Eduardo Canabal.** Presentou 57 expedientes urbanísticos e recursos ás actuacións máis importantes do urbanismo vigués, segundo fontes do concello. Recoñece que está a presentar recursos e que o seguirá a facer, así como que recibe financiación para este cometido (*Faro de Vigo* 15 de Novembro). Realiza proxectos de calefacción, máis o seu despacho está cheo de expedientes urbanísticos. Omnipresente na casa consistorial, visitando principalmente a sé do PP e na pasada lexislatura tamén a de EG. Véselle frecuentemente co concelleiro do PP Abelardo Pardo e algúns funcionarios. Algunhas das súas alegacións levan o inserto de "o funcionario que suscribe".

desbaratar a conclusión das pesquisas que irían encamiñadas á suposta extorsión da promotora do edificio *Ifer*, despois dun acordo da empresa co *Club Financiero*, do que é coordinador o dirixente socialista Xesús Bahillo.

Por outra banda, un constructor vigués recoñecía en declara-

## Quen é quen?

No caso das extorsións saíron a relucir algúns nomes cuxa semblanza reproducimos a continuación sen que isto signifique acusación algunha de implicación.

**Abelardo Pardo:** Funcionario municipal hai máis de 25 anos, agora en excedencia. Concelleiro do PP. Foi o responsable de urbanismo deste partido. Deixou de selo e perdeu protagonismo no grupo a raíz da denuncia do chamado *Caso Proneiras*.

**Manuel Alvite:** Ex concelleiro incorporado á equipa de Manuel Soto. Reclamáballo aos seus sócios Abelardo Pardo, Xosé Manuel Moreno e Xosé Rodríguez diñeiro pola actuación urbanística en *Proneiras*. Foi á xustiza e o fiscal solicita o sobresaímento do caso.

**Xosé Manuel Moreno:** Aparellador Municipal. Relegado do departamento de Obras ao de Tráfico a raíz do caso *Proneiras*. O expediente non está pechado.

**Xosé Rodríguez.** Expedientado a raíz do caso *Proneiras*. Foi ascendido a xefe de unidade de persoal, no que se considera unha "patada cara arriba".

**Xúlio Platero:** Advogado. Recoñécese como redactor da maioría dos recursos urbanísticos. Afirmou en *Faro de Vigo* que "hai un concelleiro implicado até as cellas". Implicou tamén nas súas declaracións a funcionarios e a Canabal, así como a Pablo Padín.

**Pablo Padín:** Ex concelleiro. Está a propiciar unha candidatura para ás municipais no barrio de Teis. Forma parte da Asociación de Comerciantes. Opúxose á instalación de Continente. Implicado por Xúlio Platero de ser o financiador dalgúns recursos, como o deste centro comercial. ♦

cionaron no seu momento? Agora non saben o que facer. Se isto segue adiante e se desata a guerra entre os dous bandos operantes vai cair moita xente".

## Reunión do sector da construción

Ante o impacto que tivo na opi-

nión pública a denuncia realizada polos promotores de vivendas, convocouse unha reunión do sector da construción vigués, á que asistiron as diversas asociacións operantes no ramo, colexios e sindicatos. No borrador redactado culpábase directamente ao goberno municipal da existencia desta rede de extorsión e a "un PXOU que contén indeterminacións, incongruencias e ambigüidades que o fan inaplicable como obxecto de materia regulada", como primeiro punto.

No segundo apartado atacábase directamente ao goberno municipal "con parágrafos textuais iguais aos empregados polo portavoz do PP, Manuel Pérez", segundo unha persoa que tivo acceso a este borrador. A posición do representante da CIG e do Coléxio de Arquitectos dulcificou as críticas, pero aínda así afirmouse que "a disparidade de criterios da Corporación Municipal en materia de urbanismo, incide negativamente á hora de tomar decisións por parte da equipa de goberno, o que propicia preocupantes contradicións".

Desde o concello mostran a súa sorpresa por esta postura dos promotores, por canto "que o PXOU fora consensuado é a mellor garantía, e porque o propio Félix Piñón, o presidente de APRON, estivo na comisión que redactou o plano". Tamén se pon de manifesto desde as instancias municipais "como medrou nos últimos dous anos a construción en Vigo, outra cousa é que os pisos non se vendan a causa da crise".

Representantes veciñais consideran que "os promotores están aproveitando agora a situación para tentar non só atacar ao PXOU, senón conseguir total inmunidade nas súas actuacións. De aquí para adiante vai parecer que os que presentemos alegacións nos movemos por intereses ocultos. O que teñen que facer e presentar no Xulgado as denuncias e deixar de tentar pescar, como fixeron sempre, en augas revoltas. Se os veciños de Castrelos tamén se queixan de que se "dea a coincidencia de que nas fotos apareza sempre o edificio paralizado en Castrelos por sentenza do Tribunal a recurso noso e que, precisamente, os promotores mostren a *sua preocupación* por esta paralización". ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

**Consello de Administración.** Presidente: Francisco Carballo. Vicepresidente: Xaquín Acosta. **Conselheiro Delegado:** Xosé Fernández Puga. **Vogais:** Francisco Torrente, Cesáreo Sánchez, Alberto Ansedo, Xosé M<sup>o</sup> Dobarro e Manuel Veiga. **Secretario:** Xan Piñeiro.

**Director:** Alfonso Eiré López

**Redacción:** Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horacio Vixande, Anxo Iglesias (fotografía).

**Correspondentes:** Ricardo Sandoval e Merche Vázquez (A Coruña), Xavier López (Compostela), Carme Carballo (Ourense), Carme Vidal (Pontevedra), H. Sanfiz (Ferrol), F. Arizado (Lugo), X. Castro Ratoñ (Vilagarcía), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Orlegall), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigal (Barbanza), Manoel Bello (A Montaña), Manuel Díaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacion (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Manuel

Pan (Bergantiños), Daniel Lázara, Pepe Rei (Euskadi), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugoña (Asturias), Begoña Mota (Alemaña), Gonçalo Nuno (Porto), **Axenda:** Iago Luca.

**Colaboradores:** Paula Castro, Arantxa Estévez, Manuel Vilar, Xosé Cid Cabido, Pilar Piñeiro, María Alonso, Viki Costas, Avelina Barreiro, Lino Braxe, Primitivo Carbajo, X.C. Garrido Couceiro, Narina S. Castroviejo, Anxos Salgado, Amanda Álvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gacibo, Xurxo Estévez, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mella, César Varela, X. Fernández Mateo, Antonio Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña. **Internacional:** Xúlio Ríos, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú. **Literatura:** Xesús González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. **Música:** Xoán M. Estévez;

Xico Peña, Xoán Manuel Carrreira, Óscar Losada. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova. **Cinema e Televisión:** Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. **Arquitectura:** Práximo Lizancos. **Historia:** Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesús Torres Regueiro.

**Fotografía:** Carlos Puga, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Delmi Álvarez, Voz Noticias, El Progreso. **Ilustración:** Xosé Lois, Pepe Carreira, Carlos Silvar, Gonzalo, Xúlio Gaioso, Tokio, Hermida, P. Núñez, Manel.

**Corrección lingüística:** Fernando Carballa.

**Deseño Gráfico e Montaxe:** Xoselo Taboada.

**Administración:** Blanca Costas.

**Publicidade:** Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreira.

**Subscripcións:** Carlos Martínez Muñoz.

**Redacción e Administración:** Rua do Príncipe, 22, planta baixa (36202 Vigo). Apartado postal 1371.

**Telefonos:** Administración, Subscripcións e Publicidade (986) 43 38 30<sup>o</sup>. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

**Imprenta:** E.C. C-3 1958.

**Depósito Legal:** C-963-1977

**ISSN** 02-13-3105

Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se citar procedencia.



## CARLOS VALES E O PP

MANUEL DA CAL VASQUEZ

Começarei a minha análise pela segunda parte do binómio que dá título a este escrito: O P.P., quem é o Partido Popular? Nesta altura já se deveria saber quem é o PP, quando menos por aquelas pessoas que teoricamente configuram a consciência crítica deste País, mas parece que não é assim. Deveria-se ter claro, a estas alturas, que este é um partido de extrema-dereita; quer pelos interesses económicos, sociais e de classe que defende (oligarquia transnacional), quer pela sua prática diária, que aqui na Galiza se concreta em: de uma parte, emascarar-se, para fora, tras um populismo folclorizante (monte do Faro), e já se sabe que o populismo é o primeiro passo para o totalitarismo; e de outra, em agir com mão de ferro, mas cuberta com luva de veludo, já que quase todos os dias assistimos a actos de repressão física, senão que lho perguntem às pessoas que formam parte em Lugo da Plataforma em Defesa do Minho, e em concreto ao companheiro Vispo, assim como ao sequestro, censura e esmagamento da chamada "sociedade civil", nomeadamente: Parlamento, imprensa, movimentos sociais de base não controlados pelo poder.

Centrarei-me agora em analisar as posições que defende o Pp a respeito do Parque Natural das Fragas do Eume. Se concordamos em que o Partido Popular é o que acabo de dizer, haverá, então que observar com esta perspectiva os interesses que encobre quando põe toda a carne na grelha para defender este parque. Por que o defende, então? Ao meu entender pelas seguintes razões:

1ª.- Porque impondo dito Plano (Plano de Recursos Naturais das Fragas do Eume) conseguirá eliminar a produção agrícola que se gerna nesta zona, objectivo prioritário da Política Agrária Comum (PAC) e da política defendida pela oligarquia mundial (GATT, FMI, BM,...).

2ª.- Porque este instrumento sever para implantar as quotas do leite, coisa que até o de agora não conseguiram. Repare-se no informe elaborado pela Conselheira de Agricultura, Pecuária e Montes para ser usado pelo pseudo-sindicato "Xovenes

Agricultores (XX.AA.)" e que foi publicado pelos jornais do Domingo 30 de Outubro, onde se nos informa que o número de explorações afectadas é de 1.080, com um censo vacum de 9.419 cabeças o que vem sendo uma produção aproximada de 42 milhões e meio de litros de leite ao ano. Isto não o digo eu, dim-no eles próprios.

3ª.- Porque deste jeito se eliminam explorações agrárias. Este ponto é consequência dos dois pontos anteriores. Ao eliminar explorações encaminha-se a gente para a marginalização social e económica, e quem não ature esta situação fugirá. Propicia-se deste jeito a dependência das esmolas e a desertização, como já está a acontecer com muitas zonas de Ourense e de Lugo; ao não haver actividade económica e em consequência perspectivas de futuro, a gente vai-se embora.

4ª.- Porque este Plano vai servir para aplicar a segunda parte da PAC, que consiste na distribuição das esmolas europeas entre a povoação que previamente se contribuiu a marginalizar. Esmolas, como os planos Leader, as ajudas ao artesanato, ao turismo rural e muitas outras, sempre controladas para o seu repartição pela estrutura rural da Opus Dei (IDCs, Escolas Familiares Agrárias...). O que não se sabe é até quando vão durar estas ajudas, porque já se escutam vozes desde os USA pedindo a sua imediata desparição.

Passarei agora intentar analisar a segunda parte do binómio do encabeçamento. Deterei-me nas posições defendidas por Carlos Vales.

Este senhor parte da posição de defender o parque resolutamente, porque parece ser que os parques naturais são bons

por natureza divina. Neste sentido recomendo-lhe ler o artigo de Miguel Delibes (Director da Estação Biológica de Donhanna) aparecido na revista "Ecosistemas" numero 8 do 1º trimestre de 1994, ali lem-se frases como: "há que desparquear os parques e parquerizar o resto da natureza", frase da que ele se faz eco, mas que foi pronunciada por outro perito na matéria, ou como: "os parques entendidos como linhas, por ben gestionadas que estejam, por muitos recursos que se envistan neles, nao podem garantir a conservação dos valores que os fizerom merecedores de tal protecção" e acrescenta a seguir que "resulta evidente que as medidas de conservação são mais eficaces cando se apoiam em actividades p're-existentes (como a agricultura, a caça, ou a pecuária) que quando se intenta impulsar quase sempre por peritos foráneos, vias diferentes de desenvolvimento, a miudo em contradicção com as tradicionais e pouco comprometidas com os habitantes locais".

Mas, que é o que se passa neste caso? Passa precisamente tudo o contrário do que di o senhor Delibes, resulta que uma série de experimentados tecnocratas, á velha usança dos López de Letona ou López Rodo, juntanse e parem um Plano de costas dos habitantes da zona, e como ficam muito orgulhosos do seu engendro intentam-lho impor á força.

Diz Carlos Vales no seu artigo aparecido no número 644 de "A Nosa Terra" que "o plano, a pesar dos seus defeitos é um documento negociado", mas eu pergunto-me, com quem?, com os labregos e labregas da zona a quem se tem tachado de desinformados e ignorantes e em consequência terreno adubado para a manipu-

lação política e sindical. Só el/eles, os entendidos, os experimentados, em definitiva os tecnocratas estão em condições de sentar escola e negociar, os demais que permaneçam de espectadores mudos.

Propõe também a criação de uma equipa de coordenação formada entre os concelhos, Diputação, conselheiras,... mas es-quece-se, de novo, a intencionadamente dos labregos e labregas representados pelas suas organizações, os sindicatos agrários.

Nesse mesmo artigo podem-se ler frases como "Nós cuidamos que xustamente..." ou "Porém, pensamos que..." e também "ninguém havia de assumir o esforço de redigir um documento novo", e eu pergunto quem compõe essa pluralidade dos "nós" e dos "pensamos", será ele e os do PP através dos seus peritos da Direcção Geral de Montes e Meio Ambiente Natural?, e quem participou na elaboração deste Plano?

Outra posição defendida por quase todo o mundo é que com uma "política de incentivos para orientar e fazer compatíveis as actividades" já se solucionaria o problema. Creio que lendo as citas anteriores do artigo de Miguel Delibes esta argumentação cai pelo seu próprio peso. A solução não passa por comprar á povoação afectada, não está nas ajudas, senão na defesa das nosas capacidades produtivas.

Outro ponto no que parece que há consenso é em ocultar a presença da Central Térmica, de As Pontes, fonte de contaminação não apenas a nível comarcal senão também continental (lembrar-se das protestas das autoridades británicas e da tese de doutoramento de Ramon Varela). Portanto, não se podem defender posições ecologistas sem atacar uma das fontes de contaminação da zona como passo prévio haverá que começar por exigir aos responsáveis deste empresa, dependente do INI, a aplicação de medidas anti-contaminantes para despois falar já a sério sobre medidas proteccionistas.

Há que ter em conta que o artigo do senhor Vales é feito para contestar as posições defendidas pelo SLG e o BNG, chegando incluso a tergiversar as posições do Bloque, mas em nenhum momento questiona as posições defendidas por Fraga Iribarne, o PP e a Conselheira de Agricultura. Assumindo a defesa destas posições está-lhe a fazer o jogo aos interesses das multinacionais e contribuindo a fazer aparecer como progressistas e ecologistas a quem em realidade são os representantes organizados da extrema direita (PP e XXAA).

É a Conselheira quem subsidia a plantação de eucaliptos, quem acomete as concentrações parcelares destrutivas, o último exemplo temo-lo na Límia, e é a Junta quem mantém aberto o complexo de ENCE-ELNOSA de Lourizán. Com estes dados, a que vem esse empenho louco por impor este parque. Haverá que reflectir.

A alternativa passa pelo diálogo, pela amplitude de visão e pela defesa de uma nova política agro-rural mais respeitosa com a natureza e que não prejudique sempre aos mais pobres e desprotegidos. Só um dado, em Holanda aplicam-se umas 300 Unidades de Fertilização de "Azoto por hectare enquanto que na Galiza a média é de 30 unidades; isto faz-me lembrar o conflito das voltantas: a limitação está por baixo e não por cima. Dentro deste quadro haverá que contemplar a preservação dos espaços especialmente sensíveis.♦

MANUEL DA CAL é membro do S.L.G.

AS CERAMICAS DO  
CASTRO E AS DE  
SARGADELOS  
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS,  
AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O  
LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS



## CONFLICTOS NOS CONCELLOS

O popular Neira Rodríguez governa un concello co estilo dos vellos tempos

## 'Foz é meu!'

■ HORACIO VIXANDE

A prepotencia, o insulto, a ameaza e mesmo a agresión forman parte da tarxeta de visita do alcalde de Foz, Manuel María Neira Rodríguez, un home que ascendeu de recadador municipal á alcaldía co apoio dos sectores máis duros dun concello no que a especulación urbanística, por unha banda, e o autoritarismo, pola outra, son moeda común.

Un dos escándalos do goberno Neira foi a desaparición de 11 millóns de pesetas do departamento de recadación. Tres deles foron subtraídos por un funcionario interino, pero dos demais nada se sabe. O Alcalde dixerá que nunca cobrara através de intervención, pero hai documentos que indican o contrario, sábese que recibiu 889.000 pesetas por este conduto e outras 810.000 sen xustificar. Este comportamento é irregular, porque o organismo encargado dos pagamentos é tesourería. Neira, como ex recadador municipal tiña coñecemento da canle legal para cobrar.

"O alcalde tiña moito que ocultar. Actuou ou ben como cómplice, pois o propio Neira está implicado en cobros inxustificables, ou ben como encobridor de probábeis fraudes, desfalcamentos ou delitos de apropiación indebida, e mesmo dunha posíbel malversación de fondos públicos", afirmaba un número esp-

cial do voceiro do BNG de Foz.

O asunto da recadación en Foz comezou a saír á luz en Xaneiro deste ano. O 21 de Febreiro o PSOE preguntou en pleno polos desfases da recadación. A secretaría informou sobre a situación oficialmente o 21 de Xullo e o 1 de Agosto, a petición da oposición, o alcalde tivo que dar conta do desfalcado. Agora o caso está nas mans dos tribunais. Neira non quer falar do asunto e negouse a constituir unha comisión de investigación.

O alcalde popular de Foz, Manuel María Neira Rodríguez, foi un dos que votou a prol das mocions pola autodeterminación que chegaron a moitos concellos galegos. Daquela a proposta fora presentada polo concelleiro da Convergencia Nacionalista Galega. Ante a anunciada presión do alcalde de facer que o seu grupo votase a favor, o Bloque Nacionalista Galego incluíu algunhas emendas que fixeron do texto unha verdadeira declaración independentista. "Se che-



gan a ler no PP de Madrid o que aprobou Neira bótanno do partido", bromeaba Xoaquín Moreda Pintos, concelleiro do BNG, que explicaba o fervor independentis-

**Manuel Neira cobrou 1,7 millóns através de recadación, un organismo no que desapareceron 11 millóns.**

Tanto Xoaquín Moreda Pintos, do BNG (á esquerda), como Xosé M<sup>a</sup> García Rivera do PSOE, foron insultados repetidamente polo alcalde.



ta de Neira porque quería "camelar" ao concelleiro da CNG e facerse coa maioría absoluta no concello. O obxectivo non puido ser cumprido e Neira, que fora eleito alcalde en 1991, continuou á busca dun novo concelleiro.

Algun tempo despois un concelleiro do PSOE pasou ao grupo misto, ao tempo que a súa muller era contratada por un organismo municipal. Hoxe Neira disfruta dunha cómoda maioría que lle permitiu botar abaixo un Plano Xeral de Ordenación Urbana que estaba a pi-

ques de ser aprobado e contra o que estaban algúns sectores da construción especulativa, aínda que unha boa parte dos promotores non están por eses modos.

## Insultos, agresións, ameazas

"O alcalde ten comportamentos que atentan contra a liberdade de expresión. Nos plenos é habitual que se comporte de xeito dictatorial sen respectar os nosos dereitos. Como persoa é denigrante que te chamen subnormal ou insultos na mesma liña, e el faino", denunciaba o portavoz do PSOE, Xosé María García Rivera.

Tanto o portavoz socialista como o do BNG foron insultados en comisión e pleno en máis de unha ocasión e é habitual que o alcalde expulse dos plenos e das comisións aos concelleiros da oposición que fagan preguntas inoportunas.

Unha noite de Sábado de Agosto de 1992, Xoaquín Moreda, concelleiro do BNG, descubriu que o concello estaba a extraer area dunha praia da localidade sen a debida licéncia. A presenza de Moreda cunha cámara de fotografías foi comunicada ao alcalde, que se foi á praia, rompeu a cámara de Moreda e agrediu á súa compañeira. As probas desaparecieron do xulgado.

En Agosto de 1993 nunha comisión informativa, onde se dilucidaban cuestións relacionadas co Plano Xeral, Neira ameazou con tirar pola ventá a Xoaquín Moreda. A ameaza foi recollida na acta pola secretaría, pero Neira sequestrou e non asinou a acta. ♦

Un xornalista de *A Nosa Terra* ameazado e conducido ao cuartelillo  
**'A ese metédeo un par de días no calabozo'**

Do talante de Manuel María Neira Rodríguez, alcalde de Foz, tivo constancia o xornalista de *A Nosa Terra*, Horacio Vixande. A tentativa de entrevistalo deu lugar a un incidente que rematou no cuartel da Garda Civil.

Pasaban quince minutos das nove da noite cando rematou unha reunión de todos os grupos da corporación na que se abordara o Plano Xeral de Ordenación Urbana. Cando os concelleiros estaban a abandonar a reunión, o xornalista, despois de identificarse, intentou falar co alcalde, sen obter resposta. En tres ocasións dirixiuse a Neira para interesarse polo paradeiro de once millóns do departamento de recadación do concello de Foz, cuxa desaparición tiña denunciado a propia secretaría municipal. O alcalde fixo caso omiso do xornalista. Posteriormente, e xa na rua, o redactor de *A Nosa Terra* fotografíou ao alcalde no momento en que este subía ao seu automóbil, un Mercedes. Esta actitude provocou as iras

do mandatario municipal que bloqueou co seu vehículo o Seat Marbella do xornalista situado un pouco máis adiante. O alcalde, despois de ameazar ao redactor, pediulle o carrete de fotos e, ao non serlle entregado, demandou en voz alta a presenza da policía.

Minutos despois chegaría ao lugar do suceso a Garda Civil. Ante a mesma, o alcalde acusou ao xornalista de ter entrado

**'Entrou con alevosía e nocturnidade no concello, sacoume unha foto e chamoume fillo de puta', dixo o alcalde á Garda Civil'**

"con alevosía e nocturnidade no concello". "Sacoume unha foto e chamoume fillo de puta", dixo tamén e anunciou a súa intención de presentar denuncia contra Horacio Vixande.

No Cuartel, o alcalde Neira repetiu a súa versión e dixo que o xornalista estaba "desequilibrado". Tamén recoñeceu que bloqueara o seu coche "para impedir a fuxida". O máximo mandatario municipal dirixiuse tamén a un cabo coas seguintes palabras: "a este metédeo un par de días no calabozo", conforme insistía en que lle fose entregado o carrete fotográfico.

Pasados uns minutos un garda civil informou ao xornalista de que non había presentada ningunha denuncia contra el, prestándose unha patrulla do corpo a acompañalo até o seu vehículo. Pasaban das dez da noite. O redactor de *A Nosa Terra* non entregou en ningún momento o seu carrete, sendo a fotografía que deu pe a esta polémica a que ilustra esta reportaxe. ♦



Manuel María Neira Rodríguez, alcalde de Foz, ameazou a un xornalista de *A Nosa Terra* por tomar esta foto.



CONFLITOS LABORAIS

# Sete traballadores sostiveron unha folga de fame de 21 días A Deputación tivo que readmitir aos despedidos do Hospital Provincial

■ C. VIDAL/ PONTEVEDRA

O acordo asinado entre o xerente dos centros sanitarios Rebullón e Hospital Provincial de Pontevedra cos representantes sindicais puxo fin á folga de fame que durante 21 días mantiveron seis traballadores do Hospital en protesta por sete despedidos que consideraban improcedentes.

Mediante o acordo estabéllese para as tres traballadoras que presentaran reclamación que, en canto o Xulgado do Social dicte unha sentenza favorábel mantéran o mesmo posto de traballo que tiñan antes do despido.

A protesta promovida por Comisiones Obreiras, deu comezo ao ser despedidos sete traballadores que tiñan un contrato dunha duración que se prolongaba até a reincorporación da persoa que estiveron substituindo ou até a

sua xubilación, tendo a posibilidade de pasar de laborais a fixos. Segundo Xosé Luis Garcia Pedrosa (CCOO) este tipo de contratos van "contra os intereses do Sergas xa que prefiren ter persoal en precario que é máis rendábel e co novo sistema sería a Fundación que xestiona o centro a que contrataría co convenio de sanidade privada".

A proposta do xerente dos dous centros da provincia de Pontevedra dependentes da Deputación consiste en que as sete prazas vacantes serán cubertas interinamente, de xeito que na convocatória vanse ter en conta os puntos por experiencia laboral e tempo no posto de traballo.

O conflito xurdiu ao considerar a xerencia do Hospital que eran ceses o que as traballadoras do centro consideraban despedidos improcedentes. Dos sete traballadores despedidos, as tres mulleres que se puxeron en folga de fame denunciaron o caso ante o Xulgado do Social mentres que os outros catro non fixeron a reclamación polo que perderon dereitos para a incor-

poración ao seu anterior posto de traballo.

Á mobilización sumáronse tres representantes de CCOO que seguiron a folga de fame até que o martes se lle puxo fin cun acordo que consideran aceptábel xa que, segundo manifestaron fontes deste sindicato "desde o principio o que pretendimos era que se considerasen despedidos improcedentes que é o que se está a facer coa sinatura deste acordo". Nos últimos días unha das traballadoras tivo que ser hospitalizada e os seus compañeiros comezaban a mostrar signos de desidratación.

Garcia Pedrosa manifestou que esta medida de presión fixo que a xerencia non executara máis despedidos dos que tiña previstos e engadiu que o Hospital Provincial de Pontevedra "ten un grande déficit que condiciona o seu desenvolvemento e, pola xestión da fundación e cos novos planos de competencia enunciados por Romay quedalle moi pouco que facer. Vai camiño a ser un centro de enfermos crónicos e non de medicina punteira".♦

## AXUDA HUMANITARIA



ANDRÉS PANARO

Tras o éxito, os campamentos do 0,7 desmontaranse o Domingo 20, segundo anunciaron os organizadores. Un exemplo do resultado é que o alcalde de Sanxenxo quer que todos os seus concelleiros destinen ao Terceiro mundo o 0,7% das dietas que perciben.





O escudo de Galiza,  
deseñado por Castelao,  
agora en insígnia.

Solicita a cantidade  
que desexes ao teléfono  
(986) 43 38 30 ou ben ao apartado  
1371 36200 de Vigo.

Envia o importe total en selos de correos

P.V. P. 200 PTA UNIDADE



A mellora das estradas, buque insignia da Xunta.

ANXO IGLESIAS

## Investimentos públicos

MANUEL CAO

Desde a constitución Española de 1979 trocaron moitas cousas do punto de vista institucional. A consolidación do Estado das Autonomías vai alterar definitivamente a evolución real da dinámica cualitativa e cuantitativa dos investimentos. A internacionalización da economía e a intelixencia na xestión dos Presidentes autonómicos vai influir decisivamente nesta evolución. Refirémonos só aos investimentos realizados na Galiza polas administracións públicas. Non porque sexa a máis importante, pois nunha economía de mercado internacionalizada os investimentos privados galegos, europeos ou xaponesas son fundamentais.

Na Galiza a expulsión do aforro privado continuou en todo este tempo e os capitalistas estranxeiros non consideraron interesante investir no noso país. Os proxectos de investimento estranxeiro directo representaron en

1993 o 1,37% do total para o Estado español quer dicir, 25.470 millóns de pesetas, cantidade ridícula mírese como se mire. Por exemplo, Cataluña recibeu uns investimentos de 549.379 millóns de pesetas, quer dicir, un 2.057% máis. Pero, se os cataláns xa son inalcanzábeis, no País Basco, aínda con terrorismo, investíronse 47.852 millóns de pesetas, ousexa, un 88% máis. Resulta curioso comprobar como Galiza cun goberno conservador, non

intervencionista, favorábel á libre circulación de capitais e antinacionalista, non consegue engaiolar e enamorar ao capital foráneo.

En cambio, no que se refire aos investimentos das institucións públicas, non cabe dúbida que a Administración autonómica xa realiza o maior esforzo investidor fronte ao abandono do Goberno central e o mantimento das cantidades investigadasAs polas entidades locais. Así, en 1993 a Xunta investiu 176.237,5 millóns de pesetas, o 74,15% do total da Administracións públicas mentres a administración local investiu o 18,6% e a central só o 7,25%. O aumento dos investimentos autonómicos foi paralelo á diminución dos do Goberno central e o mantimento dos Gobernos locais. Todo iso nun contexto xeral de aumento dos investimentos públicos. Así, dun 3,96% do PIB galego en 1987 pasouse ao 6,61% en 1993.

A importancia dos investimentos públicos na Galiza é grande tendo en conta a histórica atonía investidora privada. Os detentadores do capital por boca das organizacións representativas manifestáanse seguidores do modelo de capitalismo selvaxe centrado na económica especulativa e nunha explotación terceiro-mundista dos traballadores. Non é ocioso reflexionar sobre o que sería este país se non houberse investimentos públicos en infraestruturas servizos públicos básicos (educación, saúde e protección social) e, memos actividades directamente produtivas dada a inoperancia e incompetencia duns empresários aléxicos a calquer risco e escasamente inovadores como se pon de manifesto ao comprobar o número de empresas importantes e cooperativas no estado español e na Galiza. As posicións do grupo máis retrógado da CEOE, hexemónico na Galiza, obrigan ao propio Fraga a saír en defensa do Estado como axente perfectamente lexitimado para intervir na economía fuxindo dos modelos depredadores agora en alza nos EEUU.♦



## ELEIÇÕES SINDICAIS

**Xesus Mosquera, secretario xeral da UGT de Galicia****“O actual mapa sindical está consolidado”**

■ MANUEL VEIGA

Xesus Mosquera, secretario xeral da UGT de Galicia, bota man da historia para lembrar que o seu sindicato xa pasou por momentos máis difíceis que o actual, máis a crise da PSV, e tamén para recordarlle a algúns dos que critican as “burocracias sindicais” que moitos deles pertenceron ao sindicato vertical, “que só na provincia da Coruña tiña mil funcionarios”. Non cre que estas eleccións vaian dar lugar a cambios importantes no panorama sindical.



ANXO IGLESIAS

**No recente congreso de empresarios Antonio Ramilo pronunciouse polo modelo norteamericano de capitalismo, en canto Fraga fíxo polo alemán. Vostede que opina?**

Creo que ese tipo de debates son anecdóticos. Non vexo que se tratasen problemas reais, nen que se fíxese nengun tipo de diagnóstico. Escoitamos o de sempre, o da flexibilidade laboral. Se fose por custes salariais baixas, en España e Irlanda non habería paro e menos aínda na Galiza, onde os salários só chegan ao 75% da media española. Todo o que se fala está encamiñado a saír do paso, pero non existen proxectos para o futuro. Hai moita propaganda que agacha a difícil situación que vive a economía.

**Estas eleccións sindicais desenvólvense ao longo de quince meses. En diante nen sequera haberá un período electoral limitado. Como valora esta nova regulación?**

As eleccións tal como se facían só servían para gastar miles de millóns de pesetas e para enfrentar aos sindicatos entre si. A consecuencia é que se debilitaba todo o movemento sindical. É verdade que se conseguían delegados, pero as feridas resultaban moi custosas. A renovación habitual dos cargos, sen necesidade de concentrala nun período de eleccións, será xa que logo positiva. Tampouco é lóxico que a estas alturas tiveramos que estar constantemente revalidando a representación sindical. O modelo anterior respondía a unha necesidade de clarificación dos espazos sindicais despois da caída do sindicato vertical e dun proceso de

transición democrática. Pero esa fase xa se superou. O movemento sindical en España xa está definido, coas variacións coxunturais que poida haber. A nivel estatal o horizonte dos próximos anos é de que UGT quede un pouco por diante de CCOO ou ao revés, pero sen que se modifique nada sustancial. Igual ocorre en Galiza ou Euskadi, onde hai sindicatos que demostraron a súa presenza a nivel autonómico.

**Con todo, parece que nestas eleccións CCOO e CIG están acortando distancias coa UGT?**

Prefiro non cair nesa dinámica, precisamente polo que decía antes. Ademais non creo que o escaso número de eleccións realizadas sirva para sacar conclusións. Podíamos dicir que íamos gañando outra vez e que catro días despois do da PSV sacamos maioría en varias em-

**“Ir máis alá da unidade de acción con CCOO podería ser contraproducente”**

presas. Pero, repito que precisamente queremos fuxir diso. O importante é que o sindicalismo de clase saia fortalecido. Non vemos ás outras centrais como enemigos, senón como organizacións dos traballadores distintas da nosa.

**Hai poucos días criticaban a promoción por parte da patro-**

**nal dun sindicato independente.**

Claro, é que ese é o verdadeiro enemigo. O que non pode ser é que a dereita política e sectores da patronal intenten patrocinar fórmulas como a dese envío por correo a pequenos e medianos empresarios que denunciámos. Válenos calquer tipo de ideas sindicais, pero sempre que nazan dos propios traballadores.

**Relacións con CCOO**

**UGT e CCOO teñen asinado un protocolo polo que reparten a súa representatividade institucional, a maiores do resultado sindical. Non lle resta iso valor ás eleccións?**

Coido que é un logro. A representación sindical cambia mes a mes e iso reflexarase na mesa que negocia un convenio colectivo. Pero, a outros niveis, UGT e CCOO consideramos que debe haber unha representación

igualitaria, estabel, independentemente das pequenas oscilacións que se poidan ir dando.

**Significa ese acordo que UGT e CCOO avanza nun camiño de maior unidade?**

O único que significa é que actuamos con realismo e sensatez sindicais. Sacar outro tipo de conclusións non ten sentido. Xa dixen moitas veces que estamos nun país onde o sindicalismo único non ten cabida, hai moitas sensibilidades diferentes. Ir máis alá da unidade de acción pode ser mesmo contraproducente porque encona as relacións e dá lugar a encirramentos innecesarios. Todas as fusións deixan un ronsel detrás. No noso caso ese ronsel sería enorme.

**Parte da opinión pública considera aos sindicatos co-**

**mo burocracias que só van ao seu. Cre que as centrais están a perder crédito?**

Iso forma parte do discurso ultra-liberal, interesado en atacar aos sindicatos. O que plantean é que os salários e as condicións de traballo señan determinadas polo mercado. Os sindicatos ao establecer uns mínimos nos convenios alteran esas leis do mercado. Pero está claro que a eses millóns de persoas que son hoxe explotadas, maltratadas, que carecen de emprego ou de vivenda, só as defenden os sindicatos. Se non fose por iso xa teríamos desaparecido hai moito tempo. Pero claro, hai que ter estruturas sólidas, porque ás veces a presión contra os sindicatos é enorme. Lembremos á Thatcher, por exemplo.

O sindicalismo é inerente á democracia e resulta curioso ver que moitas das persoas que agora critican aos sindicatos eran adalides do sindicato vertical franquista. Quero lembrar un dato: o sindicato vertical, en 1975, tiña na provincia da Coruña 1000 funcionarios. Iso si que era burocracia!

**Cal é a súa valoración da situación económica que vive Galiza?**

Galiza está a padecer moitos axustes impostos pola integración na CE. Está claro que España padeceu o axuste máis que outros países con maior poder político. E dentro de España, rexións como Galiza sufreron aínda máis. Pero o que boto en falta é un proxecto económico global, no que se diga aonde queremos ir e no que se defina que sectores vamos a potenciar. ♦

**“A UGT xa pasou na súa historia por momentos máis difíceis”**

**Que influencia está a ter a PSV na campaña?**

Evidentemente negativa. O único que nos preocupa é que se constrúan as vivendas o antes posíbel. Non estamos a pensar en termos de imaxe para nós, nen sequera en termos económicos, senón en que temos que cumprir un compromiso. Isto é todo o que podó dicir.

**Están a notar na campaña as limitacións económicas derivadas do conflito da PSV?**

Hai persoas e estamentos que desexarian que isto tivese un efecto negativo para a UGT. Pero, agardamos que os traballadores nos entendan. A UGT xa pasou por momentos moi difíceis na súa historia, mesmo co exilio, co cárcere e co espólio de todos os seus bens. Superou eses momentos e está tamén en condicións de superar outros que veñan. Coido, en todo caso, que aínda non chegou o momento de facer a valoración completa do problema xerado pola PSV.

**Díxose que foi unha venganza do PSOE polas folgas xerais.**

Xa dixen que non é o momento de facer a valoración. Agora a nosa prioridade é conseguir que todos os cooperativistas teñan a súa vivenda. Calquera outra consideración está sometida a ese obxectivo. O tempo dará a oportunidade de sacar outro tipo de conclusións. As análises apresuradas acaban por ser sempre interesadas e tampouco axudan a resolver o problema máis grave agora. ♦



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA


# A Generalitat e o Governo basco rexeitaron o escrito A Xunta apoia a carta da Académia Española en defensa do castellano

■ XAN CARBALLA

A carta da Académia Española ao presidente do goberno español, conseguiu unir na súa contra aos gobernos basco e catalán, mentres a Xunta, por boca de Manuel Regueiro, manifestou coincidencia básica co escrito de Lázaro Carreter, resumindo o seu apoio na paradóxica frase "se non podes con eles, únete a eles".

O escrito académico do pasado 4 de Novembro, asinado por Lázaro Carreter como presidente da RAE e dirixido a Felipe González, centraba toda a súa atención nos "perigos para o castellano", partindo dunha afirmación que non consideraron preciso demostrar: "ante os problemas de convivencia idiomática, vivos hoxe nas Comunidades con lingua vernácula". As propostas do organismo ispen na súa brevidade de tres fólíos todos os xuicios negativos que a normalización de galego, basco e catalán supón para a mentalidade da Académia Española. As consideracións exténdenas a aspectos políticos que trascenden a súa misión teórica e empatan a carta coa estratexia do Partido Popular.

A RAE pede "condicións de horarios e plans de estudos para a aprendizaxe da lingua española que dote aos cidadáns de destre-



Fernando Lázaro Carreter enviou a carta corporativa, en representación dunha decisión unánime dos académicos.

za dabondo para o seu libre emprego falado e escrito". Para engadir a seguir unha reclamación de "facer obrigatórias nos plans de estudo, xunto ao coñecemento da historia e a cultura das distintas comunidades, aquelas disciplinas escolares que afectan a España como nación: a súa historia, a súa xeografía e a súa literatura, moi en primeiro termo".

### Topónimos e meios de comunicación

A carta da Académia pede "doble rotulación, na lingua territorial e en castelano, de todos os topónimos, incluídos os urbanos, que contén con tradición neste último idioma", e pede priorización absoluta nas emisoras estatais de TV e rádio para o castelano, de xeito

que "os que non coñezan outro idioma poidan sintonizalas a calquer hora do día e a noite". Lázaro Carreter pede "impoñer ás emisoras privadas unha programación mínima en castelano, a horas razoábeis", e só considera como marxinal as posibilidades de emisión dual en varias linguas.

A RAE culmina a súa redación reiterándose na súa afirmación inicial "os actuais conflitos idiomáticos plantéxanse con radicalismos aos que a RAE corporativamente se declara allea", e non admite réplica cando di que "desautoriza calquer interpretación que desde aquelas actitudes se faga deste texto". A carta foi aprobada por unanimidade de todos os académicos, presentes na sesións, pero algúns deles, como o catalán Pe-

re Gimferrer, fixo declaracións desmarcándose relativamente.

### Bateria de críticas

A coincidencia crítica partiu desde os gobernos basco e catalán e desde as organizacións normalizadoras galegas. Miquel Renu, director de política lingüística da Generalitat sinalou que era un escrito "no que apelando pretendidamente á convivencia só se fai referencia aos dereitos dunha parte", preguntándose "queren acaso saltarse o sistema de competencias?" O Goberno basco tamén depreciou o valor da misiva "porque está moi alonxada da realidade".

No noso país, a Mesa pola Normalización Lingüística emitiu ao respecto varios comunicados, acusando á RAE de "ignorancia absoluta". "Pedir en Galiza que haxa presenza do castelano nas emisoras que só emiten en galego é pretender a rápida liquidación do idioma propio de Galiza; e dicir que na Galiza é o castelán o idioma que perde afianzamento na aprendizaxe indica un total desconecemento da realidade do país".

A Mesa convida a Lázaro Carreter a visitar Galiza pedíndolle que actue como "home de letras preocupado polas culturas e non como propagandista do novo nacionalismo español emerxente, nen tampouco como portavoz do partido Popular contra as alianzas do Goberno central". Finalmente suxirenlle á Académia a súa autodisolución "por carecer de funcións serias e dinámicas a esta altura do século XX".



C. X. Ceta. X. LOBATO

### Os galegos votaron a favor

O pleno da Académia que aprobou por unanimidade o escrito a Felipe González, debateu a súa decisión ao longo de tres sesións, "ao final das cales chegouse cordialmente a unha decisión unánime".

Son dous os galegos que actualmente forman parte da académia, o padronés Camilo Xosé Ceta e o ferrolán Gonzalo Torrente Ballester, aos que se pode sumar, en canto ao coñecemento da realidade lingüística galega, Elena Quiroga, que apesar de ter nacido en Santander, conta con ascendente paterno galego, pasou a súa infancia e longas tempadas en Galiza, e parte da súa obra novelística se ambienta no noso país.

## A LÍNGUA COMUM MENOS COMUM

XAVIER VILHAR TRILHO

A Real Academia Española da Língua terá autoridade "para fixar, fazer brilhar e dar esplendor" á lingua española, mas não a tem para desautorizar as interpretações críticas, que lhe façamos desde uma abordagem radical —indo á raíz do conflito lingüístico existente entre a lingua que ainda é dominante, a espanhola, e as que comecem a deixar de ser recessivas, o catalão sobretudo e, em menor proporção, o galego e o euskara—, da carta que o seu director, Lázaro Carreter, enviou ao Presidente do Governo do Reino de Espanha, solicitando a adopção de uma serie de medidas de protecção da lingua espanhola. Petição de medidas em favor do espanhol, que haveria que adoptar por causa de ser o espanhol o que a própria carta chama lingua comum (?) de todos os espanhóis e por mor de que há que esconjura-la do perigo de que sofra um processo de diglossia glotofágica ás mãos do que a mesma carta denomina linguas territoriais(?).

Mas, é o espanhol a lingua comum de todos os que têm a "estatalidade" (cidadania política) espanhola? Se os membros da Real Academia Española consultaram o dicionário da Academia da qual eles são académicos, achariam que *comum* "predica-se daquilo que disfrutam muitos sem que seja particular de ninguem, daquilo no que têm participação por igual varias pessoas, daquilo que é o contrário de próprio". Em consequência, o espanhol não pode ser a lingua de todos os cidadãos do

Reino de Espanha, porque muitos deles têm por próprias outras linguas. Como vai ser o espanhol a lingua comum de quem tem por lingua própria o catalão, euskara ou galego? O espanhol seria em todo caso a lingua de relação entre os falantes das distintas comunidades linguísticas existentes no interior do território do Reino de Espanha, mas não a lingua comum.

Por todo o antedito, não serão as linguas próprias, próprias porque precisamente não são a comum? Será que são próprias, porque seria impróprio dar-lhes o estatuto da que é comum? Por essa razão, a carta do director da Real Academia Española, num acto falido revelador, diz que á Académia só a guia o interesse de "procurar la convivencia de los españoles, fundada, repetimos, en el conocimiento y en el afecto de aquello que les es común y en el respeto estricto, que también debe trocarse en afecto, de cuanto los diferencia", quer dizer, conhecimento para o espanhol e respeito para as outras.

Por vezes sem querer, como neste caso o director da Real Academia, os valedores do espanhol desvelam as suas verdadei-

ras intenções, a sua ideologia imperial espanhola (isso sim, dissimulada com as proclamas fraternas de "asegurar la convivencia pacífica de todas las lenguas de España", de "adoptar las medidas que favorezcan una actitud no recelosa de todos los ciudadanos ante las distintas lenguas de España", etc.), quando chamam ás linguas próprias das CC.AA. linguas vernáculas, termo derivado do latim *verna*, que significa "escravo nascido na casa do amo". Está bem que ao catalão, euskara e galego sejam chamadas assim, porque em verdade nasceram a uma cooficialidade submetida á oficialidade hegemónica do espanhol, amo e senhor, porque seguem a ter o status de linguas servas inclusive no seu próprio território histórico.

**‘O espanhol seria em tudo caso a lingua de relação mas não a lingua comum’**

Finalmente, o espanhol também é uma lingua comum nada comum noutro sentido, no sentido de que não é nada comum que uma lingua precise, por uma parte, que se lhe garantam pelos poderes públicos as possibilidades de aprendizagem, o emprego dela na rotulação da toponímia (haverá infiltrados na Academia do Presidente da Câmara Municipal da Corunha?), a utilização preferente dela nas emisoras de rádio e televisão dependen-

tes do Estado, a imposição de uma programação mínima nela nas emisoras privadas —como pede a carta do director da Real Academia Española— para que, por outra parte, se queira, pela mesma autoridade académica, que o espanhol seja aprendido com o meio espontâneo de expressão de todos os espanhóis e que se empregue livremente. Ou seja, que o espanhol precisa da autoridade para se impor em liberdade, contraditório não sim? Convençam-se os académicos espanhóis que não há mais comunidade desejável que a do conhecimento mutuo, não a impossível do uso bilingue harmónico das duas linguas em contacto conflictivo, propugnada também pelas autoridades da Junta de Galiza. A única comunidade desejável é a de que os falantes de catalão, castelano, euskara e galego usaram unicamente a sua lingua e aprenderam outra das que se falam no Reino de Espanha, que não teria porque ser necessariamente a espanhola. Ora bem, aprender, e já não digamos usar as quatro linguas que existem no Reino, é muito difícil, daí que haja tão poucos espanhóis (só, paradoxalmente, os euskalduns cultos, os mais distantes dos espanhol-falantes pela fala) no Reino de Espanha, porque, como recita em espanhol o poeta basco Gabriel Aresti: "Cierro los ojos muy suave/ pestaña contra pestaña, sólo es español quien sabe/ las cuatro lenguas de España". Difícil, verdade? ♦

X. VILHAR TRILHO é professor da Universidade de Santiago



## AS "SUXERÊNCIAS" DA RAE: IMPERIALISMO LINGÜÍSTICO E PSEUDOCIÊNCIA

FRANCISCO RODRIGUEZ

A carta do señor presidente da RAE, a instáncia corporativa, ao señor Presidente do Goberno español, máia a súa xustificación de preocupación polo español, vai destinada a reclamar restricións e impedimentos aos usos do catalán, galego e vasco nos seus respectivos territorios. Xestada e emitida nun momento crítico da evolución do Estado español, avoga por unha involución do modelo lingüístico actual, contraditorio, derivado dunha Constitución e duns Estatutos de Autonomía que non se asentaron no criterio de recoñeceren os dereitos colectivos nen a primacia das linguas nas súas realidades naturais, antropolóxicas, nacionais.

Non simboliza a reacción do "nacionalismo español", preocupado pola expansión do inglés e a desnacionalización das burguesías en Latinoamérica, e de forma especial, non exclusiva, en Puerto Rico. É a expresión do imperialismo español, ideoloxía que, non satisfeita con hexemonizar o aparato do Estado e o marco económico centralizado, aspira a uniformar todo o territorio cultural e lingüísticamente, acabando coas diferentes especialidades nacionais. Fai a identificación Estado=Nación e, xa que logo, as diferenzas constatadas só poden recoñecer-se subordinadamente, de forma compensatoria, ideal, non práctica.

Na mellor tradición manipuladora, o problemático situa-se nas "Comunidades autónomas" con lingua propia, xa que é esta, no seu propio territorio, a que aspirando a usos normais, prexudica a "convivencia idiomática". Os señores académicos nen albiscan que non se pode negar ao catalán, ao galego e ao vasco os dereitos políticos-administrativos, nos seus respectivos territorios, do que, lexitimamente, goza o español en Sevilla, Palencia, León, Madrid ou Valladolid. Non, deben permanecer ocultos, subordinados, restritos, en retroceso, para garantir, non o coñecemento do español —inevitábel—, senón o seu uso preponderante, esmagante, político-administrativo, social e individual, en toda a parte do Estado. Na exasperación deformadora da realidade, alertan da ameazante diglósica que pode estar a padecer o español nos territorios con lingua de seu. Pero, a seguir, indican medidas absolutizadoras precisamente na liña de manter a diglósica real, a existente, —superioridade, primacia, do español en todos as funcións e usos— en Galiza, Euskadi e Catalunya. Única lingua, con todos os dereitos e con todas as obrigas. Francamente é unha versión "académica" da teoría joseantoniana da España "patria común e indivisible de todos los españoles", tamén teoría constitucional, por certo. A convivencia para a RAE ten que estar baseada na ierarquía subordinadora. Non existe un Estado plurinacional. Existe só España como nación.

A lexislación autonómica debe ser ignorada por unha lectura unitaria da Constitución, incitación ao Executivo e ao Lexislativo español, que incardina a misiva no acoso ao actual Goberno e aos seus pactos pragmáticos co PNV e, especialmente, con Convergencia i Unió. Mais, os compatriotas galegos non deben interiorizar que a nós non nos teñen en conta. Pensen na cobertura que dá a RAE ao señor Vazquez, alcalde da Coruña. Cavilen no señor Fraga facendo renuncia explícita ao uso do galego na sesión do Senado, destinada ao recoñecemento simbólico do pluralismo lingüístico, da diferenza. Fagan a conexión entre os argumentos da RAE e os da Agli. Lembren a reacción oficial da Xunta, através do señore Regueiro, falando de que aquí si hai convivencia, e xustificando a misiva académica e as subvencións á Fundación Pro-Real Academia Española, que se repiten todos os anos, figurando, para maior sarcasmo, nas partidas destinadas a *Fomento da Lingua Galega*.

A nós falta-nos a cobertura institucional funcionando a prol do noso idioma. Pero nen así están tranquilos. Os síntomas de aspiración á normalidade deben ser eliminados. Como di o inefábel señor Regueiro, para comunicarnos, o español. Para sentir, o galego. O que traducido, quer dicir, na vida social, o español. Na intimidade, lacrimóxena ou chocalleira, o galego. Canto tempo e con que vitalidade se pode manter esta dualidade? Non hai que ser moi listos para sabermos que, ao final, está a aparente homologación. Aí, iso si, esperpéntica. Á vista está. ♦

FRANCISCO RODRIGUEZ é sociolingüista e deputado do BNG

## Congreso da AGAL a prol da normalización do galego A lexislación europea sobre dereitos lingüísticos non se cumpre

LUPE GÓMEZ/SANTIAGO

O "Congreso Internacional sobre as linguas e os dereitos lingüísticos" tivo lugar en Santiago de Compostela os días 10, 11 e 12 deste mes. M<sup>a</sup> do Carmo Henriques, presidenta da Asociación Galega da Lingua, sinala que este encontro puxo de manifesto que "existe unha lexislación europea en defensa dos dereitos lingüísticos que na práctica non se respeita na Galiza".

Segundo M<sup>a</sup> do Carmo unha das conclusións do congreso é "a constatación do fracaso da política lingüística institucional e a crenza en que a normalización da lingua galega non se consegue impondo normas senón criando conciencia lingüística na poboación".

Entre os obxectivos deste congreso figuraba a intención de analizar diferentes linguas europeas e o cadro xurídico das que presentan unha situación semellante ao caso galego. Noruega, onde a lingua "riswall" está a gañar terreo con respecto á defensa dun modelo lingüístico dialectal, foi comparada coa posibilidade do desenvolvemento en liberdade do reintegracionismo na Galiza.

Pronunciaron conferencias e participaron en todos os coloquios personalidades foráneas como o profesor francés Roland Breton, o basco Iñaki Aguirre e o doutor JD Peeters, da Academia Internacional de Dereito Lingüístico de Bruxelas, entre outros. A presenza galega estivo constituída por membros da AGAL e profesores de Universidade e de ensino médio e, tamén participou o deputado do BNG e sócio-lingüista Francisco Rodríguez.

Iñaki Aguirre falou das "linguas minoritarias e as institucións europeas", e afirmou que "desde a perspectiva europea non podemos pretender que protexan os dereitos lingüísticos da lingua minoritaria". Explicou que non se vulga polo mesmo raseiro ás linguas rexionais e as estatais cando "tan oficiais son unhas como as outras". Segundo Aguirre, a Unión Europea trata os dereitos lingüísticos unicamente desde a lóxica da circulación de mercancías.

### A movida do euskera é xuvenil

Ao abordar a situación da lingua basca observouse grande paralelismo cos problemas do galego. José Luis Alvarez Emparantza (Txillardegi) da universidade basca, mostrouse optimista. Dixo: "hai un avance no emprego do euskera". Segundo el "os bascos conseguimos este avance apesar



A. IGLESIAS

das institucións. A movida da lingua basca é xuvenil. Os máis xóvenes son moito máis radicais a respecto da lingua ca os vellos".

Txillardegi denunciou que "esta xuventude concienciada é odiada polo Goberno. As consellerías están cheas de antibascos e os periódicos en euskera son boicoteados". O profesor basco mostrou a súa confianza en que a normalización dunha lingua triunfaria nun núcleo urbano ou universitario. "A experiencia de Noruega e Turquía demóstrano. No País Basco podería ser San Sebastian, cunha clase social abertzale con poder económico mínimo, reforzando a basquización da sociedade" afirmou Emparantza, insistindo en que "non se trata dun proxecto artificial. San Sebastián conta xa con xornais, asociacións, etc... que cumpre este obxectivo".

Por outra banda o profesor galego Pedro Fernández-Velho expuso que apesar de desde o goberno galego haber certa cooperación económica coa rexión norte de Portugal, non se acompaña dunha cooperación cultural. Afirmou tamén que "para o goberno portugués o feito de compartir unha lingua comun coa Galiza é obviado porque non quer problemas co estado español".

### Administración foránea

Ao longo do Congreso foi moi criticada a situación do galego no ensino. Bernardo Penabade dixo que "temos unha escola obsoleta e do réxime anterior. Mesmo desgalguizadora dos rapaces e rapazas galego-falantes". Alexandre Banhos, membro da AGAL, denunciou que o galego na escola se ensina como lingua estranxeira. Calificou este feito de "ameaza". "Mentres á asignatura do español chámalle *lingua* a disciplina

do galego denomínase como *Lingua Galega*", dixo.

Os datos ofrecidos por Alexandre Banhos amosan unha situación caótica para a vía normalizadora do galego. Segundo este relator, máis do 20 por cento das persoas que traballan na Administración galega non son galegas, "cargos directivos de moitas empresas son ocupados por españois e máis do 20 por cento dos cargos das Consellerías de Cultura galegas son ocupados por persoas que non naceron na Galiza".

Neméxio Barxa, membro da AGAL, falou do galego na Xustiza. "Para o galego se empregar en xulgados e audiencias é preciso vontade política máis transixencia por ambas partes", dixo. Segundo Barxa "hai moitas veces un problema de comodidade. O avogado en xeral non é dado a facer as demandas en galego porque foi educado no español".

### Reintegracionistas, desexosos de dialogar

A presidenta da AGAL, dixo na clausura do Congreso, que "moitas veces se nos acusa de ser intransixentes aos reintegracionistas, pero sempre tivemos vontade de diálogo". Denunciou que "até o 81 podíamos escribir nos xornais. E dese hai uns 7 anos non o podemos facer".

A profesora M<sup>a</sup> Pilar García Negro proclamou, na súa intervención, "contra a quietude nas análises dos feitos lingüísticos que en si son dinámicos". Criticou a ponderación abstracta da situación do galego e dixo: "sempre me pregunto polo outro elemento, o estado do español. Non podemos esquecer a relación entre unha lingua e a outra". ♦

**A** presidenta de AGAL di que "moitas veces se nos acusa de ser intransixentes pero sempre tivemos vontade de diálogo"



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

# Ivo JD Peeters

## 'A universidade non debe deixar que os políticos decidan en materia lingüística'

■ LUPE GOMEZ

Ivo Jd Peeters é representante da Academia Internacional de Dereito Lingüístico. Xunto coa asociación AGAL organizou o congreso "As línguas e os dereitos lingüísticos. Os dereitos lingüísticos como dereitos humanos" en Santiago.

**Por que nunha política lingüística non pode haber democracia?**

Esa é unha declaración lapidária. Unha política lingüística necesita de normas. Estas leis parte dunha ciencia, a lingüística. Se aceptamos que a Lingüística é unha ciencia non se dá nela democracia. Reúnense nove ou dez persoas e deciden como vai ser a escrita das palabras. Esta non é unha forma democrática de traballar. As decisións lingüísticas son unha misión político-científica do suxeito.

**Quen debe encargarse dun proceso de normalización lingüística?**

Nunha política lingüística deben actuar as universidades e académicas cunhas misións establecidas, para criaren normas. O consenso debería facerse entre a Universidade e unha comisión de expertos. Despois o consenso debe trasladarse á clase política. Os académicos non deben deixar que decidan os políticos, pois estes non teñen criterios para decidir. O Parlamento decide atendendo os criterios económicos, e ideolóxicos pero non seguindo criterios lingüísticos.

**A Convención Europea de protección das minorías, pode ter algunha repercusión real sobre a situación da lingua galega?**

O problema cont todos os textos internacionais referidos a esta materia está na actuación dos sistemas de control. O Tribunal de Estrasburgo, o único órgano con poder coercitivo en materia de dereitos humanos rexeitou todas as propostas de cambiar os artigos existentes ou engadir algun artigo suplementar sobre dereitos das minorías nos últimos 15 anos.

Moitos pensan que engadir dereitos minoritarios á Convención Europea podería destrozar este sistema único.



A. IGLESIAS

**En 1991, cando visitou Galiza, dixo que en Cataluña calquer visitante percibía que existía un conflito lingüístico.**

De ano en ano, se se visita Cataluña, vense cambios. Hai unha dinámica de realización.

**Naquel ano achaba que a dinámica popular de normalización lingüística na Galiza era moi precaria. Cal é a súa visión da panorámica actual?**

Aquí vexo pouca cousa. Olo pintadas sobre as indicacións da rua

e das estradas pero pouco máis. Continua a mesma discusión, sen un cambio de posicións. O goberno rexional instrumentalizou a política lingüística utilizándoa con fins partidários e persoais. Ademais a Xunta de Galiza non constatou a alineación e a esquizofrenia lingüística existente. Isto fixo incrementar a inseguridade lingüística. Galiza necesita un proceso de axuda psicolóxica e sociolóxica dirixida ao povo. O que se dá é todo o contrario.

**Como ve o problema das distintas normativas?**

A cuestión normativa non é máis que o elemento exterior de todo o complexo. O problema é saber se aquí se fala nunha variante de outro idioma diferente do español. Se temos unha lusofonia pola que a escrita do galego atópase nun cadro estatal diferente. Temos dúas vías: comportarnos como unha minoría lingüística dun estado ou como donos dunha lingua dun estado diferente.

Portugal ten o dereito e o deber, non de decidir a economía da Galiza, senón de fomentar aquí a súa cultura, difundir libros, enviar periódicos e escribir para a radio e televisión galegas. ♦

## Os alumnos quereren as clases en galego na Universidade

Vários centos de alumnos da Escola de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Universidade de Vigo, veñen de pedir ao Reitor que poña en práctica o artigo 4 da Universidade que afirma "o galego é a lingua da Universidade de Vigo".

A carta dos estudantes apóiase nos censos de poboación e nas mostras tomadas pola propia universidade que constatan que un 99% da poboación de Galiza entende o galego e que toda a poboación estudantil ten amplos coñecementos do idioma.

**"A normalización lingüística —din— debe partir dos dereitos da inmensa maioría e transformar as actitudes positivas en prácticas lingüísticas consecuentes. Ser aquí exixe vivir e facer presente a nosa cultura e como cerne da mesma a nosa lingua". Finalizan pedindo que en cumprimento do estatuto da universidade "os profesores comecen a impartir as súas clases en galego". ♦**

## Galego no comercio

As iniciativas de base seguen amosándose as máis vizosas. A agrupación Centrotiendas distribuiu entre todos os comerciantes agrupados, e tamén ao público xeral, un mangado de quince folletos dirixidos aos diferentes sectores con vocabularios bilingües de obxectos e léxico habitualmente utilizado na actividade comercial.

O departamento de marketing de Centrotiendas tamén preparou un manual de uso interno dos seus asociados que abonda nesta cuestión. Os vocabularios atenden sectores de carnicería, peixe e marisco, vexetais e bebidas, panadería, axencias de viaxes, confección, xolería e relojería, restaurantes, librería e papelería, ferraxería e móbels e complementos. ♦

## Política Lingüística subvencionada o castellano

O suplemento que co título *La Voz de la Escuela*, edita o xornal coruñés *La Voz de Galicia*, con doce anos no mercado, conta con subvención da Dirección de Política Lingüística, apesar de estar maioritariamente redactado en castellano, e utilizando topónimos castellanizados non aprobados pola Xunta. O último número centra os seus contidos na carta da Real Academia Española. ♦

# BELIXERANCIA LINGÜÍSTICA

X. ANTON L. DOBAO

O director xeral de política lingüística da Xunta de Galicia non pode te-la boca calada. Cando unha entidade tan inútil e anacrónica como a Real Academia Española di, por boca do seu presidente, que o español corre perigo, o señor Regueiro, don Manuel, en vez de calar ou pedirle que se ocupe da situación do español en Porto Rico, aproveita unha conferencia de prensa para espallar a tódolos aires do reaccionarismo eanacrónico nacionalismo español que a política lingüística do goberno galego coincide coas barbaridades acientíficas que defende a RAE. Unha vez máis, o señor Regueiro, don Manuel, recoñece a barbarie da súa política lingüística.

O Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega publicou hai uns meses o estudo titulado *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A este estudio alude tamén o director xeral de política lingüística. Vénnos a descubrir que o galego é un idioma que falan os adultos. Pero non sabemos que quererá dicir con tal aseveración. De calquera maneira, do dito estudio podemos tirar moitas conclusións sen que o señor Regueiro, don Manuel, nos diga como temos que interpretar os datos. Entre elas, unha clara e demoledora: a perda do idioma de xeración a xeración é algo máis ca alarmante. Non só a brillantísima política lingüística da Xunta de Galicia non iniciou ningún proceso de inversión das tendencias de substitución lingüística, senón que ocorreu e ocorre todo o contrario. A substitución da lingua propia de Galicia pola lingua allea segue na súa progresión xeométrica, e seguimos sen percibir ningún indicio sequera de detención do proceso. ¿Cantas xeracións tardará en desaparecer a lingua galega se deixamos que siga este proceso? Que nos contesten AGLI, don Manuel Regueiro e os sabios da RAE. Que nos contesten eles e os directores de *La Voz de Galicia* e *El/O Correo Gallego/Galego*. Todos aparecen ben xuntiños configurando unha das súas verdades absolutas: vivimos no mellor dos mundos posibles e non hai conflito lingüístico en Galicia. É certo. O castelán non topa con ningún atranco para avanzar coma unha besta na substitución da lingua galega.

Non son eu o único que reclama a atención ó redor destes alarmantes datos. Nin sequera o

primeiro. A Nosa Terra xa berrou, e Antón Santamarina leva algún tempo facéndoo e xa recibe as reprensións desa estraña caste de intelectuais (sic) galeguistas (sic) que espallan a marabilla deste marabilloso reino fraguiano desde as estupidezantes ondas da RTG. Pilar García Negro insiste nestas mesmas páxinas o pasado 10 de novembro. Concorde con ela aínda que discorde con outras das súas posturas. Pero xa é tempo de que camiñemos á supresión dos conflitos narmativos e poñámo-lo pé na terra dos proxectos de normalización. É esta a palabra chave; a lingua precisa accións normalizadoras. O conflito normativo serve ó cabo os intereses de quen espera para entrar a saco na terra dos galegos, e eu entendo que seguir centrando o debate social nas diferencias de grafía é un erro de difícil emenda se non se para agora o tren.

Estamos xa ante o nó definitivo do futuro da lingua galega. Levamos demasiados anos facendo gala dun *sentidiño* tan inútil como castrante. Levamos demasiado tempo sendo demasiado *galegos*, ou, polo menos, cumprindo inconscientemente o papel dos foráneos nos outorgan ós galegos. Pero se cadra hoxe xa é tempo de menos *sentidiño* e de máis belixerancia. Neste momento compre inxectar forzosamente na sociedade galega ou nos seus sectores máis conscienciados unha idea clara e dura: a normalización da lingua galega, a súa supervivencia, o seu desenvolvemento social, a súa recuperación para tódolos ámbitos é o obxectivo principal. Teremos que ser nós, os cidadáns comprometidos con ela, os que forcemos en tódolos ámbitos a inversión do proceso salvaxe de substitución.

En batallas coma esta non hai treguas. Non debe haber tregua contra os medios de comunicación con que configura nestes momentos un sistema de referencias baseado

en realidade alleas. Insistamos: *El/O Correo Gallego/Galego* e, sobre todo, ese emporio chuchón *La Voz de Galicia/Radio Voz*. Non debe haber tregua con quen, desde os distintos poderes públicos, se enchoupa de mensaxes uniformadoras e nos fala de lingua vernácula en oposición a lingua de comunicación. Só os ignorantes —ou os que actúan por mala fe— ignoran que toda lingua é de comunicación. Pero tal disposición non é, non, inocente. Non debe haber tregua con quen defende esa indignante abstracción do *bilingüismo harmónico*, esa abstracción que nos leva á perda progresiva da nosa lingua, porque, co adaxo de non soliviantar a harmonía de non sei que *bilingüismo* poténsiase a substitución lingüística, a súa aceleración. Non debe haber tregua con quen dirixe a política lingüística de Galicia, esa política lingüística uniformadora que nin sequera nos permite desenvolver-la nosa vida, toda a nosa vida, no noso propio idioma. Non debe haber tregua, porque quen dea tregua será tamén cómplice da definitiva desarticulación e desaparición desta vella terra chamada Galicia.

**'Non debe haber tregua con quen defende esa indignante abstracción do bilingüismo harmónico, esa abstracción que nos leva á perda progresiva da nosa lingua'**

É a guerra, e na guerra só hai compañeiros e inimigos. A ver se algún día descubrimos en que trincheira estamos. A lingua galega merece algo máis có que estamos a facer por ela. Hoxe é moi amplo o sector da sociedade que está na órbita do nacionalismo. Cómpre mobilizar ese amplo sector, porque nesta guerra están vencendo os intereses dos mellor organizados. Eles non se deteñen en moderacións. Actúan á brava. E nós, nosoutros non podemos seguir agardando. Reformulémo-la estratexia e abramos unha nova xeira de belixerancia lingüística no plano individual e no colectivo. Deben saber que o conflito existe porque a lingua desaparece. A súa paz lingüística é a nosa desaparición. ♦

X. ANTON L. DOBAO é asesor lingüístico da TVG.



## ECOLOXÍA

Máis de mil persoas manifestáronse en Lugo "pola defensa do río Miño"


## Auga para beber, o río para lecer

■ FRANCISCO ARRIZADO/LUGO

Coa realización dun *milladoiro* de botellas vacías ás portas do concello, deu remate a manifestación "pola defensa do río Miño" en Lugo, na que participaron algo máis de 1.000 persoas de todas as idades e clases sociais, chamados pola *Plataforma*. A manifestación, apoiada pola CIG, CCOO, UGT, e SLG, así como polo BNG, EU e PSOE, foi considerada polos convocantes como "un éxito que debe de facer mudar de postura ao goberno municipal".

Cacharro Pardo, Presidente da Deputación de Lugo, definiu aos integrantes da *Plataforma* como "verdes por fóra, vermellos por dentro". Esta definición foi feita propia e coreada polos manifestantes lugueses que demandaban "auga para beber, o río para lecer". Menos subtil foi o concelleiro López Rábade, responsable do servizo de auga e antigo dirixente falanxista, ao calificar aos membros do BNG na *Plataforma* como "terroristas", por alarmar a poboación polas súas denuncias.

Quen andan tamén resentidos son os técnicos do Laboratorio de Sanidade, pois consideran que se están a pór en cuestión os resultados da súa analítica da auga. Xoan Carlos Carreira, concelleiro do BNG e profesor



Ao rematar, os manifestantes fixeron un "milladoiro" con botellas de auga, pendurándoas tamén da Casa consistorial.

universitario, afirma que "as discrepancias entre as analíticas do concello e as da diversas asociacións varían nos resultados porque as destas últimas organizacións inclúen parámetros nocivos que se contemplan noutras lexislacións europeas, como o trióxido de cloro, feito por cloración excesiva da auga, ou excesivo ferro, manganeso, oxibilidade etc".

Ainda que o concello se nega a recoñecer estes parámetros, agora pretende pór en marcha unha nova depuradora para

**En 2.000 anos ninguén tivo a vileza e a ousadía de desfacer as beiras do Miño como se comezou a facer neste lustro**

subsanar as deficiencias. Desde a *Plataforma* acúsase ao goberno municipal de "non ter informado en varias ocasións a poboación de que a auga non é potábel, e cando o fixeron, sempre o comunicaron tarde".

## Unha etapa trágica

Camilo Gómez, presidente da Federación de AAVV de Lugo, leu un comunicado que puxo remate á manifestación afirmando que "o lustro que imos cumprir, pasará á historia do concello lugués coma unha das etapas máis negativas e trágicas". Despois de relatar o incremento enorme dos distintos problemas, calificou o ánimo dos lucenses con tres epítetos: "fustración, desamparo e vexación".

Tamén calificou o caso de Lugo

como esperpéntico "pois o concello leva dous anos pagando unha multa de 10 millóns de pesetas/ano á Confederación Hidrográfica porque a depuradora actual non é capaz de tratar máis de 26.560 metros cúbicos/día, pero Lugo xenera case dúas veces máis, vertendo sen decantar case a metade das augas residuais".

Calificou a Lugo como á cidade que bate o record "entre as cidades máis porcas e suxas, pois mesmo o concello conseguiu censar recentemente cen vertedoiros incontrolados. Todo o concello é un vertedoiro. Un dez para a campaña *Lugo non ten desperdicio*".

Tamén se puxo de manifesto como en 2.000 anos ninguén tivo "a vileza e a ousadía de desfacer as beiras do Miño como se comezou a facer neste lustro. Ainda así, tamén se constatou que a campaña serviu polo menos para que se puxese en marcha a construción da planta potabilizadora.

TORO SANGIACOMO NOTICIAS

A *Plataforma* pedelle á Xunta que, nos orzamentos do ano 1995, "reserve partidas presupostárias para dotar a cidade de polígonos industriais e de estación depuradoras, enviando escritos ao concello de Lugo, a Consellería de Política Territorial, á Confederación Hidrográfica e aos distintos concellos ca bacia do Miño, solicitándolles que teñan en conta as reivindicacións que motivaron a mobilización: conseguir que o Miño deixe de ser cloaca industrial; conseguir que a auga das billas deixe de ser *supostamente potábel* e conseguir que as beiras do Miño recuperen o seu estado natural, polo que é necesario "un plano de saneamento integral do Miño". ♦

## UNIVERSIDADE

## GALEGO-PORTUGUÉS NA CORUÑA, IN MEMORIAM

LAURA TATO

Como o asunto me interesa e sei do silencio cómplice da prensa, o 9 de Novembro asistín ao pleno parlamentar en que o Señor Conselleiro de Educación respondía a unha interpelación da deputada do BNG Pilar García Negro sobre a supresión de Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade da Coruña.

Cal non sería a miña sorpresa cando escoito dicir ao señor Piñeiro que non pode desaparecer o que nunca existiu, que o se impartía na Coruña eran "algunhas asignaturas" por "concesión graciosa" da Universidade de Santiago. Mádia leva!, algunhas asignaturas... O caso é que eu teño un papel en que o Reitor Magnífico da Universidade da Coruña CERTIFICA que superei na "sua" Universidade, con data de Xuño de 1992, os estudos conducentes ao Título Universitario Oficial de Licenciado en Filoloxía na Sección Galego-Portuguesa.

Como se me lese o pensamento, a deputada García Negro preguntou: é ilegal es-

te título? Noné, non —contestou depre- O que acontece é que titulación e os profesores, alumnos, sindicatos e xente do comun a reclaman, por que non a volven pór? a quen non lle interesa? e por que? Os que vivemos máis de vinte anos baixo a ditadura franquista sorríamos docemente cando se nos falaba de confabulacións xudeo-masónicas. Quen está a sorrir agora? O señor Meilán xa non lembra aquel acto enternecedor, en Xuño do 92, en que agasallou a primeira promoción de Licenciados en Filoloxía Galego-Portuguesa cunhas insígnias de prata

Tranquilizoume moito saber que o meu título é legal. As dúbidas que me asaltan agora son: se a Consellería está disposta a aprobar esa

primeira promoción de Licenciados en Filoloxía Galego-Portuguesa cunhas insígnias de prata... nen a súa promesa de

solucionar o problema en canto remata sen eleccións (cais?).

Na Coruña existe unha equipa docente e investigadora que conta cun catedrático, seis titulares e un leitor do Instituto Camões que, imaxino, están dedicados a dar clase de materias optativas e de recheo noutras filoloxías (francesa, española, inglesa e vaia vosté a saber). Abofé que somos ricos!

E foi como eu sospeitaba, hoxe, 10 de Novembro, La Voz de Galicia, o xornal de máis tirada do país e o único que chega á miña aldea, non informa desta iniciativa de Pilar García Negro. Siléncio, que o que non se cofece non existe. O día 23 o Parlamento retoma a cuestión, terei que volver a Santiago para saber o resultado da votación?


Ai, meu amigo!, lembrás aqueles tempos en que a Voz era o único periódico que se atrevía a informar apesar da censura e das multas? ♦



# Ramón Villares

## 'O agrarismo foi o movimento social máis importante da Galiza'

"Cada paso que nos achegamos a el, o agrarismo vese como o movimento máis importante da historia galega", afirma Ramón Villares, profesor de historia contemporánea e autor do libro *Desamortización e réxime de propiedade*, que sae estes días á venda dentro da colección *Historia de Galicia* que publica Edicións A Nosa Terra. Villares tamén aborda nesta conversa un breve balance de aspectos da situación universitária.



ANXO IGLESÍAS

■ XAN CARBALLA

**A que cre que se debe a aceptación dos libros de divulgación da historia de Galiza?**

É un fenómeno europeo bastante xeral, o que indica que as sociedades son moi sensíbeis á historia, ao produto histórico. Primeiro porque hai un cariño á historia en canto esta fornece unha identidade cultural e comunitaria, como base mesma da europeidade; despois porque desde a II Guerra Mundial para acá produciuse tal trastocamento da estrutura social, de urbanización, de abandono do campo e da pequena vila e dos modos de sociabilidade tradicionais que os fillos dos que abandonaron eses ámbitos teñen unha certa mala conciencia e van ás súas orixes por esta vía.

No caso de Galiza estamos aínda subdesenvolvidos. A historia aquí aínda non ten a importancia no plano cultural que podería ter, aínda sendo factor decisivo á hora de determinar unha cultura galega específica. O consumo de historia é propio da madurez cultural e non está vencellado a sociedades en tránsito, nas que privilexian máis a necesidade de instalarse na vida antes ca buscarlle senso. No futuro coido que a historia vai aumentar moito a súa incidencia no consumo cultural.

A historia na Galiza foi concebida moitas veces nun senso mítico ou ben despreciada: aquí non hai unha *Hemeroteca* que reuna nen os textos do século XX, a documentación privada é escasísima, non deixamos constancia de moitos dos instrumentos de relación, que en culturas como a anglosaxona teñen moita importancia. Vense moitos libros ingleses montados sobre cartas, panfletos, memorias de moi diversas persoas. Non sei, como diría Juan Goytisolo, se é pola confusión, polo predominio da cultura oral ou por esta dificultade de expresar os propios sentimentos que eses materiais gárdanse menos. Imos ter dificultades obxectivas para facer unha historia como a que se fai en Europa, pero hai campo para ela. O consumo de cultura en Galiza ten que ir máis alá da literatura, ten que entrar o ensaio político, económico, de antropoloxía, sobre problemas éticos... e tamén a historia.

**Que lagoas hai na investigación da historia contemporánea galega?**

Aínda quedan algunhas, pero hai que ser prudentes na calificación, porque hai vinte anos apenas se sabía cousa, e hoxe avanzouse moito. Vémonos beneficiados porque as investigacións desde a Universidade aumentaron moito. Avanzouse na historia social agraria, no coñecemento do nacionalis-

mo, da historia económica recente... Que nos queda? Quédanos facer historia institucional, saber como funcionou o estado na época contemporánea. Moitas veces facemos unha historia voluntarista: ben da xente miuda, desde abaixo, ou do que pensaba unha minoría. Pero como funcionaban as deputacións, os gobernadores civís e os grupos interesados en que aquela concepción do estado fose adiante? Galiza, se quer ter algo que dicir no conxunto de España, ten que reflexionar sobre todo isto e elaborar un discurso de como concibe ela a España.

**'O consumo de historia é propio da madurez cultural e non está vencellado a sociedades en tránsito'**

Tamén temos que desenvolver a historia relacionada coa vida cotiá, a muller, a sexualidade, a alimentación, os ámbitos de sociabilidade, a recepción dos cambios culturais e políticos...

**É un problema de tempo, de dificultade de fontes?**

De ambas cousas e tamén de persoas. A investigación orientase por onde algúns nos orientamos. Estanse agora criando escolas e iso é fundamental para consolidar unha historiografía. A única non estatal que está afianzada por si mesma é a catalana. Porque ten dúcias de sociedades locais de historia, con xentes agrupadas que estudan a historia en cada vila e en cada comarca, e contan con revistas que agrupan eses coñecementos. E porque tiveron grandes mestres como Vicens Vives antes a Fontana ou Nadal máis recentemente. Iso foi froito dunha madurez da sociedade catalana. Nós estamos nese camiño pero fáltanos moito por andar.

**A forza da sociedade civil**

**No libro que ven de publicar, a partir dos datos da provincia de Lugo extrapola o significado da desamortización no conxunto do país.**

Lugo é un exemplo case perfecto do que pasou coa desamortización e coa estrutura da propiedade na Galiza. Neste libro péchase un estudo sobre a propiedade que, de diferentes maneiras, pon un punto e aparte ao traballo de vinte anos. O que me preocupa neste libro é como a desamortización modifica a estrutura da propiedade agraria na Galiza, e a conclusión é que a modifica pouco. A información do libro está moi depurada porque se podía escribir un volume tres veces superior en número de páxinas, porque son dúas décadas de traballo. Calquer traballo se define tanto polo que contén como polo que desprezou.

**Que significado tivo a desamortización vista desde hoxe?**

A desamortización na Galiza su-

puxo u  
constr  
neo, pe  
faga u  
A soci  
tan en  
elemen  
de car  
foron p  
das. Is  
de org  
superio  
do est  
dupla  
aplicas  
modific  
distinto  
dizába  
por out  
hoxe s  
capacit  
traballa  
que o  
mentos

En qu  
Mendia

Quería  
pitalista  
tura: lib  
a mobi  
proprie  
de em  
isto tar  
ña, po  
Pero a  
había u  
peque  
que no  
mortiza  
cipasen  
xitimab  
obsesio

'N  
SC

Pasa  
deix  
pesc

A fu  
mes  
do d  
cons  
ción  
e de  
distir  
ra d  
mesi  
e de  
gar.  
com  
xestr  
un p  
tualn  
liber

Vos  
opo:

Cons  
sent  
parte  
dade  
pens  
to te  
da p  
en s  
opos  
mar  
dere  
teño  
xent  
ten  
versi  
xa, p

O ou  
Ferr  
cuai  
de r  
mor  
gale  
visio





puxo unha maneira diferente de construír o estado contemporáneo, por tanto é pertinente que se faga unha historia desde abaixo. A sociedade agraria tradicional é tan entrambucada entre os seus elementos, que mesmo medidas de carácter desestruturador dela, foron peneiradas e mesmo evitadas. Iso quer dicir que hai xeitos de organización social que son superiores ás decisións políticas do estado. Aquí xógase unha dupla tensión: por unha parte aplícase a lexislación e por outra modifícase e os resultados son distintos. O que quería facer Mendizábal aquí non sucede ou vai por outra vía. Isto revela algo que hoxe se fai máis patente: que a capacidade da sociedade civil e o traballar dentro dela é máis forte que o reforzamentos dos instrumentos do aparato do Estado.


**En que fracasou o intento de Mendizábal no noso país?**

Queríase aplicar un modelo capitalista de raíz inglesa á agricultura: liberalizar a terra, propiciar a mobilidade desa terra e que o propietario fose unha especie de empresario. En boa medida isto tampouco se deu en España, pola presenza da nobreza. Pero aquí non se aplicou porque había unha estrutura tan forte da pequena propiedade labrega que non houbo maneira. A desamortización, aínda que non participasen nela os campesiños, lexitimaba a súa posición. A miña obsesión, que non é unha que-

rência particular, é ir comprobando a cada paso que dou a fortaleza da sociedade rural, especialmente do campesiñado como grupo, como comunidade. Iso levounos por unha vía diferente no camiño da modernidade, que ten pros e contras. Permitted manter unha cultura campesiña de carácter tradicional con moita vitalidade, pero empeceu que floreceran elementos da modernidade como a secularización, o individualismo, a urbanización ou a dotación de certos servizos sociais en medida semellante á que vemos en rexións italianas, alemáns ou francesas.

**A resistencia do campesiñado**

**Esa resistencia tiña unha racionalidade?**



A pequena explotación campesiña foi até ben entrado este século exitosa, porque foi quen de resolver o problema principal que é reproducir a sociedade e mesmo incrementar os seus efectivos. Isto significa que non era unha sociedade abatida. Pero este peso da historia tamén ten contrapartidas no tipo de desenvolvemento que tivo Galiza.

**Pódese falar dun colectivo cunha actitude consciente?**

Iso suporía falar da existencia dunha conciencia nacional, e só había un elemento coesionador dos pequenos núcleos de poboación, que era a Igrexa. Contaba cunha organización microcelular que levaba a todas partes elementos como a defensa da comunidade, a búsqueda do consenso e a hiperdefensa dos valores da relixión católica através dos medios culturais especialmente (leitura, escritura, interferencia nos sentimentos e na cotidianidade).

**Anos despois o levantamento foral tamén pon en pé a todo o campesiñado.**

A loita antiforal é o elemento que do punto de vista social define o fin dos resultados da desamortización. O agrarismo vese claramente como o movemento social máis importante da Galiza. Cada paso que nos acercamos a el adquire máis relevancia.

**'Non estou no Claustro pero son solidario con aqueles que me apoiaron'**

**Pasaron varios meses desde deixou o Reitorado. Tirou un peso de enriba?**

A función do Reitor non ten o mesmo senso do cargo derivado dunha elección política e da consulta electoral. É unha elección interna dunha corporación e deixar o cargo ten un senso distinto porque eu non estou fóra da institución. Sigo a ter a mesma función de investigación e de profesor, só mudei de lugar. A función universitária é tan complexa que un Rector é un xestor e en parte, só en parte, un político. Profesional e intelectualmente supúxome unha certa liberación.

**Vostede non aglutina xa á oposición á actual equipa?**

Conscentemente non me apresentei ao Claustro e non formo parte da vida cotián da Universidade. Pero non me escabullo de pensar e de opinar sobre ela. Isto ten unha dinámica diferente da política, e non se pode falar en senso estrito de poder e oposición. Pero non me poño á marxe e opinarei cando o considere preciso. Porque ademais teño que ser e son solidario coa xente coa que traballei e que ten un concepto común da Universidade. Non me dou de baixa, por así dicilo.

O outro día saía o alcalde de Ferrol falando de criar unha cuarta Universidade. Vostede no 1989 manifestaba temor porque a Universidade galega se resentise desa división. Se balance se pode

**facen a día de hoxe?**

A Universidade era unha institución que até a segregación mantiña o carácter único. A segregación do punto de vista político era inevitábel pero non do universitario. En todo caso xa sucedeu e o que se dá na actualidade é un proceso de fragmentación común na Europa mediterránea, igual que antes sucedeu na Europa do Norte. Estamos chegando ao límite de capacidade de captación de alumnado na educación superior. Xa que estamos nun nivel de masificación, ou criamos sistemas universitarios sofisticados tipo California (unha única universidade formal, pero na realidade unha rede de universidades) ou criamos universidades distintas. Aquí foise case a unha repetición de Santiago. Eu penso que había que diversificar máis a oferta, tanto nas carreiras como nos contidos. Non me extraña que haxa quen pida máis universidades, unha vez que se definiu o actual modelo, pero iso ten un límite de orzamentos.

**Na súa etapa o problema de financiamento foi dos máis importantes.**

Nós fixemos unha denuncia constante desa caste de proble-

mas, e foi positivo porque sensibilizou á sociedade. Pero sen conseguirse todos os obxectivos, o Parlamento cambiou no ano 91 os criterios para facer os orzamentos cos que dotar a universidade, e agora hai unha comisión que ten que realizar un estudo técnico sobre a financiación. De maneira que aquel non foi un traballo de balde.

**'Na galeguización sempre tes a dúbida de ser máis radical ou máis reformista.**

**Outro punto importante no obxectivo da súa equipa era a galeguización. Cal é o balance?**

Nós fixemos un esforzo real máis que para a galería. Conseguimos que a expresión en galego na actividade institucional da universidade fose continua. Na docencia a vontade depende menos da equipa reitoral, fixemos tentativas e non sempre con éxito. Sempre tes a dúbida nesta materia sobre se debes ser máis radical ou reformista. Coido que a Universidade non é a institución máis allea ao proceso de normalización, pero o que acontece é que estamos ante un problema global, de mudanza na socioloxía do galego, do seu valor instrumental e de estatus e isto é un problema que na nosa xeneración se vai poñer máis de relevo. Non hai que ser pesimista, pero no conxunto hai elementos de incerteza e preocupación no futuro.

**A revolta do fogar**

Andrés Mahía confía mellor na protesta das mulleres que na comprensión dos homes para rematar coa explotación das amas de casa. O comentario aparece na edición do 7 da REVISTA SEMANAL e refírese á campaña do ministerio de Asuntos Sociais. "Os homes ben sabemos que as mulleres sofren en solitario a ingratitud do traballo doméstico. (...) Así que mellor é que non tentemos de convencer aos tipos do sofá de que a muller traballa dez veces máis e de que morrerían os homes de fame se non fose por elas. (...) Todo iso sábeno, e non lles importa un carallo. O asunto tiña que incidir pola outra cara da moeda: non compre confiar na reflexión do tirano e si no instinto revolucionario das asoballadas. Se lle decimos aos homes o mal que se portan, só se conseguen chistes de bar. Se lle decimos ás mulleres o que podería pasar se optasen por unha actitude combativa, podería conseguirse unha folga xeral de amas de casa de consecuencias imprevisíbeis. Fóra iso de "mire que mal o pasa a súa esposa", e veña mellor "mire como a vai devorar a merda o día que a súa esposa deixe de atendelo". (...) Unha folga rabiosa de amas de casa non só contribuíría a fomentar o reparto xusto do choio senón que aclararía moitos puntos escuros da regueifa doméstica. Así que deixen de chorar enriba da fabada e póñanlla de sombreiro ao badoco do sofá".

**Tareixa dos ricos**

Cosmética para ricos e tapadeira espiritual para tirano chámalle, á Tareixa de Calcuta, Christopher Hitchen no THE GUARDIAN de Manchester do día 8. "É ben hora que lle retiremos o creto, que non se sabe por que extraña razón lle concederon-escribe - No ano 80 temos á Nai Teresa en Haití como hóspede distinguida de Duvalier. Ao recoller a versión haitiana da Lexión de Honor dixo unhas palabras emocionadas sobre o moito que a familia Duvalier quería aos pobres; poucos anos despois vémolos en Centroamérica recibindo a Medalla da Liberdade de mans de Reagan e botando flores ás ditaduras de Guatemala e El Salvador. Despois está coa Falanxe Libanesa o mesmo ano que fixeron a matanza de Sabra e Chatila. Tamen aparece encantada con Charles Keating, presidente da Lincoln and Savings Loan (fondo de investimento) por lle dar medio millón de dólares e cederlle o seu avión privado. Hoxe Keating está na cadea polo fraude máis grande que se lembra na historia de Norteamérica. A Nai Tareixa agasallouno con un cristo ao que lle tiña moito cariño. Precisamente, Keating amosaba o crucifixo públicamente como crédito da súa boa fe. A Nai Tareixa predica fatalismo e resignación para os pobres. Na situación do Terceiro Mundo que ela coñece ben, hai que ter valor para facer estas recomendacións".

**O axexo de González**

"Leva razón Felipe González cando clama diante da opinión pública que está a ser vítima dunha campaña orquestada -di o editorial do diario EGN do día 11. Endebén, se puidese demostralo sería outro escándalo. Unha campaña que xa se advirte como a mellor e meirande operación electoral de todos os tempos da transición. A mellor porque se basea en feitos tan comprobábeis como recusábeis. E a meirande porque nunca se palpara tanto a penetración dos xornalistas militantes da dereita nos medios de comunicación. Estamos diante do asalto final a un partido que, nun caneo ético, gasta millóns en atinxir o poder mediante a descalificación do poder".





ÚLTIMOS DIAS

AMPLIACIÓN DE CAPITAL

Cubre o último tramo e únete  
aos máis de 600 accionistas que xa ten  
A Nosa Terra

# a nosa alternativa na información

Se vostede desexa ser ACCIONISTA debe ingresar o diñeiro da seguinte forma:

**CONTADO:**

- Mediante cheque emitido a favor de A NOSA TERRA
- Mediante ingreso nas contas seguintes:  
304-501-3897-6 de CAIXA GALICIA O.P.,  
30-9346-G do BANCO EXTERIOR O.P.  
ou 40233801 de CAIXA VIGO O.P.,  
todas elas de Vigo, especificando

**"Ampliación Capital Social  
Promocións Culturais Galegas S.A.  
4/1994", e nome, enderezo e NIF de  
quen o fai.**

**DOMICILIACION DO PAGO ATÉ 6 MESES**

Contra o ingreso emitirase resguardo  
provisório até a entrega dos títulos.

**PREZO DE CADA ACCION: 5.000 PTA.**

Se vostede xa é accionista pode comprar  
un número de accións menor ou igual ao  
que xa ten ao prezo nominal de 5.000 pta.  
Se supera esta cantidade debe aboar unha  
prima de 5.000 por cada acción. Os novos  
accionistas pagarán a prima en todas as  
accións, polo que o prezo final de cada  
unha será de 10.000 pta.



*Faite propietario de  
A Nosa Terra*

ENVIE ESTE BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Sr. Director,

Rógolle que a partir desta data se sirvan atender con cargo á miña conta corrente/de aforro Nº..... os documentos de cobro que serán  
apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. en concepto de compra de ..... accións da seguinte forma: ..... mensualidades de ..... pta.

TITULAR DA CONTA

Nome ..... Apelidos .....  
..... N.I.F. ....  
Enderezo .....  
C.p. .... Localidade .....  
..... Provincia .....  
Teléfono ..... Profesión .....

Banco/Caixa .....  
Axencia Nº ..... Enderezo .....  
Localidade .....  
Provincia .....  
..... a ..... de ..... de 1994

Asinatura do interesado



## REPRESIÓN NA EX-COLONIA PORTUGUESA

Catro mortos na conmemoración da matanza de Dili

**O exército indonésio reprime con violencia a nova onda de protestas de Timor Leste**

■ G.L.T.

O exército indonésio castiga con extrema violencia a poboación de Timor Leste no aniversario da masacre de Dili. A represión que custou catro mortos coincide coa visita do presidente dos Estados Unidos a Jakarta para asistir ao foro da Cooperación Económica Asia-Pacífico (Apec). Membros da Frente de Liberación de Timor Leste encerráronse na embaixada dos Estados Unidos en sinal de protesta ao tempo que a fronte de oposición a Suharto proclama o dereito a autodeterminación dos timorenses.

O día 12, ás 14 horas, o timorense Mário Vicente morreu apuñalado polas costas en Dili. Os familiares non permitiron a remoción do cadáver. A resposta da poboación timorense produciuse decontado con manifestacións e asaltos ás tendas dos indonésios. Os incidentes esten-


déronse despois a Santa Cruz e ao mercado de Colmera, onde se rexistaron cargas da policía contra os manifestantes.

As accións de protesta subiron de intensidade o día 13 despois da misa de mañá na igrexa de Lecidere, en conmemoración dos mortos pola represión de Suharto. Un grupo de manifestantes marchou até o hotel Makhota, onde fixo entrega a xornalistas estranxeiros de información sobre a situación de Timor Leste.

Deseguida cargou o batallón 745 do exército indonésio. A Organización de Xuristas Indonésios sinalou que o comandante das forzas fixo varios disparos ao ar e os soldados pelexaron corpo a corpo cos timorenses que se manifestaban.

**Encerrados na embaixada**

No entanto, 29 timorenses seguen encerrados na embaixada



Xanana Gusmão, líder timorense preso nas cadeas de Suharto.

dos Estados Unidos, onde ingresaran coa intención de denunciar internacionalmente a situación do seu país baixo a dita-

dura de Suharto. Non se ten noticia doutros 40 habitantes de Timor que fracasaron no seu intento de acceder ao recinto da

embaixada cando esta foi cercada pola policía.

Na altura do aniversario da matanza de Dili, as organizacións indonésias Pijar, de Jakarta, Infohd, de Amsterdam, Pipham, de Jakarta e Lekhat, de Jogjakarta, condenaron a violencia e as atrocidades cometidas polo réxime de Suharto nos últimos dezaoito anos. As catro formacións denuncian que desde aquela o exército indonésio cometera xenocidio contra o povo timorense seguido de constantes violacións de dereitos humanos e humillacións dos timorenses.

A oposición ao ditador sinala que a opinión pública de Timor Leste está a superar a barreira de desinformación que erguera o goberno do presidente golpista Suharto como parte da súa política de represión. Os partidos da fronte anti-Suharto reclaman respecto pola autodeterminación de Timor Leste. ♦

## DEBATE SOBRE A AXUDA HUMANITARIA

**EN DEFENSA DO 0'7**

INACIO MARTINEZ-ALMEIDA FLORES

Adicar o 0'7% do Produto Interior Bruto (PIB) é unha vella recomendación da ONU que está cobrando forza día a día en todos os países desenvolvidos. En concreto, a ONU deu esta recomendación no ano 73, vendo a imposibilidade de recuperación económica dos países do Terceiro Mundo (TM) sen a axuda decidida dos países desenvolvidos. Unha ollada fría á historia e á realidade mundial non fai máis que constatar que o inxusto reparto da riqueza é sobretudo responsabilidade dos países ricos, que desde o século XIX acadan un grao enorme de acumulación de capital sofrendo un duplo proceso: de monopolización (concentrándose cada vez en menos mans) e de multinacionalización (ou transnacionalización, polo que as empresas financeiras e industriais pasan a ser controladas dende varios países). Así, ese capital convértese no instrumento fundamental da explotación e expansión internacionais, aínda que usando para iso os diferentes estados desenvolvidos.

Este proceso profundízase no século XX onde nace a división internacional do traballo: as potencias imperialistas (EEUU, Xapón, Europa) resérvanse para si mesmas o control da industria, finanzas e tecnoloxía, e relegando aos países do TM a simples produtores de Matérias Primas cun valor decrecente. Isto acadouse mediante o control das fontes de Matérias Primas e do proceso de industrialización dos países do TM grazas ás transnacionais. Tamén se controlou o aforro deses países através das transnacionais financeiras, así como se controlaban os prezos dos produtos manufacturados e das Matérias Primas (grazas ao GATT, etc.), o Capital Internacional (FMI, Banco Mundial); a tecnoloxía e a ciencia (privando ao TM dos seus "cerebros"); a política dos países non desenvolvidos (grazas á colaboración de gobernos que defenden os intereses de minorías privilexiadas dentro deses países); e os Meios de Comunicación para que deformasen a realidade, reinterpretándoa no seu beneficio.

O resultado é que no mundo de hoxe, os países industrializados consomen 7/8

da riqueza da Terra. Segundo datos de 1970-74, sómente o 30'5% da poboación do mundo controlaba o 82% da Producción, o 91% das Exportacións, o 85% das Armas, e o 98% da Investigación. Ese mesmo 30'5% consumía o 87% da Enerxía, o 78% dos Abonos, o 94% do Aluminio, e o 94% do cobre. Segundo un informe do Banco Mundial de 1985, 2.060 millóns de seres humanos deben sobrevivir no TM cunha renda *per capita* anual de 1.952.000 pesetas de 576 millóns de privilexiados/as dos países desenvolvidos. A proporción resultante de comparar estas cifras arrepiantes móstranos que un/unha traballador/a dos países desenvolvidos cobra 61 veces máis que un/ha traballador/a dos países do TM, e que un neno/a norteamericano consume, en recursos materiais, 500 veces máis que un do TM, ou que pouco máis de 8 millóns de suecos consomen a mesma cantidade de enerxía que toda a poboación da India (uns 735 millóns de persoas).

Todo o dito até agora é aplicábel á alimentación, saúde, educación, tecnoloxía, ciencia e Medio Ambiente. Por exemplo, un informe da FAO asegura nunhas estatísticas que a agricultura mundial podería alimentarse a 12 mil millóns de seres humanos. Daquela, como é posíbel que nun mundo de 5 mil millóns de persoas haxa 40.000 persoas que morren de fame cada día (286.000 nenos/as á semana). Segundo a OMS, uns 1.200 millóns de persoas carecen de auga potábel e de sistemas de evacuación de residuos, a mortalidade infantil ascende a 11 millóns de nenos/as menores de 1 ano e a 5 millóns menores de 5 anos, sendo as diarreas e as enfermidades infecciosas complicadas pola malnutrición as causas desas mortalidades. En canto á educación, neste final de século hai máis

de 900 millóns de persoas adultas que non saben ler nen escribir. E a estas alturas xa sabemos como afecta a explotación indiscriminada de enerxía ao medio ambiente, especialmente ao TM.

Pero as calamidades semellan non ter fin, e na década dos setenta, os países desenvolvidos deciden dar saída ao capital acumulado polos beneficios derivados dos altos prezos do petróleo concedendo créditos bancarios aos países do TM máis desenvolvidos con taxas de interese moi baixas, pero que podían ser modificadas. É o nacemento da famosa "Débeda Externa", que había de dispararse nos anos 80 debido ao aumento dos tipos de interese, á devaluación dos prezos dos produtos exportados polos países endebedados, ao incremento do proteccionismo dos países desenvolvidos, ao saqueo sistemático das transnacionais mediante o investimento directo e a exportación de capitais, e ao nulo control do uso dos préstamos por parte dos gobernos dos países receptores. O resultado é que nesta década dos 90 a produción dos países endebedados non pode afrontar nen tan sequer o pago dos intereses derivados dos créditos.

Resulta así que o TM está pagando o desenvolvemento dos países que lle prestaron diñeiro en prexuízo do seu propio desenvolvemento.

O problema da Débeda Externa comeza a ter pois carácter político, social e até morl, alén do económico. E aquí é onde se debe emarcar o debate sobre a necesidade de ceder desinteresadamente o famoso 0,7% do PIB aos países do TM.

Existe, entre certos sectores da esquerda "progresista", a idea de que basta con que os países imperialistas se retiren do TM para que este comece a recuperarse.

‘Non basta con que os países imperialistas se retiren do Terceiro Mundo, como pensan algúns’

Isto é un erro, pois resulta evidente que se precisaría dun tipo de colaboración solidaria máis profunda para estes países acadaren un desenvolvemento normalizado. Solidariedade que deberá ser respetosa coas características sociais, culturais e económicas de cada país para que nengun país resulte dramáticamente afectado na súa maneira de ser. Será necesaria tamén unha maior preocupación polo desarme, a paz e a ecoloxía e un abandono das inxerencias dos países poderosos nos asuntos internos dos países do TM (neste senso resulta vergoñenta a guerra de influencias entre Francia, EEUU e o Reino Unido que desembocou na guerra civil de Ruanda). Así mesmo, o reto máis importante aberto pola cesión do 0,7% é o de como establecer o seu control para que sexa imposible que xurda calquer desviación do seu uso inicial. Para iso a solución ideal pasa por veiculizar esa cesión através das Organizacións Non Governamentais (ONGs) que xa se atopan traballando na solidariedade co TM.

Aponte máis arriba como non abonda coa cesión do 0,7% do PIB para paliar a miséria do TM e como deberían incrementarse outras vías de solidariedade paralelamente á económica. Neste senso, convén dicir que o 0,7% non é, nen moito menos, un límite estrito imposto de maneira definitiva á colaboración solidaria, senón un primeiro paso que debería ser incrementado progresivamente até acadar a definitiva independencia económica de todos os países afectados pola miséria, e isto leva parella de maneira inexcusable a condoción da asfixiante débeda externa.

O tema do 0,7% é algo delicado que moita xente, mesmo entre que se considera a si mesmo solidaria, tende a malinterpretar. Os obxectivos perseguidos coa súa cesión fican aquí esbozados: a consecución dun mundo máis xusto e solidario, no que cada país poda disfrutar por igual dun grao semellante de desenvolvemento, e no que a fame, a guerra, e as enfermidades crónicas sexan desterradas para sempre. ♦





A ALDEA GLOBAL

### Unha outra perspectiva sobre *A metade da vida*

Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)

**As letras** galegas podía que non gocen de moita saúde, pero a gastronomía vai para arriba. Vexan senón o orzamento das entidades galegas en Catalunya polo Dias das Letras: 6.580 quilos de polbo, 3.564 unidades de empanada, 485 quilos de queixo galego, 1.268 quilos de chourizo da mesma procedencia, 98 xamóns, 226 lacóns, 1.107 tartas de Santiago, 6.180 quilos de pan, 280 quilos de orella, 5.220 botellas de viño e máis 200 litros de augardente. Estes datos, que foron publicados pola revista *Lua Nova* que edita a Asociación Rosalía de Castro de Cornellá, mereceron tamén o seguinte comentario: "seguro que reducindo un anaquiño o presuposto das festas e gastándoo no estudo do autor a quen se lle dedica o Día das Letras se pode conseguir unha celebración máis axeitada". Mágoa de todos modos que ambas cousas non sexan conciliábeis, porque que hai mellor na vida que acometerlle a unha tapa dobre de orella en canto alguén che recita uns versos sobre as montañas do Caurel?

Surprende-me ler en ANT (3-Nov-1994) a crítica destrutiva que lle dedican ás longametraxes *A metade da vida* e *Dame lume*, dada a benevolencia con que acostuman tratar os produtos culturais galegos (desde a música rock até a literatura de toda caste). Temo que máis dun leitor, afeito á súa habitual crítica amábel e encoraxadora, teña pensado, ante tal xuízo demolidor, que eses dous filmes galegos non pasan de ser un par de bódrios. De *Dame lume* non podo opinar, porque non tiven aínda oportunidade de velo; querría, porén, facer algunhas reflexións sobre *A metade da vida*.

Tiven ocasión de ver o filme no Festival Internacional de Cinema de Figueira da Foz. Alí, *A metade da vida* foi muito ben recibida, tanto polo público como polos organizadores, tal como se viu no colóquio posterior á proxección. Polas intervencións da xente era claro que ninguén tivo dificultades para seguir o fio argumental e até entrar nos recantos do enredo. Lembro ademais que, alí e logo nalgún meio xornalístico portugués, foi subliñada a brillante actuación de Maria Bouzas. Pola miña parte, engadiria os nomes de Ernesto Chao e Alfonso Agra, sen desmerecer con isto a interpretación dos outros actores (nomeadamente, Evaristo Calvo, Isabel Vallejo, Mela Casal) que o fan nobelmente ben, destacando máis ou menos segundo as posibilidades e limitacións dos seus personaxes. Alén diso, como fotógrafo amador retirado, pareceu-me excelente a realización fotográfica, non só nos aspectos compositivos (luz, cor, enquadre...) senón asimismo na articulación das imaxes (cenas, secuencias...). Con todo isto, quero dicir que *A metade da vida* é un filme *normal*, do que uns espectadores gustarán e outros espectadores non gustarán, sen que sexa en nengun caso un filme mau: i.e., non é —para nada— unha obra falida. O que non significa que non sexa criticábel, e mellorábel, en máis dun punto.

A obra de arte —como, por exemplo, *A metade da vida*, dito isto sen o menor papantismo, como se diría de infinidad de filmes, pezas, libros, etc.— incorpora, alén da súa feición técnica, unha imprevisível capacidade suxeridora, e até ás veces un efecto turbador. Neste caso, en que o tema está tan próximo da experiencia cotidiana (tan perto do que son, no ámbito privado, muitas vidas nunha cidade calquer), enraizando capilamente (e substantivamente) na realidade galega, as reaccións dos espectadores serán, a bon seguro, muitas e varias. O que é certo é que este filme, co seu torrente de diálogo, choca frontalmente contra un tópico consagrado (un estereotipo amplamente estendido na linguaxe ci-

**Foi muito ben recibida, tanto polo público como polos organizadores**



nematográfica): que non se poden "dicir" os sentimentos, que estes están máis aló de toda palabra, etc. Ora, ir contra os tópicos é ir contra corrente, e isto ten un prezo (cousa que, aliás, debe ben saber ANT). Mais, quebrando os tópicos é como a obra de arte —unha calquer, como *A metade da vida*— se abre á experiencia, á propia vida.

Lamento non pode engadir nada sobre *Dame lume*, porque como xa dixen aínda non o vin, para aportar, como neste caso, unha perspectiva diferente da que aparece recollida nas súas páxinas. ♦

L.G. SOTO (A CORUÑA)

### Coerencia, por favor

O outro día levei unha desagradábel sorpresa lendo o número 645 de *A Nosa Terra* correspondente ao 27 de Outubro, pois nun anuncio sobre os concertos da Orquestra Sinfónica de Galicia aparecía, apesar de estar aquel integramente en galego, de estar subvencionado pola Xunta e de estar publicado neste periódico, o topónimo ilegal de *La Coruña*, teimudamente mantido polo alcalde coruñés pésie a

todo o lexislado na súa contra.

Penso que semellante topónimo está de máis en *A Nosa Terra*, e como confío na coherencia desta publicación, espero que este erro non se volva repetir, non vai ser que Pacu Vázquez se poda gabar de impor os seus criterios até entre os seus detractores. ♦

FERNANDO PEREIRA GONZALEZ (SANTIAGO)

### Mapa lingüístico e ambiente castellano

Desgraciadamente, os datos acadados polo Mapa Lingüístico da Academia Galega sobre a saúde do noso idioma, viñeron confirmar, dun xeito máis dramático aínda do agardado, o palpábel declinar que calquer observador concienciado ao respecto podería confirmar nada máis que con prestar atención á situación lingüística real do país, a da rua. Enchame de pesimismo comprobar que os meios de comunicación galegos, cando menos os de maior impacto, non teñan feito reseña nengunha sobre o tema, ou se a fixeron, desde logo non tivo a relevancia que debería ter un tema



tan transcendental para a nosa determinación como povo. Pola contra, engade un pouco de esperanza saber que a intelectualidade galega consultada por *A Nosa Terra* si semella ser consciente da gravidade do problema. O que xa non semellan ter tan claro son as causas que están a levar á progresiva substitución do galego polo castellano, quizais porque a sorpresa non deixou tempo aínda para facer unha reflexión. Eu quixera deixar aquí a miña humilde opinión do porqué deste "lóxico" deterioro da lingua galega.

A razón pódese resumir nunha frase tan sinxela que podería ser acusada de infantil: "A xente fala na lingua na que mellor se expresa". A fala é unha función natural do ser humano, e como todo o que é natural, tende a adoptar a máxima sinxeleza posible. Non quero con isto negar a existencia do tan sinalado auto-ódio e os complexos que aínda azoutan ao galego, pero se a mocidade do país fala castellano é nada máis que porque o fala mellor. Non esquezamos que máis acompleados estaban os nosos avós e aínda así falaba galego. Porque na sociedade rural na que eles aprenderon a falar, o entorno lingüístico estaba case que exclusivamente formado pola familia e mais cos veciños, nun entorno totalmente galego-falante. Os que ían á escola botaban nela un tempo insuficiente para mudar de idioma.

**Eu falo e escribo moito mellor en castellano do que en galego, por máis que me doa**

Mais hoxe, supoñendo o caso favorábel dun neno que nace no seo dunha familia galego-falante, esta forma só unha parte deste entorno lingüístico, e polo que se está a ver, unha parte non abondo importante. Unha análise lixeira do resto deste entorno revela os seguintes datos aproximados:

**Escola:** Unhas 4 horas semanais de ensino en galego, fronte a 25 en castellano.

**Televisión:** 1 canle en galego, fronte a 5 en castellano, sen falar das TV-Sat.

**Rádio:** Sendo moi xenerosos, diremos que o 10% das emisoras que se reciben en Galicia emiten en galego.

**Prensa diaria:** Incluindo diários de tirada estatal, a proporción debe andar por 1 contra 12, máis ou menos, xa que nestas cifras o grao de precisión tanto ten. Mellor non falar de revistas e publicacións semanais ou mensuais.

**Literatura:** Podemos dar por certo que o único que se pode ler en galego é a nosa literatura. A proporción de libros en castellano respecto ao galego debe andar próxima ao infinito.

Despois deste breve repaso, e tendo en conta que se ben unha lingua apréndese falando e escoitando, pero que se mellora lendo, escribendo e estudando nela, hai aínda alguén que estea sorprendido porque a mocidade fale en castellano? O que nos debería sorprenden é que queden aínda rapaces galego-





falantes. Eu falo e escribo moi-to mellor en castellano do que en galego, por máis que me doa, pero como vai ser doutro xeito tras vinte anos de estudar e ler todo en castellano? O meu vocabulario é indubidabelmente máis amplo en castellano.

O goberno galego ten que implantar xa o ensino en galego, e se non se atreve a impolo, cando menos hai que lle dar á xente a posibilidade de poder escolarizarse na lingua que lle pete. Coido que isto non é máis que solicitar un dereito como cidadán. Que sentido pode ter que no rural a escola sexa en castellano? Unha de dúas, imposición do castellano ou que os gobernantes son parvos.

Ademais, o ensino é o único eido no que o goberno pode actuar directamente, xa que as medidas que se podan tomar cos medios privados, como subvencionados para que muden o castellano polo galego, teñen que contar cunha predisposición favorábel destes propios medios, e todos sabemos en que mans está, por exemplo, a prensa galega.

Ainda podemos salvar o barco se actuamos con prudencia e eficacia, pero en nengun caso vai ser unha tarefa doada. Eu rodo a todos aqueles que teñen un mínimo de influencia pública, a empreguen rápido e sen dudar en favor da causa. ♦

FRANCISCO X. OTERO SOTELO  
(VIGO)

## Homenaxe aos heróis traizoados

Con motivo do recente acto franco-español que tivo lugar na localidade de Prayols, onde en 1982 se erixiu un monumento aos guerrilleiros españois que deron a vida loitando contra o nazismo, cuxa primeira batalla tivo como cenário o solo pátrio hispano, un compañeiro daquelas vivencias ilustranos sobre a xesta protagonizada, non só por 160 valentes que en Outubro de 1944 aniquilaron unha columna alemá moi superior en efectivos, senón que tamén por outros máis de 60.000 cidadáns do ancho e longo da nosa xeografía, fuxidos da barbárie franquista que asolou á Patria, o povo, coa axuda abrumadora e experimental dos súbditos de Hitler e Mussolini, dándolle o trunfo ao feixismo caciquil e á inquisición asasina.

Cóntame este amigo que en moitas das cidades e localidades galas ocupadas, as tropas invasoras tiñanlle verdadeiro pánico aos nosos guerrilleiros, até o punto de só patrullaren polo día, sofrendo baixas de consideración, pois pola noite metíanse nos cuarteis, apesar da abrumadora superioridade dos seus continxentes.

A traición imperdoábel resultou que ao cabo da contenda fabulosa todos os liberadores voltaron aos seus países liberados; todos agás os nosos valentes e mártires, xa que o contubernio e a complicidade da política sócio-económica chamada occidental non permitiron, incluso deixando na máis vergoñenta das impunidades aos gobernantes daquel réxime descaradamente colaboracionista.

## UNHA TAZA DE TILA

NANINA SANTOS

Concluo que teño unha sensibilidade moi excitábel e que o recomendado para a miña saúde é tranquilizarme.

Sigo irritada. Agora porque nunhas Xornadas Técnicas sobre Asociacionismo feminino organizadas polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller, os conferenciantes eran varóns, os relatores das mesas redondas eran varóns tamén (agás unha señora) e para maior inri as moderadoras eran uns lindos floreiros femininos no meio de tanto esplendor varonil.

A miña hipersensibilidade non pára aquí, nas mesmas xornadas celebradas en Compostela os 9 e 10 de Novembro e organizadas polo SGalegoPIHM coa colabora do Instituto Galego da vivenda e solo e a Escola Galega de Administración Pública, o uso do galego desde a mes anon chegou ao 50%.

Que que máis? Pois houbo un xantar —ao que non fun— con cargo aos presupostos das Xornadas —é dicir, aos nosos impostos. Un xantar para unhas 400 asistentes entre os dous días.

Por que vou estar irritada? ♦

O goberno e o povo do viciño país recoñecen pública e oficialmente que os nosos heróis contribuíron de maneira decisiva á derrota nazi e á liberación da Franza pola causa aliada. Daí esa épica e monolítica figura dun guerrilleiro español perpetuando a memoria de tantos loitadores mortos por defender a liberdade no mellor das súas vidas.

A xeito significativo, a anécdota de que estando no porto fluvial de Molex, ano 1960, un grupo de navegantes da mercante internacional "entramos nun bar, e á saída, cando quixemos pagar, atopámonos con que non debiamos nada, xa que clientes habituais do mesmo querían de tal xeito mostrarnos a súa gratitude, lembrando precisamente os nosos paisanos que tanta e determinante axuda lles prestaran contra o invasor nazi".

Postos a matinar, sequer un pouco, sobre o histórico fito, rubricado nestas datas pola presenza dos dous estadistas, Mitterrand e González, progresistas de dereito, non se nos escapa a posibilidade dunha ironía mesmo macabra, na hipótese de que no seu lugar fosen mandatarios de signo contráreo, que ben podería suceder pola parte que nos toca, ou sexa, uns xefes dos que aínda non deixaron de selo e de contrastada epigonia que comandaron un réxime fascista e filonazi descaradamente belixerante en favor do demencialmente pretendido e milenário imperio ario. ♦

XOSÉ OTERO  
(O GROVE)

## A falácia do 0'7

O imperialismo non é un conceito pasado de moda, como non está pasado de moda o marxis-

mo como método de análise científica e isto vémolos día a día na Galiza aínda que sexa triste de ver: ver os trens da Franza carregados de leite, ver o desmantelamento das poucas industrias que nos quedan, ver como o galego recua na mocidade, ver coma o paro xa non ten o "aliviadeiro" da emigración e afe-rrolla á mocidade que é cada vez máis dependente dunhas familias cada vez máis empobrecidas... ver como aqueles acertados posicionamentos do nacionalismo popular (UPG-ANPG-CFFPG, logo BN-PG, hoxe BNG) en contra da entrada na CEE, a correcta análise das consecuencias do que esta entrada ia supor para Galiza, a combativa resposta na actuación política en todas as frentes, callaron na nosa sociedade mentres a realidade demostrou que non era "catastrofismo" senón denuncia da catástrofe o que o nacionalismo popular (alcumado de case todo: "terceiro mundista", dixera mesmo Xan Facal nunha conferencia do PSG-EG na Coruña) estaba a realizar.

Agora onde non se aplica o marxismo como xeito de análise ou mesmo nen sequer se sabe o que é iso do materialismo dialéctico, onde se pensa que Lenin foi que inventou o concepto de Ditadura do Proletariado (Marx) e o PCE se define como "marxista-revolucionario" (como se houberse marxistas non revolucionarios) que se pode agardar? Que nos digan que o Bloque é populista?, Que Cataluña é o peor da España? Que ter un Banco Público Galego é insolidário? Que o que importa é a contradición burguesía-proletariado? Que o nacionalismo é xenofobia? Que o 0'7% do PIB é xustiza?

Comezaremos agora os galegos e galegas a alienarnos mesmo en cousas que "o sentido comun" da maior parte dos galegos/as ten claras? Estou a falar da "falácia do 0'7", sobre isto meu abó —votante do PP, prototipo do labrego-simbótico-emigrante alienado e explotado durante toda a súa vida, aínda que se cadra "prás próximas voto ao Beiras" que di el —di que se trata dunha carallada, conta por exemplo de cando estaba en Venezuela a traballar

xunto miña avoa na casa duns millónarios xudeus (e cuxos fillos/as aínda saen nas telenovelas) e tiñan moreas de caixas da "Cruz Roja Internacional": leite en po, arroz, alimentos de toda clase e incluso roupa que empregaban as asistentes... Habrá quen pense que di isto por insolidariedade pero non é así, para meu avó —como para a meirande parte dos/as galegos/as— a solución está en que as cousas funcionen doutro xeito e bóttalle a culpa aos políticos, e curiosamente sempre fala de Carlos Andrés Pérez. Algo de razón ten, sabe da riqueza de recursos do Brasil e Venezuela e sabe da miséria na que viven as clases populares destes países, sabe da opulencia das súas clases dirixentes... se non sabe explicar o porqué do proceso de subdesenvolvemento non é máis que porque non tivo nengun tipo de formación e hoxe pasa o día a ver a tele. Se isto non fose así subscrebería as teses da CEPAL, diría cousas parecidas a Lafont aínda que sen falar de "colonialismo" aínda que seguro había topar verbas parecidas e mesmo tentaría ir ás manifestacións do BNG. Evidentemente a realidade é distinta, os medios de comunicación cumpren o seu papel ideolóxico e danlle ás acampadas da miséria intelectual española unha cobertura que xa quixeran os labregos e labregas para denunciaren a traída de leite francés ao País de un millón de vacas que é Galiza, por riba esta atitude repítese cando algúns poucos se lles dá por escribir "0'7 Ya" en Ourense aínda que o Carrabouxo dé trazas ainti-imperialista e galegas á movida...

É preciso alertarnos os nacionalistas galegos, ainti-imperialistas no cerne, do perigo que pode supor para o movemento anti-imperialista internacional, para as organizacións de liberación nacional, a volta a un "humanismo" que promova unha "solidariedade en abstracto" que en definitiva xustifique a orde económica establecida como única posible, e que polo tanto faga entender que a situación do Terceiro Mundo se debe a un "retraso" destes países no senso de Rostow. Darlle

Sobre isto o meu abó —votante do PP, prototipo do labrego explotado— di que se trata dunha carallada

**Horácio Vixande**, redactor de A Nosa Terra, foi ameazado e detido en Foz, despois de que o alcalde da localidade considerase inoportunas as súas preguntas sobre a desaparición de 11 millóns do concello. O curioso é que esta era a primeira reportaxe que realizaba en Galiza desde a súa chegada de Suláfrica. Nen en Johannesburgo, a cidade máis violenta do mundo, nen en Soweto, tivo os problemas que se encontrou na Mariña luguesa.

**Ao Milucho**, deputado nacionalista, fixéronlle a puñeta por dicir que o Conselleiro fora a Madrid a munxir ao Ministro. O que os amolou en realidade foi a palabra "munxir". Considéranla malsonante por ser da aldea. A burguesía provinciana sempre preferiu os eufemismos. No coléxio de monxas Los Placeres de Pontevedra obrigaban a chamarlle aos ovos fritos *blanquitos*, ao water *lugares* e ao porco *El animalito rosa*.

## OFERÉCESE TRABAJO

Na provincia de Pontevedra para traballo editorial.

\*

Reserva absoluta.

\*

Interesados chamar ao teléfono (986) 43 38 30

\*

Preguntar polo Sr. Carlos Martínez



A ALDEA GLOBAL



Alguns comentaristas tamén se esforzan en culpar a este deputado de esquecer a "cortesía parlamentar". Será porque non viaxan, nen len o seus propios periódicos, nos que se informa das pelexas, rifas e labazadas que se dan en parlamentos tan democráticos e veteranos como o italiano, xaponés e inglés. O que sobran aquí son componendas, ceas, xantares, compadros e acordos tras as bambalinas e de costas ao eleitorado.

Sabiduría de la ilusión, La plenitud humana, Ética para Amador son títulos dalguns dos ensaios españois máis recentes. Xa non se pode ser máis chimpafigos. Un non sabe que preferir, se isto ou aqueles outros con títulos tan compactos como España es mi madre que escribira Enrique Herrera Oria nos anos cincuenta.

apoiu a unha campaña que sexa como sexa é manipulada polos medios de información de masas, polos partidos estatais (PP-IU-PSOE) e mesmo por sindicatos (UGT-CCOO); sería nefasto para Galiza como colónia, como nación oprimida, como país cuxas forzas produtivas están sendo afezoizadas en nome da "unión europea", cuxas estruturas sócio-económicas están sendo hipertrofiadas pola entrada de multinacionais, e así seguido produciría unha xustificación do imperialismo en aras da "modernidade" ou da "europeidade" ou da "solidariedade", o que comportaría a reprodución das condicións e mecanismos polos cais Galiza segue a ser unha Colónia Interior. Ademais de estar a explotar-nos, o españolismo chegaría a convencer-nos que o Estado español é solidario coa Galiza porque a diferenza relativa entre a Renda Nacional Bruta da Galiza e a correspondente Renda Familiar Disponible é -15.33%. Se isto acontece-se estaríamos incapacitados para sacar a Galiza do seu subdesenvolvemento, habería alguén que solicitase o 0.7% do PIB español para Galiza, habería alguén disposto a concedelo, e nada cambiaría.

Se a campaña do 0.7% realmente está a xerar opinións favorábeis á solidariedade, o nacionalismo ten que aproveitala para dicir que no nome da solidariedade explotan Galiza. Nada de 0.7%, exixamos a autodeterminación dos Povos. ♦

MIGUEL EDREIRA CASTRO  
(FONTE DO TORNO - SIGÜEIRO)

O agro que se nos escapa das mans

Neste comezo do mes de Novembro, cando os nosos paisanos rememoran aos seus difuntos levándolles flores aos camposantos aldeáns, lémbrome con certa tristura das nosas aldeas que, se ninguén o remedia, camiña irremisiblemente cara unha morte anunciada, coas súas casas rodeadas polo

DOMINGUEIROS

X. PIÑEIRO

Así lle chaman en Bósnia aos cascos azúis aos políticos que van sacar a foto coa tropa aproveitando o Domingo. E así parece que actúan a maioría dos suicidas galegos, con domingueira premeditación, segundo un estudo do forense Quintanilla, facendo boa aquela frase bíblica de que no sétimo día compre descansar.

Os dos políticos era sabido. Non fai falta fixarse en Bósnia para comprobar a de merendas, romarias, homenaxes e outros estresantes sacrificios de acreditada vocación domingueira nas que se ven.

O dos suicidas nosos, solitarios e aldeáns na súa meirande parte, era de esperar. Quitarse do meio é, por definición, unha obra de afeizoados. Como non cabe repetir, tampouco é posíbel profesionalizarse. Por iso o adxectivo de domingueiros vaille que nen pintado aos que penduran das árbores; piñeiros, preferentemente, segundo o tal estudio.

Para profesionais, naturalmente, os políticos. Claro que tamén podían tomar exemplo dos suicidas e descansar. Definitivamente, que se di. Se deben ter en conta os niveis de estimación social que por aí están publicados, seguro que case ninguén se ia molestar nen en despenduralos dos piñeiros. ♦

monte circundante e sen apenas mocidade que lles dean a vida, só cuns cantos vellos que viven —como un agasallo do céu segundo eles— a conta dun miserento subsidio, como cativo pagamento a moitos anos de privacións e duro traballo de sol a sol nos eidos.

As decrepitas casas van esmorecendo por falta de coidados e as silvas e mais as edras campan por todas partes, adonándose do seu derrubado esqueleto rochoso.

Casas construídas polos devanceiros, que outrora albergaron a familias de numerosa prole, pero que obrigados polas adversas circunstancias da Galiza foron dar vida, traballo e riqueza a outras terras ou cidades que os acolleron on interese, como man de obra laboriosa e barata, nas que tras moitos anos de traballo e sacrificio fóronse abrindo camiño e conseguindo botar novas raigames fora do lar nativo.

As antigas vereas e corredoiras polas que transitaban decote os sonoros carros do país ategados de produtos da terra ou de estrume para estrar as cortes cheas de gado, vanse tornando intrasitábeis, invadidas polo mato das silvas e codosos, das xestas e mais os toxos.

Os eidos e lameiros, desdebuxados da paisaxe por estaren a maioría a ermo, deixaron de producir o millo, centeo, patacas ou remolacha imprescindíbeis para a manutención do gado. A erva, que xa a ninguén interesa porque apenas queda facenda, tampouco se sega porque os nosos gobernantes decidiron, de comun acordo, seguir os intere-

As decrepitas casas van esmorecendo por falta de coidados e as silvas e mais as edras campan por todas partes

sados consellos dos seus ricos sócios comunitarios e houbo que deixar de producir a carne e o leite que, desde sempre, foron a fonte de riqueza máis importante para o labrego e un dos seus medios de vida. Os cabaceiros onde se secaba o millo van quedando baleiros ouas tullas onde se almacenaba o grao, así como as palleiras que gardaban a palla e a erva durante todo o ano, e pronto, se esta alarmante situación non muda, rematarán por se esborrallar como moitas das casas, tanto por falta de uso como de atención.

As tan desexadas Concentracións Parcelarias que despertaron grandes expectativas nos nosos labregos e nas que a Administración investiu moitas de cartos, ofrecidas como a solución aos problemas do agro galego, deixarán a este paso de teren utilidade e de cumprir o fin para o que foron criadas, e hoxe, e boa parte dos casos, só serve de cadrícula da paisaxe montesiña. Se este grave problema non se remedia axiña, moitas das nosas aldeas desaparecerán fisicamente entre o mato ou por mor do lume, provocado ás veces como rexeitamento a tanta impotencia e abandono.

Agora que, como consecuencia do agravamento da crise económica que azouta a esta sociedade consumista e pouco solidaria á que nos conduciron políticos foráneos, o Parque Tecnolóxico e os Polígonos Industriais salferidos pola nosa xeografía pasan a se converter en modernos cemitérios tecnolóxicamente avanzados, pergúntome se o noso proletariado ocioso (por falta de postos de traballo) será capaz de endireitar o rumbo, voltando ás súas aldeas para tentar da entre todos un novo impulso a este secular esmorecemento do agro ou, pola contra, o noso campo ficará orfo e selvaxe para uso e disfrute dos cazadores-depreddores de turno.

O tempo, que din que é bon conselleiro, máis cedo ou máis tarde traeranos a resposta. ♦

XAQUIN VALES  
(OURENSE)

Anunciándose en A NOSA TERRA a sua publicidade chega a todo o mundo

Telf. (986) 43 38 30



Centro cultural "Electo Carballo"  
15174 O Portazgo  
CULLEREDO (A Coruña)

Telf. (981) 66 62 28  
Fax (981) 66 17 75



Radio Fene  
Casa do Concello  
15500 Fene (A Coruña)

Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81  
34 24 11 - 34 30 56  
Telefax (981) 34 27 51



## Santiago de Cuba e Compostela intercámbian as culturas galega e cubana

A Asociación Cultural *Cidade Vella*

de Compostela asina convénios culturais coas cidades cubanas

■ G. LUCA DE TENA/S. DE CUBA

Santiago de Cuba e Compostela, intercambiarán delegacións de artistas mercé a un acordo de colaboración. Por este camiño de ida e volta, os activos talleres plásticos do Oriente cubano confrontarán a a súa experiencia con pintores e ceramistas compostelanos através de visitas anuais nas dúas direccións. A música e a programación cultural das dúas primeiras cidades que levaron no mundo o nome de Santiago, participarán tamén deste convénio.

A comunicación entre o Santiago porto do Caribe e o da Galiza, naceu dunha iniciativa da *Asociación Cultural Cidade Vella* de Compostela, a partir dunha visita dos pintores santiagueros Israel Tamayo e Berto Luis Ruano.

No acordo participa o *Taller Cultural Luis Díaz Oduardo* de Santiago de Cuba e o *Centro Cultural El Batey* de Mella. A primeira destas institucións é un centro modélico para a formación de artistas plásticos que ten catalogado máis de 200 exposicións en corenta países.

Tanto o obradoiro de Santiago de Cuba como o *Centro Cultural el Batey* de Mella, teñen realizado interesantes experiencias na colaboración entre artes, letras e técnicas. A inter-disciplinabilidade como vía de enriquecemento e anovación complétase coa visita frecuente de artistas doutros países. Ambas dúas institucións conciben a arte de avangarda desde a premisa da formación básica, de acceso universal.

A *Asociación Cidade Vella* viaxou a Santiago de Cuba cunha representación plural e completa. Uxia e o compositor Nacho Muñóz deixaron no patio colonial da Unión de Escritores e Artistas de Cuba (UNEAC), do casco histórico de Santiago, unha proba brillante da memoria cultural da outra beira. (Ao artista cubano Garzón correspondeulle a réplica con son, tumbado, habaneiras e unha canción de berce galega).

O ceramista Manuel Caamaño traballou no torno cos alumnos dos talleres de Santiago; Carme Mariño conferenciou sobre a evolución do traxe e a danza nacional; Xurxo Martiño e Luz Varela falaban



Vitor Belho presenta a Uxia diante do público congregado na Praza de Mella (Santiago de Cuba).

A NOSA TERRA

sobre o momento da pintura.

### Público e privado

Levaron a representación da directiva de *Cidade Vella*, Vitor Belho e Juanjo Goyanes. A asociación ten o compromiso de organizar na Galiza, o próximo mes de Xullo, o *Festival do Caribe*. Os cubanos advertían o paradoxo de que correspondese a unha cooperativa cultural de orixe privada o compromiso de promover e defender a cultura popular. A explicación deixaba o sabor dunha nova sorpresa: as institucións públicas da cultura na Autonomía entréganse de preferencia a acordos privados e beneficios comerciais.

Nos encontros da delegación galega en Santiago de Cuba e Mella participaron os artistas e escritores cubanos Gretel Arrate, René e Alberto Lescay, Raúl Féria, Manuel Vila, Julia Valdés, Olga Trapez, Dagoberto León, Ariel James, Ulises Hernández e Raúl Nubiola.

Posteriormente, a delegación galega participou no III *Taller Internacional de Arte Naif* celebrado na cidade de Mella de par de representacións da República Dominicana e Colombia e de 40 artistas do Oriente cubano.

Nunha segunda etapa da visita a Cuba, o grupo de *Cidade Vella* estableceu acordos de intercam-

bio e colaboración coa Dirección de Cultura da Cidade da Habana, coa *Uneac*, *Fundación Alejo Carpentier* e o *Centro Wifredo Lam para a Promoción da Arte*. Asimismo realizou unha visita ao

*Centro Cultural Rosalia Castro* da Habana Vella. O momento alto do programa da Habana, marcou un memorábel concerto de Uxia con artistas cubanos no teatro La Sinagoga. ♦



Manuel Caamaño, Carme Mariño e Juanjo Guianes interveñen no obradoiro cerámico do centro "Luis Díaz Oduardo".

A NOSA TERRA

## O CÁMBIO DESDE DENTRO

G.L.T.

Os cambios da economía cubana desde a caída de Muro de Berlín, xa están dentro da súa pintura. O *filar* (o dólar da economía paralela) aparece no fondo dun óleo como un Pantocrator; outros píntano como o globo de Montgolfier ou a maneira de avión. A representación é explícita, impaciente, e reflexa as tensións asumidas pola Revolución para superar o illamento económico e conservar o enorme edificio da educación, a defensa e sanidade públicas.

A regra económica modificada en parte transmite cambios á toda a produción cultural. O prólogo de Leonardo Padura á excelente antoloxía do conto breve cubano (1966-1991) é explicitamente crítico contra os erros na dirección da cultura, en particular no que se refire ao sectarismo e ás coartadas defensivas.

O papel do buque insígnia das publicacións oficiais corresponde á *La Gaceta de Cuba*, a revista da Unión de Escritores e Artistas. No bi-mensual Armando Hart teoriza sobre a relación entre cultura e economía, denuncia a experiencia negativa do mercado capitalista da arte e sinala unha fórmula ética para facer intercámbios.

Na revista colabora Julio Rodríguez-Luis, exiliado desde o 59, ou se recupera a obra de Mañach. Waldo Leyva entrevista a un clásico do xornalismo cubano como Luis Ortega, que vive tamén no exilio. ♦

## Cinema galego no Festival da Habana

■ ÓSCAR LOSADA

A XVI edición do Festival Internacional do Novo Cinema Latinoamericano a celebrar na Habana entre o 2 e o 11 de Decembro, terá practicamente confirmada a presenza do cinema galego. Dentro dunha das seccións deste festival, a adicada á produción estatal, estarán presentes tres curtametraxes e once longametraxes. Nos de curta duración proxectárase *O Deseño* de Miguel Castelo e *A miragre da carne* de Xabier Codesal.

Amáis a película *O Baile das Animas* de Pedro Carvajal, que conta

con orzamento galego e foi rodada no noso país, formará parte das fitas de longa duración a exhibir xunto a outras como *A mai morta* ou *Días contados*.

O festival contará cunha ampla retrospectiva de cinema cubano, unha sección na que se ollarán os filmes máis representativos do panorama internacional e unha mostra co máis recente das cinematografías danesa, húngara, británica e quebequesa. Haberá tamén unha homenaxe ao falecido actor galego Fernando Rei, cunha mostra de tres películas suas. ♦



# 7 DIAS

## ■ O portugués na Unesco

A Unesco ven de aceptar como idioma oficial a llingua portuguesa. Máis ser un idioma extendido en moitos países, ata agora os únicos idiomas occidentais utilizados na Unesco eran o español, o inglés e o francés. ♦

## ■ Televisión municipal en Lugo

Para o próximo mes está previsto que comencen as emisións de Televisión Lugo dende as instalacións da productora Ophiusa. Xa nas pasadas festas do San Froilán a productora experimentou coa retransmisión televisiva dos actos festivos e o resultado foi satisfactorio. Nestes días, estase a emitir imaxe de proba polo que a calidade non é óptima pero esperase que se subsanen as deficiencias cando a emisión sexa regular. A recepción faise pola canle 38 de UHF e chega a todas as antenas da cidade. ♦

## ■ Premio de poesía Tovar

O grupo Tovar de Ourense convoca o IV Premio de poesía, ao que poden presentarse todos os poetas da Galiza tratando o tema que desexen. As condicións son: trinta versos máximo e plica aparte co nome de autor, enderezo e título do poema. O premio

## O problema da Sala Galán tapado cun remendo

Receberán axudas do IGAEM e do Concello de Santiago

■ LUPE GOMEZ

A compañía *Matarile Teatro*, ante a demanda de embargo presentada á sala Galán de Santiago, respondeu cun adianto dun millón de pesetas. Esta cantidade forma parte dunha subvención concedida ao grupo para actividades de promoción. Segundo Ana Vallés, voceira da sala, "isto dá fe, de cara ao vulgado, da nosa intención de pagar".

A Sala Galán, atopándose en crise, pediu axuda ás institucións culturais existentes. Foi concertada unha reunión co Instituto Galego de Artes e Imaxes. No encontro participaron un representante do IGAEM e os voceiros das salas Galán e Nasa, as dúas

únicas salas de teatro alternativas da Galiza. O Director Xeral da Consellería de Cultura, un representante do concello de Santiago, o rector da Universidade, Dario Villanueva e o vicerrector de Extensión Cultural estiveron tamén presentes na entrevista.

A Sala Galán, a través da sua voceira, valora positivamente o paso dado polas institucións pero opina que a proposta do IGAEM foi moi simplista. "O director xeral da Consellería de Cultura insistiu moito en que o IGAEM e a Xunta de Galiza son o mesmo", di Ana Vallés.

O IGAEM ofreceu á sala Galán o acceso a un 40% do presuposto do apartado de *Formación*. Son

dous millóns de pesetas destinados aos cursos de formación que realicen as salas alternativas de Santiago cada ano. Ana Vallés sinala que "a esta axuda xa podemos optar antes e, por outra parte, ao destinarse só a actividades de formación, óbvias a principal finalidade da sala, que son as representacións".

O concello de Santiago acordou, na entrevista, futuras colaboracións coas salas Nasa e Galán. Pola sua parte, a Universidade financiará o aloxamento dos artistas que veñan a actuar a estas salas. Diferentes compañías teatrais actuarán de balde na sala Galán en sinal de apoio e estes espectáculos combinaranse coa programación normal da sala. ♦

inglesa ou alemana. Asímesmo, a AELG propondrá ao foro europeo a celebración dun congreso en Santiago no ano 1999 que sirva de reflexión sobre o camiño axeitado que debe seguir a política cultural europea para protexer a paz e a creatividade. ♦

## ■ Manuel Álvarez Torneiro, gañador do Esquio

O escritor Manuel Álvarez Torneiro conseguiu o premio de poesía Esquio coa sua obra *Rigurosamente humano*. Torneiro, que comezou a escribir na década dos oitenta, chegou a ser finalista noutros certames e algúns dos seus poemarios son *Memoria do silencio*. As voces consagradas ou As doazóns do incendio. O gañador do Esquio recoñece en Celso Emilio Ferreiro ao seu mestre. ♦


## ■ O desexo no festival de cine de Bilbao

A curtametraxe *O desexo* do realizador ourensán Miguel Castelo foi seleccionado para participar na Sección Oficial do Festival Internacional de Cine Documental e Curtametraxe de Bilbao, que se celebrará entre o 28 de Novembro e o 3 de Decembro. *O desexo* é unha adaptación do relato de Rafael Dieste *O vello que quería vel-o tren e*, durante dezaioito minutos, conta a historia da viaxe dun avó da Galiza interior que, coa axuda do seu neto, consegue cumprir o soño de ver o ferrocarril. O curto, que se rodou nos concellos lucenses de Quiroga e Pobra de Brollón e con actores non profesionais, será presentado na Galiza en Xaneiro. ♦

## ■ Literatura galega en Europa

No transcurso do encontro internacional *Cultura e Dereitos*, celebrado en Barcelona, a Asociación de Escritores en Llingua Galega foi admitida como membro de pleno dereito na Federación de Asociacións Europeas de Escritores. Ao encontro, organizado polo Congreso

Europeo de Escritores, acudiron o presidente da AELG, Uxio Novoneyra e o secretario, Miguel Anxo Fernán-Vello. Para este último, a decisión da Federación iguala a literatura galega ao mesmo rango nacional que a



Lluís Llach

consiste, como nas anteriores edicións, na impresión do poema en grande formato, enmarcado e pintado por un artista galego e exporase no Bar Pingallo con carácter permanente. Os traballos deben enviarse ao Bar Pingallo, rua de San Miguel, número 6 de Ourense co código postal 32005. ♦

## ■ Lluís Llach: novo disco e actuacións na Galiza

O novo disco do cantautor catalán Lluís Llach, *Rar*, sairá á venda o vindeiro 28. Nesta nova entrega, o

compositor mestura temas novos e versións como *Campanades a morts* ou *El cant dels ocells*. Están confirmadas as actuacións de Llach na Galiza; 14 e 15 de Nadal en Vigo e Santiago, respectivamente. ♦

## Outono quente para a fotografía galega

Durante o mes de Novembro a fotografía exténdese por toda Galiza. O *Outono fotográfico*, organizado pola Casa da Xuventude de Ourense abrangue a preto de vinte concellos galegos e chega ate Portugal, con exposicións en Chaves e Lisboa. Mostras colectivas e individuais recollen a obra de mestres da fotografía, autores xa recoñecidos e potencia, especialmente, a grande cantidade de novos valores.

Dentro das exposicións individuais destaca a mostra *Retrato-Autorretrato* de Xosé Abad, que estará na Casa da Cultura de Monforte durante a segunda quincena do mes. As fotografías de Abad implican unha colaboración entre retratante e retratado, que se reflicte no protagonismo da expresión fronte a todo o que é superficial. Nesta mostra colaboran, entre outros, Manuel Ferrol, Miguel Anxo Fernán Vello, Manuel Rivas e Antón Reixa.

Tamén destacan nas exposicións de autor, as fotos de Xurxo Lobato sobre a costa da Morte (Carballiño), a captación do teatro galego por Simón Belvís (O

Barco) e as imaxes de Anxo Iglesias (Chantada). O *Outono* non se esqueceu do fotógrafo Juantxu Rodríguez que morreu no ano 1989 en Panamá a máns do exército invasor estadounidense. As suas fotos están expostas na galería Ximu de Ourense.

As mostras colectivas son as que descubren a maior cantidade de mozos e mozas que se adican, dende hai poucos anos, á fotografía. O Certame Ourense de Fotografía para a Mocidade deu como resultado o número de 1622 fotos de 33 autores. A colección gañadora é a de Xesús Godas Limia e todas as fotos están expostas no Instituto Politécnico da Carballeira en Ourense. *Descubriendo a imaxe* é a obra duns rapaces entre quince e dezasete anos dun instituto ourensán (O Barco).

O colectivo *Ollo de vidro* aporta a sua visión da Coruña na Casa da Xuventude de Ourense. A contribución que fai o *Outono* a Lisboa, capital cultural europea, está formada polas obras da exposición *Golpes*. Os protagonistas desta experiencia colectiva son Santiago Barreiros, Rosa Veiga, Robert Bass, Xosé

Manuel Doniz e Xosé Paz.

De Portugal chega a exposición *Olhares* cunha temática variada (Ourense), o barrio ourensán da Carballeira é o protagonista dunha mostra da Asociación Carlasca (Ourense) e os oficios da Idade Media son reproducidos por Santiago Miguez Amil (Ribadavia). A foto en prensa tamén está presente na mostra *Galicia en foco*, organizada polo Clube de Prensa de Ferrol (Ourense).

Ademais das múltiples exposicións que se proxeccionaron para este mes, o *Outono* programou outras actividades nas que se tenta incentivar a produción fotográfica. Deste xeito, a Casa da Xuventude de Ourense organizou un concurso de fotografía ecolóxica por medio da *Plataforma contra a Desertización*, en Monforte convócase á mocidade a que elaboren imaxes co tema único do burro, os chantadinos tamén poden participar nun concurso con tema libre e no Barco, durante o día 27, fotógrafos profesionais e afeccionados poderán plasmar en imaxes tódolos aspectos que sexan do seu interés. ♦



*Variedade* é o título da exposición que presenta Dario Muñiz Hermida na Fábrica de Allariz, do 18 ao 27 de Novembro.



Leituras


O vello  
camiño  
da tristeza

Poemas  
da lenta nudez

Os Poemas da lenta nudez permítennos o reencontro gozoso co verso de Miguel Anxo Fernán-Vello despois dun silencio editorial que se viña prolongando desde 1987. A ausencia da muller amada sume o eu poético nun desacougo intenso vivido como loita constante contra a tristeza, a dor e o inverno, porque "unha muller é illa para abrazar no incéndio/ de todo canto sei no corpo sen muller./ Fémia é o que doi na fibra da auga./ corpo de xiz e lingua para quebrar de sede". A sombra vólvese profunda, dolorosa, permanente e o seu non posúe os mecanismos para desrtellala, xa que as súas forzas se esgotaron ao verse enfrontado a "Unha tristeza que vive na outra raíz do tempo/ e que nunca poderá ser humana".

A prolongación temporal da ausencia —esa "áncora de tristeza común de inverno a inverno"—vese amplificada pola ambientación urbana dos poemas. A cidade é un espazo descouante, desumano, cheo de liñas cortantes e incisivas que se contraponen as curvas femininas e telúricas, por iso é a "cidade impura que aprenderon a odiar/ todos os seres do olvido".

O inverno —estación por excelencia das sombras, da negritude, dos ocos, do frío— dilata este fondo desacougo e introduce a preocupación existencial propia dun ser que entra na madurez. Invernal é a dor máis fonda, vivida como un gume, unha queimadura constante que non cicatriza e recorda, incesantemente, a falta dela: "O inver-



M.A. Fernán Vello. VARI CARAMÉS

no dividiu a última ternura/ co seu triunfo nocturno de diques desolados./ ángulos de friaxe que separan os corpos./ destrucción demorada do amor./ glacial vertixe de soedade, venda-val desatado".

Predominan no poemario os campos semánticos relacionados con elementos profundos e escuros —pozos, túneis, fenda, abismo, oco—; a morte e a destrución —luz de sepelio, cadáveres de inverno, primeira flor da Morte—; a cor negra —noite, cinza, sombra—; a corrupción e dexeneración —o óxido que corroe os metais propios da cidade. Especialmente descouantes son as imaxes construídas coas cores amarela —Liña amarela da sombra, cobra de ollos de aceite seco— e violeta, símbolos máximos da tristeza e o loito.

Tamén se dá a subversión do valor habitual de elementos en si positivos: as augas —xeadas, estancadas e feitas lágrima—, o silencio interno do seu eu fronte ao balbordo urbano, etc. As realidades amósanse de perfil incidindo na ambivalencia dos símbolos, xa que todo presenta unha dobre cara. O eu ancorado nun mar insome, vólvese péndulo que efectúa un percorrido cíclico dentro dunha rota fixa. Por iso ese eu-péndulo deambula pola cidade pero non logra escapar dela, nen saír do seu desacougo.

O "tempo" lento, reconcentrado, a violencia e dureza verbal, e un ritmo fondamente marcado son as características máis destacadas dos poemas. Recórrese tamén, contra o final, á invocación a unha segunda persoa de cortesia —vostedes— recurso axeitado á nudez progresiva do eu, que se vai tornando cada vez máis explícita e consciente. Amósasenos así toda a realidade desa voz pética dolorida, habitante nun reino de sombra e tristeza, abocada á desumanización urbana, ás súas liñas rectas e duras. O ton elexiaco vai in crescendo mentres, paralelamente, o eu se ispe perante o lector, deixando caer as roupas até a fin, até o desacougo último reflectido no derradeiro verso: "son un cadáver".

O concepto da queimadura —a ardencia, o sol calcinante— está sempre presente como ferida profunda e viva, non cauterizada. Queimadura na ausencia do desexo —"Está aquí escrito o exilio do desexo?"—, na brancura perdida dos corpos femininos, na derrota do eu poético enfrontado á dureza dunha ausencia prolongada e á realidade cruel da cidade. Queimadura no eu diseccionado até o cerne, a realidade máis fonda, que asume a nudez máis absoluta até a dor existencial última. Queimadura que pode cicatrizar se logra asumir a mensaxe de esperanza escrita nas páxinas do futuro:

fronte a esta dor no vértice extenuado das horas,

só cabe a fuxida invisíbel,  
a viaxe perfeita,  
todas as páxinas en branco do futuro. ♦

(1) Poemas de lenta nudez, Espiral Maior, A Illa Verde, A Coruña, 1994.

TERESA SEARA

Xoga  
ou non xoga  
Deus  
aos dados?

Asegun parez os nosos escritores están escomenzando a traballar un campo temático da literatura fantástica coma é o da ciencia ficción.

As miñas novas son de que ao libro de Arturo Lezcano (Os dados de Deus. Galaxia), que vou comentar máis embaixo vaille seguir axiña outro publicado por Xerais do que descoñezo o autor. Certo é que xa houbo exemplos illados (os máis salientábeis Xosé Ferreiro, Tucho Calvo...), pero desta vegada a cousa leva camiño de coller corpo, de agromar. Ogallá que así sexa e felicitemonos!


O libro prológa Antón Risco, auténtica autoridade mundial en literatura fantástica tal como eu mesmo puiden comprobar hai dous anos no coloquio que seguiu á súa conferencia no Seminario de Posgrao da Universidade de Osford, que algúns dos mellores hispanistas vivos así llo reco-

A aposta ten o seu risco ao facer unha proposta por veces un tanto allea á nosa tradición literaria

conta de libros

Realismo e literatura

A revista Grial ven de publicar o seu último número (123), baixo o epígrafe xeral de Realismo e Literatura. Inclúe traballos de José María Pozuelos (Realidade, ficción e cultura); Fernando Cabo (Sobre a ficción literaria: un estado da cuestión); Marcelino Agís Villaverde (Mimese e realidade: autor, lector e trama na configuración narrativa); Antón Risco (Notas para un estudo do realismo galego); Dario Villanueva (Poética lírica e realismo intencional) e Anxo González (Don Hamlet e a cuestión de ser ou non ser). ♦



Novo Adral

Xosé Filgueira Valverde segue coas entregas periódicas dos seus traballos escolmados, baixo o título de Adral desta volta xa no número VIII. Traballos sobre Fala e Letras; Historia; Compostelana; Por Vilas e Lugares; Das Artes e dos Mesteres e No Eido Das Lembranzas. Os artigos de Filgueira quedan deste xeito escolmados polo propio autor, con temas tan variados (son 46 os que recibemos neste volume de Edicións do Castro), como "Dous representacións da Trindade na Basílica de Santa María", "Un poeta rianxeiro do século XVII: Martín Torrado" ou "Diacronismo na pintura barroca". ♦



Unha nova de Borrazás

Despois de no 91 publicar na mesma Sotelo Blanco o seu Cabeza de Chorlito, Xurxo Borrazás dá ao prelo Criminal. Nesta obra un asasinato múltiple cometido no rural galego é o punto de partida argumental que Xurxo Borrazás aproveita para reconstruír non tanto a historia dunha traxedia persoal como a traxectoria social dun mundo, dun espazo real que o mesmo autor coñece á perfección. ♦

MERLIN

A nosa mellor literatura infantil

A aventura de ler. Agnés, a bibliotecaria, ten unhas misteriosas lentes que posúen unhas propiedades extraordinarias; fan posible vivir na biblioteca fantásticas aventuras, viaxando na procura da illa do tesouro, ou vivindo con Venres ou Robinsón Crusoe.



MOVIDA NA BIBLIOTECA  
Josep Gregori

NA MESMA COLECCIÓN



ONDAS DE VERDE AZUL  
Ana María Fernández



O CAPITÁN RO E O GATO BO  
Gloria Sánchez

XERAIS





Leituras

ñeceron. Suxiro ao lector que traballe a introducción ao libro cunha certa atención, pois nela imos atopar moitas das chaves que nos han levar a unha mellor comprensión dos cinco apartados que compoñen a obra.

A aposta de Lezcano ten o seu risco ao facer ao lector galego unha proposta temática por veces un tanto allea á nosa tradición literaria, a pesares de que ao longo das poucas páxinas que nos ofrece o autor non imos despegar de Galicia en ningún intre, nin tan siquer no seu conto máis "especial": "A

folga xeral no planeta Galax".

No percorrer das follas vainos levar do Noso ao de El pois aínda que o título do derradeiro capítulo, *Alén*, pode nos barullar, o certo é que dúas das narracións ("Jubilee en Windsor" e "O autógrafo") refírense a vivencias moi persoais do escritor o cal, amais de coñecer ben Londres (varios dos seus fillos estudaron aló) coincidiu con Cortazar nun vó moi pouco antes do pasamento do xenio argentino. Galicia está nestas narracións transuando as súas orixes no mitos celtas, nas lendas tradicionais, no cristián xacobis-

mo anticlerical, nas súas bravas mulleres, nos incendios, na súa aceirada crítica social e, por riba de todo, no seu excelente estilo narrativo: ritmo, tropos, ironía e autenticidade da linguaxe. Todo iso converte esta primeira entrega nunha interesantísima, ao mesmo tempo que novidosa, aportación ás nosas letras.

Chegado a este punto, gustárame sinalar ao posible lector non avisado de que este non é un libro de ciencia ficción está presente, e que a orixinalidade desta lectura non está somentes na incorporación dos temas propios da ciencia fic-

ción, senón no conxunto total que consigne, sen apenas nos apercebir aínda que sempre dentro do mundo fantástico, variar de temática sen rupturas bruscas da unidade.

Sen tentar facer literatura comparada gustárame citar algúns autores que me veñen agora á testa e nos cales poderíamos atopar rastros da clase de traballo que fixo Lezcano: Hathrowne, Lovecraft, Barbury, Borges e Cortázar. Coído que o camiño que tenta de abrir o autor vai máis nesa via que na de Asimov.

O libro acada un nivel de calidade

literaria moi outo amais de ser de fácil lectura, combinación non sempre doada de conquistar. Permítame o autor somentes dúas pequenas tachas: a algún dos relatos ("coma nun soño", por exemplo) non lle viría mal un chisco máis de corpo e algún outro, nembargantes, asemella máis promesa de novela que relato curto.

Estou seguro que non ha pasar moito tempo sen que Arturo Lezcano nos faga o bo regalo dunha cumprida mostra deste último. ♦

XOSÉ M<sup>o</sup> DE CASTRO ERROTETA

Cinema

Cinema auténtico sobre a desilusión  
*Despois de tantos anos*

Dentro do ciclo Cineuropa, organizado polo Teatro Principal de Santiago, estreouse a película *Despois de tantos anos*. Un relato sobre as intimidades e vicisitudes dos irmáns Panero, fillos dun poeta oficial do réxime franquista, que quixeron ser intelectuais libres. A súa vida transcorre no "desencanto". Este era o título da primeira película que se realizou sobre as súas vidas, converténdose entón —hai 20 anos— en filme paradigmático da historia recente no estado.

A vida de cada un dos tres irmáns hoxe segue a ser desgraciada. A película, dirixida por Ricardo Franco descobre a dor dos protagonistas sen vergoña. Por outra banda, a desesperación que a película retrata é moi común na xente e nas familias, presente detrás das máscaras e a hipocresía que o home emprega para subsistir.


Por esta razón, a sensación que se ten, rematada a proxección é a de experimentar un lavado de cerebro. Cada minuto de "Despois de tantos anos" está carregado de tensión e, atrapando a atención do

receptor consegue enfrentar a este con sinceridade o que, seguindo o estilo dun documental de ficción, contan os actores de si mesmo, da suas familias e da vida e da morte.

Por veces a película é tan verosímil que resulta descarnada. Cando o irmán tolo, Leopoldo Maria, camiña cara a cámara con ollos desorbitados e ollar altivo e digno semella que está realmente na sala de cinema connosco. Que é de carne e óso e non existe a mediación da técnica e a pantalla e o proxector. Outro dos irmáns, Michi, fala desde a súa bebedeira, conversa só. A obriga é escoitalo. A película non deixa posibilidade de escape.

Entre outras cousas, porque fala de sentimentos e situacións moi humanas, sen falsear nada. Non hai amores como os de Romeo e Xulieta, indeseñados e perfectos. Non fai pensar en ideas capaces de transcender absolutamente calquer barreira —que a vida se encarrega de destruír. Non hai un desenlace feliz para cada cena. Neste caso o director non traballa a arte para que os que gustan do cinema se evadan da súa vida ordinaria, ategada de prosa. *Despois de tantos anos* consegue todo o contrario.

Serve de terapia, de válvula de escape da ansiedade, de encontro coa nosa condición de seres humanos



Michi Panero, perto do cemitério de Astorga.

Provoca o reencontro con todo o desgradábel que nos rodea para que o miremos doutra forma. Serve de terapia, de válvula de escape da ansiedade, de encontro coa nosa condición de seres humanos, que nos fai á vez moi "ricos" e moi "pobres" moi "altos" e moi "baixos". Bons e maos.

O punto de vista cinematográfico do autor da película é orixinal, cheo de frescura e intelixencia. Cada un dos irmáns fala, baralla, lérica só. A súa voces son ilustradas ás veces pola propia imaxe deles e outras cunha sucesión de planos curtos de casas en ruínas que aínda gardan vida; árbores e ríos que serven de metáfora poética do que os actores contan; e a repetitiva imaxe dun mar que se move. Ou o corredor dunha casa pequena polo que camiña cambaleando e bébedo Michi Panero, coma se non houber máis sitios por onde andar e vivir libremente, que ese corredor.

Cando Leopoldo, fóra do manicomio, camiña cara un río moi an-

cho é como se o seu cauce cheo de auga simbolizase a abertura á razón —"outra razón"— que empeza coa tolémia. No manicómio denuncia, coma un neno escandalizado: "O home que me quer curar di que teño os pés mouros". É unha denuncia da inxustiza, da sociedade, do progreso. Na noite da estrea desta película houbo un colóquio no que estaban presentes Ricardo Franco e Michi Panero. Michi non facía máis que mirar cara o chan, reflectía certamente enfermidade e desencanto. "Na película Michi Panero compórtase como un actor" dixo o director. "Eu o que son é un alcoólico", dixo Michi Panero, o máis novo dos irmáns. Alguns rian, porque a película ten a súa parte cómica. Os borrachos sempre contan moitos chistes e son moi paveros. Os tolos tamén, aínda que nos den máis medo. Pero a película é máis ben unha traxédia, ben contada, que se introduce na parte escura da vida e das mentes. ♦

LUPE GÓMEZ

Música



Judith Cohen

Cantar de amiga  
*Monofonías medievales* de Judith Cohen

Unha amiga musical; así debemos considerar á xudea; afincada en Canadá. Judith Cohen despois de interpretar nese curioso e esforzado galego que entoa seis pezas do noso país neste bonito traballo de música medieval. Tres cantigas de Alfonso X, dúas cantigas de amigo de Martin Codax e unha peza de tradición oral recollida pola cantante no ano 1973 en Ourense, son o patrimonio que aporta o noso folclore a esta obra. Cohen escolmou do noso acervo musical para ofrecer unha mostra representativa do máis sobranceiro que se facía na Galiza na época. Loxicamente o noso país debe ser un dos investigados para quen queira facer unha ampla obra baseada na Música da Idade Média, dada a enorme importancia que tivo nesas datas da historia.

De Cohen pódese dicir que na súa escoita pode enganchar a moitos ouvintes descoñecedores da música medieval

No disco pódense asimesmo escoitar cantigas da Provenza, Québec, Franza e Cataluña. Cohen afirma que nos manuscritos non se describen con exactitude as cuestións de ritmo e estilo e, polo tan-

**C**ontra a Casa da Troia

Antón Capelán Rey

EDICIONS LAIOVENTO

VENDEAS LIBRERIAS

ENSAIO

EDITORIAIS EN DISTRIBUCIÓN:

- Edicións Espiral Maior
- Edicións Laivento
- Edicións da AS-PG
- Edicións Sementeira
- Edicións Toxosoutos
- Edicións PP.CC. Artesa
- Cadernos da E.D.G.
- Edicións Elsinor Teatro
- Editorial Hiru Argitaletxea
- Edicións de autor
- Revistas culturais galegas
- Edicións bibliográficas

PRODUCCIÓNS CULTURAIS ARTESA

R/ A. Martínez Salazar, 3  
15011 A Coruña. Galiza  
Telf. (981) 27 83 99. Fax (981) 25 02 12



Música

Fidelidade  
cun estilo  
*Emboscados*  
de Amancio Prada



to, cada intérprete debe ofrecer a sua propia solución para a recreación desta música, respetando sempre os dados escritos.

A visión que nos dá esta cantante e multi-instrumentalista (viela de arco medieval, láude árabe, flauta doce medieval e percusións) destas cantigas é fermosa, con momentos deliciosos que te transportan, en certo senso, a eses séculos pasados. O gosto da artista é exquisito, a sua voz axústase moi ben ás pezas e emprega uns coros moi fermosos, nos que está incluída a sua filla Tamar de sete anos.

Case todos os temas son curtos en duración e longos en perdurabilidade nos tímpanos, polo bon facer desenvolto: tan só tres cantigas pasan dos tres minutos e a máis longa "A Chantar M'er" (5'28") excédese na duración, até facerse unha miga pesada. Talvez disto quixo fuxir Cohen cando se propuxo esta obra e decidiuse por pezas curtas, que non lle quitan mérito nengun ao acadado.

O risco deste tipo de música é chegar a facerse pesado e creo que a nosa amiga sábeo perfectamente.

Se hai uns meses comentábase o disco medieval do catalán Adolfo Osta que tiña interese, este do que estamos a falar supérase claramente. Se o do catalán é recomendábel para xente á que lle goste este tipo de música, do de Cohen pódese dicir que na sua escoita pode "enganchar" a moitos ouvintes descoñecedores da música medieval. ♦

ÓSCAR LOSADA

Desnecesário abondar nos sinais de identidade artística de Amancio Prada, todos sabemos do seu lirismo místico, do escrupuloso coidado co que harmoniza instrumentalmente canto hai de variado na sua obra, da ductilidade da sua voz. Prada é un clásico e eo por dobre concepto: porque criou un estilo perecedeiro, desprovisto de calquer conotación que vaia máis alá da arte pola arte; pero tamén a sua faciana *clasicista* é característica consubstancial a boa parte do seu repertório, aquel que discorre entre formacións camerísticas de instrumentos máis ben de corda. É o A. Prada que accede a cenários como o Teatro Real de Madrid ou acontecementos como o XIII Ciclo de Cámara e Polifonia, marcos artísticos inaccesíbeis polo demais ao comun dos seus colegas cantautores, entre os que o artista bercián salienta coma o que é: algo máis que un cantautor.

Seu novo disco, *Emboscados*, é unha obra máis do Prada camerístico: concebida como Oratório para dúas voces, guitarra, flauta, violín e violoncello, instrumentación que desde a firmeza da partitura non impede un desenrollo poético libre, no que o cantor se revela nunha faciana inusual nel, a de letrista. Prada apréséntanos a uns "soldados de un país lejano", que galopan na procura dunha pátria, pero que ninguén agarde destino algun á incabada viaxe que tracexan as oito composicións nas que se subdivide o relato. Hai dados abondo nos que o autor —intérprete basea o espírito aberto da sua obra: na rota alúdesse a "un pálido mapa"; os soldados aparecen coma transeúntes:

"Ellos prometieron volver, prometieron volver mañana",

pero de súpeto a crónica tórnase diálogo

"¿Cuándo es mañana?  
No sé, mi amor.  
Nadie sabe".

Pregunta sen resposta que se repite teimosamente de principio a fin.

"Ningún camino era de vuelta,  
todos se alejaban"

concluen o canto nos seus derradeiros versos. A. Prada foi sempre todo o contrario a un pontificador, e é unha mágoa que cando se posicionara socialmente —por exemplo, a prol da OTAN no seu día— transgredera ese certo espírito libertário que se desprende da sua arte. Mália o título, "Emboscados" desenrola unha mensaxe máis ben ceibe.

Prada leva engaiolándonos desde hai vinte anos —en 1974 gravou seu primeiro disco, "Vida e morte— e as estas alturas tampouco é cuestión de resistirse á sua *emboscada*, que lexítima esta nova entrega. Pero conservaría mellor a sua capacidade de sorprenden se non rexistrase na sua traxectoria o "Cántico Espiritual" de San Juan de la Cruz; con aquel brillante precedente resúltalle difícil ao artista manter acesa no ouviante a capacidade de asombro, xa que desde a sua estrutura, desenrollo musical e instrumentación reavivan inevitabelmente na memoria a mentada Obra.

Segue amoldando a sua voz ao equilibrio instrumental de turno, ás veces mesmo confundíndose o canto co son dalgunha corda

Pero se seguimos recuando no seu disco botamos man do non menos brillante disco sobre Rosalía observamos a continuidade de *tics* e demais recursos —recitativos, por exemplo— inherentes ao parecer ao cantor bercián. Desta vez o novidoso é a voz de Clara Montes; dificilmente atoparía A. Prada mellor parella vocal, a máis de aportar unha gratificante feminidade, contrasta co seu *salero* á sobriedade do intérprete protagonista. Músicos tecnicamente irreprochábeis, que se di, pero xa sabemos que non todo é técnica na música, e é aí onde descansa a función do compositor, que se repite quizá en exceso. E o traballo de fondo corre a cargo dun músico con nome propio: aínda que non toca instrumento nengun, Ricardo Miralles, responsábel en boa medida de pasados éxitos de Serrat, continua desta vez co seu oficio nos arranxos.

Un disco máis do Amancio, e non é pouco. Segue amoldando a sua voz ao equilibrio instrumental de turno, ás veces mesmo confundíndose o canto co son dalgunha corda. Este novo disco supón a continuidade dentro dun estilo, e está referendado por unha morea de concertos en directo, previos á gravación que agora se nos ofrece. Ponto e seguido na sua traxectoria. E por que ia cambiar? A fin de contas, el criou un estilo e pódese permitir o luxo de recrearse nel. ♦

X. M. ESTÉVEZ

Amancio Prada: *Emboscados*, Lyricón / CD - 21059

Nun próximo *Luar* coincidirán  
*Milladoiro, Siniestro,*  
*Toxos e Flores e Ana Kiro*  
Homenaxes a Miguel  
Varela, O Tranquilo

■ XOAN M. ESTÉVEZ

É o home que suscita ledicia cando se deixa notar en cancións coma "Campás de Betanzos", "As tres comadres" ou "Levantouse a Belida". Miguel Varela, "O Tranquilo", non parou nos últimos trinta anos, percorrendo musicalmente o amplo mundo da música xoven, que tamén no seu caso tivo na cultura autóctona o seu punto de destino, dándolle forma cantábel aos nosos poetas, postos na voz da sua compañeira María Manuela, con quen forma un inseparábel dúa. A parella rexista un total de sete discos longa duración gravados, entre os cales o afeizado pode escoitar algunha versión do galego de adopción que foi José Afonso.

Outro camiño, o da saúde, depároulle a Miguel Varela unha complicada enfermidade *atáxia* da que se está a curar actualmentne.

Esta doenza provocou no músico —guitarrista ferrolán un parón na sua actividade artística, que a comezo dos anos sesenta recollía no noso País os inevitábeis ecos do mundo anglosaxón: *Silver Dragons* e *Sprinters* daban conta do recoñecemento galego á escola *beatle*, pero como O Ferrol non era nen Madrid nen Barcelona tiveron que ver limitada a sua popularidade á propia dun grupo de provincias, que tamén neste hai —ou máis ben había— centros de decisión e periferia. Os *Sprinters* foron o grupo estábel de acompañamento do tamén ferrolán Andrés do Barro, con quen participaron na rodaxe da película "En la red de mi canción", dirixida por Mariano Ozores, cun elenco artístico que reunía á plana maior do cinema español —Conchita Velasco, por exemplo. Como grupo da época os *Sprinters* tamén tiveron a sua canción de sona, "El Tablao".

A traxectoria de Miguel Varela continua a coa sua incorporación a un grupo histórico da música galega: *Os Tamara*. Posteriormente forma parella con María Manuela, e xa desde entón o seu nome irá unido ao desta voz, que amais de compañeira sentimental, serao tamén artística. Primeiro como música na sombra, e despois xa compartindo *tandem* cunha das poucas voces continuas que veñen exercendo na canción galega. Mª Manuela nos primeiros anos setenta comeza gravanco canción infantil, un dos mitos terreos aínda por explorar na nosa cultura, e a veteranía, o talento do seu compañeiro, dando co atinado tratamento musical.

Homenaxe en Ferrol

Mª Manuela foi unha participante máis no Festival —homaxe a Mi-



Miguel Varela.


guel Varela celebrado recentemente no Teatro Jofre de O Ferrol. A carón del, un amplo despliegue musical que abrangue á práctica totalidade de estilos e tendencias posíbeis, a saber: *Saraibas, Sprinters, Ledicia* —coro infantil que cantou precisamente composicións do homenaxeado—, *Limones*, Xoan Rúa, *Música Doméstica*, —formación de mús. renacentista—... grupos como *Na Lúa* ausentes máis a sua vontade de asistir, xa que o exceso de participantes locais así o aconsellaba.

Moitos destes músicos estarán presentes este Venres día 18 no programa *Luar* da TVG, que continua esta homaxe ao músico galego reunindo a unha chea de colegas, que acolleron esta proposta solidária con grande entusiasmo. Segundo Xosé R. Gayoso, presentador e co-director do espazo televisivo, "grupos coma *Milladoiro* ou *Siniestro Total*, que nunca conseguimos traer ao programa, desta vez manifestaron o seu desexo de asistir".

Condicionantes técnicos, que non económicos, son os que imposibilitaron ata agora o acceso de sendas formacións ao televisivo *Luar*. A presenza do grupo *rockero* está pendente de confirmar, debido a compromisos artísticos aínda sen resolver no momento de elaborar esta formación. Máis segura parece a presenza do prestixioso grupo *folk*. Outra formación senlleira na sua especialidade, o Coro

Miguel Varela incorpórase a un grupo histórico da música galega: *Os Tamara*. Na actualidade forma parella con María Manuela

*Toxos e Flores*, tamén participará no evento, e Ana Kiro, Nani García —pianista, membro de *Clunia Jazz*—, que actuará con Mª Manuela, reproducindo na televisión unha colaboración habitual no estudo de gravación. De novo, a imposibilidade de acoller tanta mostra de solidariedade, limitará a participación musical nesta homenaxe, e algúns artistas mostrarán o seu apoio a Miguel Varela coa sua presenza física: *Muxicas*, Benedicto, Miro Casabella... Desta vez, confirmase que si estarán todos os que son. A homenaxe non fixo máis que comezar, xa que se anuncian outros festivais noutras poboacións galegas. ♦





MEMÓRIA ETNOGRÁFICA

# Unha clase de historia abordo dun galeón

## Colectivos etnográficos tentan recuperar as embarcacións tradicionais

■ ARANTXA ESTÉVEZ

A recuperación das embarcacións tradicionais é o obxectivo de varios colectivos galegos. Na comarca do Salnés, xa están comezadas as obras de construción dun galeón e dunha dorna. A agonía das embarcacións de vela, varadas nos lameiros, non significa para os restauradores que deixen de ser de utilidade. A súa recuperación vai da man do coñecemento das tradicións e do medio ambiente.

O estaleiro de Pepe Garrido está en plena actividade. Dentro, un iate de deseño moderno comparte teito co que será o esqueleto dunha dorna meca. Fóra, ao sol, o casco dun vello galeón agarda para verse convertido no que foi na década dos sesenta: un barco robusto pero lixeiro e manexábel, chamado nalgunhas zonas, bote de barro.

O *Jandro* foi construído no ano 1953 en Rianxo e estaba varado no porto norte da Illa de Arousa. Dous anos inactivo e un par de semanas afundido fixeron que case apodrecera no esquecemento. O grupo de investigación etnográfica *Mascato* estaba preparando a



ANXO IGLESIAS

construción dun galeón cando o atoparon. Coa axuda dos mariñeiros da Illa, levárono ao estaleiro.

“Cando xa tiñamos o presuposto preparado para construír un barco, apareceu o *Jandro*. Consultamos cos vellos carpinteiros e mariñeiros da zona e nos dixeron que se podían aproveitar as cadernas e que xa tiñamos moito avanzado no que era a construción do casco. O achádego deste galeón rebaixou o noso orzamen-

to inicial nun 30%”, explica o historiador Dionisio Pereira, un dos artífices da recuperación dos barcos.

### A presenza do galeón

Os restauradores de embarcacións tradicionais da comarca do Salnés defenden o protagonismo do galeón, dende Portonovo ate Vilagarcía, ata os anos 60. Cun patrón e dous mariñeiros, con cargas que podían chegar ata as vinte tonela-

das, os galeóns transportaban tella, peixe ou madeira. As súas características adaptábanse ben ás múltiples paradas que debía facer pola ría.

“Recordo que até hai ben poucos anos, o transporte por estrada era moi difícil. De Ribeira ao Grove, podíache levar ben un par de horas. Por iso, o bote de barro era un transporte eficaz, cunha grande presenza na ría de Arousa”, di Pereira.

Ademais de *Jandro*, que pasará a chamarse *Arao* no seu renacemento, aínda quedan uns quince galeóns espallados pola Ría de Arousa. Case todos están en moi mal estado debido a non ter uso; algúns tiveron como emprego residual o de areiros e dragas. Outros foron reconvertidos en auxiliares de batea e uns máis viron transformada a súa popa redonda en cadrada. Segundo os membros do colectivo *Mascato*, hai trinta e cinco anos só en Vila-longa aínda quedaban cincuenta.

## O Museo Etnográfico da Fonsagrada ameazado de desaparición

### Para Arias Mon a entidade é privada e só merece “apoio moral”

■ FRANCISCO ARRIZADO

O Museo Etnográfico da Fonsagrada, rexido por un Padroado, cumpre agora dez anos de vida. Ten máis de catrocentas pezas, a meirande parte delas de doación popular. Nunha carta de primeiros de outono, o Alcalde insta ao desaloxo, no prazo dun mes, sen sinalar outro local alternativo. O Concello é parte integrante do Padroado.

Coa instáncia do alcalde ao desaloxo a Xunta Rectora do Museo só ve incertezas no futuro. “É unha situación pouco definida, concretada e, sobor de todo, tan pouco comprometida por parte do Concello que nos dá desconfianza. Todo son comentários nos Plenos ou na Prensa, pero sen concrecións”. O Alcalde proxecta facer a Casa Nova do Concello no edificio que ocupa o Museo, pois outras construcións alternativas xa están comprometidas coa Consellería de Agricultura.

Para este novo consistorio, fálase dunha subvención de 90 millóns entregada en prazos. “Por eso nos aprémian co desaloxo —precisa a Xunta Rectora— pero coidamos non se amaña con espír a un santo para vestir a outro. É posíbel lograr prórrogas, nos investimentos, cando hai causa xustificada”.

En Novembro do 82, o Concello acordara “acondicionar un local, na antiga agrupación Escolar, para instalación inicial do Museo e o Expediente de creación do Padroado que, baixo tutela do Concello, o rexiría.” Pouco a pouco foi collendo máis dependencias até os 200 m<sup>2</sup> que hoxe ten. En marzo do 91, o Pleno acordou solicitar unha subvención de 5 millóns para reforma do Hospitaliño Vello, como sede definitiva do Museo. Non se levou á práctica por non ter aínda un novo centro médico naquel intre. Logo, desocupouse e á planta baixa quer o alcalde mandar o Museo e máis á Asociación “Antaruxas e Sorteiros”. Pasaría



O museo pódese considerar de man común, do povo da Fonsagrada, porque se financia con aportacións populares. A NOSA TERRA así dos 200 m<sup>2</sup>, de hoxe, a 60.

### As contradicións do alcalde

Un Pleno do ano 84 acordara que o Concello se constituíse en im-

pulsor da idea do Museo ademais de asinar unha Acta de cesións de locais. Arias Mon, ademais de non asistir ás reunións do Padroado, considera que o Museo debería de alugar un local, para amañar o problema xa que se trata

dunha Entidade privada que, para o Concello, só merece “apoio moral”. Pla contra, o Gabinete de Planificación Territorial da Xunta, para a Comarca piloto da Fonsagrada, no seu obxectivo nº 6, propón transferir á Xunta o mantemento do actual Museo Etnográfico. A propia Consellería de Agricultura non se atonou polo local que ocupa o Museo ou propuxo escoller outros antes ca ninguén. Tamén semella mostrarse impasíbel o Director Xeral do Patrimonio. Vai para catro meses que o Padroado do Museo lle solicitou, en entrevista, se achegase á Fonsagrada para ver o local, antes do desaloxo, e aínda agardan por el. Os afectados tamén queren que “só nun Pleno se revocaren acordos anteriores”.

### Outras alternativas

“O local actual do Museo non é o ideal, pero é o que temos”, precisan os Rectores do Museo. “Moitas pezas, prometidas pola xente,



## O candor do Padre Seixas

Morreu en Salamanca  
o pasado dia 14 un dos criadores da Igrexa galega

■ FRANCISCO CARBALLO



Cofecín ao P. Seixas en 1973. El levaba en Vigo desde 1958. Vivía na rua V. Moreno. Era da equipa da residencia xesuítica da cidade olívica, onde se facía palpábel o novo modo de ser da Compañía de Xesús. Alí traballaban xesuítas decididos a inculcar a fe na Galiza, a compartir con obreiros e coa mocidade estudantil a loita pola liberdade, pola paz e pola xustiza. Xaime Seixas era a estampa: candoroso, incansábel, sutil e por enriba de todo amigo dos cidadáns.

Se ben el coincidía coa liña oficial da Compañía que en Roma lideraba o P. Arrupe, Seixas fixera por si mesmo o paso do vello xesuitismo da contrarreforma ao novo modelo de liberación. E sabía o duro do cambio e a necesidade da prudencia. Na súa espalda caeron trallazos que sobrelevou co seu sorriso de sabeduría.

Este santiagués nacido en 1918, estudante de maxisterio e militante de certo carlismo de expectativas filosociais e descentralizadas, apuntouse aos vinte anos á Compañía de Xesus e cursou en Comillas. Esta universidade era daquela o máis numeroso centro de estudos superiores do clero hispano e cruxol de espiritualidade: saíron de alí uns conformes co nacionalcatolicismo, outros rebeldes ante a frustración da mestura Franquismo-Igrexa. Seixas levaba dentro o inconformismo e tivo a oportunidade de comprobar na Franza as tendencias avanzadas que preparou o Vaticano II.

Anos de traballo en Salamanca e

na Coruña a prol dunha evanxelización comprometida e de experiencias co VA (Vanguardia Obreira). Moi atrevido e moi precavido durante os cincuenta do Franquismo, tivo que emigrar a Santo Domingo, no 1961. A pobreza e a vitalidade cristiá das comunidades daquel país conmovéron ao P. Seixas. Abrazou o ecumenismo en toda a súa extensión: respecto a todas expresións relixiosas e a todas as culturas humanas.

Vinte anos en Vigo fixeron del un símbolo: deus espazo á mocidade antifranquista, saudou con esperanza aos rapaces nacionalistas que se enfrentaban seguros ao amparo do seus sorriso. Liderou o movemento relixioso a prol da litúrxia en galego non só como delegado da litúrxia na diocese viguesa, senón como impulsor de SEPT, fundador da asociación da Virxe da Guía e Santiago Apostol da emisión radiada da misa en galego ao través de Radio Popular primeiro e de Radio Ecce despois. Moi longa a serie de logros de Sept co P. Seixas sempre de animador.

No ano 1985 recibía a medalla Castelao. E a enfermidade probouno na enfermería do colexio Apostol de Vigo e na central dos xesuítas de Villagarcía del Campo. Volta o seu corpo a Vigo. O 16-XI recibiu a xusta homenaxe como un dos criadores da Igrexa galega, da nova Igrexa que xermola desde o galego e desde a fe liberadora de Xesucristo. ¡Benvido, amigo Seixas, a Vigo, a túa cidade, á Galiza que intentache facer: fraternal, ecuménica! ♦

Deu espazo á mocidade antifranquista, saudou con esperanza aos rapaces nacionalistas. Liderou o movemento relixioso a prol litúrxia en galego

### Quedan poucos carpinteiros de ribeira

A recuperación das embarcacións tradicionais na Galiza tenta evitar a agonia da carpintería da ribeira. Galeóns e dornas formaban parte dunha estrutura industrial que foi desaparecendo. O transporte de peixe deixou de ter sentido cando as fábricas de salga foron pechando. A madeira deixou de enchelos cando os serradoiros deixaron de funcionar. Qué dicir das telleiras? Desapareceron o barro e a cerámica que foron, nunha época, a principal mercancia destes barcos aos que deron nome nalgúns vilas.

Tamén o propio material de construción dos galeóns desapareceu. "Estas embarcacións estaban feitas con madeira de carballo e piñeiro. Agora, as madeiras xa non son as mesmas. O eucalipto fai competencia ao piñeiro e non hai madeira", queixase Pepe Garrido, o último dunha saga de carpinteiros que leva adiante, como pode, o seu estaleiro.

Este carpinteiro axuda á reconstrución do galeón e, ao mesmo tempo, bota unha man na fabricación dunha dorna meca que leva a cabo un colectivo de Cambados. A meca é a máis grande dos diferentes tipos de dornas. A súa altura sobrepasa a estatura dunha persoa. Garrido puido confeccionar os planos mercé ás fotos antigas que reflexaban esta embarcación. "O paso da vela ao motor foi trau-

matíco para as naves tradicionais. Mentres noutros países seguiron conservando estas embarcacións, na Galiza quedaron paradas. Para poder reconstruílas, hai que acudir ás fotos e, sobre todo, aos vellos que traballaron nelas", expón Pepe Garrido.

### Novas utilidades

O colectivo *Mascato* precisa de pouco máis de catro millóns de pesetas para ter o galeón preparado.

Xa recibiu un millón da Consellería de Pesca e agora anda á procura do que resta. "A nosa intención é que o barco estivese feito para o próximo verán pero todo depende do presuposto do que dispoñamos. Gostaríamos que o galeón fose destinado a facer rotas pola ría arousán para os rapaces das escolas. Esperamos que o seu funcionamento coincida coa rehabilitación dunha vella telleira xa que, hai anos, a fábrica e o barco estaban moi relacionados", indica Dionisio Pereira.

A xente que traballa nestes proxectos cre que aínda poden atoparse máis utilidades para os botes de barro ou as dornas; dende o estudo do hábitat mariño ata fins publicitarios para as empresas privadas. O problema é chegar aí. A falta de axudas e de material dificultan os proxectos de reconstrución. O carpinteiro Pepe Garrido ve como moitos estaleiros viciños van pechando e a carpintería de ribeira convertétese nun oficio en extinción. ♦

A recuperación das embarcacións tradicionais na Galiza tenta evitar a agonia da carpintería de ribeira.

non podemos admitilas ao non ter local dabondo. Várias seccións (coma as do Ferreiro, adegas e outras) están ciscadas en locais cedidos polos colaboradores. O Hospitaliño, que insinúa o Alcalde, tampouco sería o destino millor. O que pasa é que, ao ser o local asignado nun principio, mantivemos un certo conformismo. Pero de darse os Convénios polos que loitamos poderíamos mesmo aspirar a ter a Sé noutros edificios, como a Casa de Peñamaría ou Casa de Pasarin".

O Patronato afirma que, quer negociacións, "só temos indicios, non satisfactorios, de futuro e evidencias de desaloxo". Tamén lle devolven o reto ao Alcalde non do apoio moral. "Que se materialice, dito apoio, como deica agora. Como na solicitude que houbera para restaura o Hospitaliño; a cesión de locais; o pago de determinadas milloras que se fixeron; a subvención anual que nos concede"...


### A Lei do patrimonio

A Consellería de Cultura, que anda a voltas con varios borradores da nova Lei do Patrimonio, debe considerar a problemática dos Museos Comarcais. De cando era Directora Xeral Raquel Casal, no ano 84, había un Decreto que era o único marco legal no que se contemplaba a problemática dos Museos. Aínda que non mencionaba os camarcais, si establecía a posibilidade de concertos ou convenios. Na Fonsagrada consideran positivo que o contido de aquel Decreto, que podería verse anulado agora, aparecese na nova Lei do Patrimonio. A política de Cultura pode ir polo establecemento de concertos e de feito, o Museo de Viveiro, a piques de se constituir, ten xa prometido un concerto coa Dirección Xeral do Xacobeo, coa desculpa de ser localidade marítima no Camiño de Santiago, para rehabilitar uns locais. ♦

### HISTORIA DE GALICIA

Desamortización e réxime de propiedade

Ramón Villares



A VENDA A PARTIR DO XOVES 24





Convocatorias

Construcións para o aproveitamento enerxético  
O Colectivo de Educación Meioambiental (CEM), organiza o curso Construcións galegas para o aproveitamento enerxético que abranxe ferreirías, serreirías e muniños do río Xubia. Será impartido polo etnógrafo Clodio González Pérez os días 25 e 26 de Novembro na Coruña. Información e inscricións no (981) 26 56 40, ou no CEM: Laracha, 10. A Coruña.

Prémio de poesía Espiral Maior  
Edicións Espiral Maior e o clube poético do mesmo nome convocan o III Prémio de Espiral Maior de poesía cun único premio sen cunha económica que consistirá na publicación da obra gañadora dentro da colección Espiral Maior Poesía. Poden optar ao premio autores e autoras menores de 35 anos, sempre que non teñan nengun libro individual publicado. Os traballos terán un mínimo de 300 versos e presentaranse por triplicado, mecanografiados a dobre espazo e baixo plica, sen remite, co título da obra acompañado dun lema identificador. En sobre aparte virán os datos do autor (nome, apelidos, enderezo, teléfono, currículo). No exterior do sobre figurará o título e o lema da obra. As obras han de chegar a Edicións Espiral Maior (Apartado 192, 15080 A Coruña), antes do 30 de Novembro de 1994. Maior información en Edicións Espiral Maior (981) 22 85 80.

Periodismo Gastronómico  
Amigos da Cocina Galega e máis o Concello de Lalin convocan o Prémio Nacional de Xornalismo Gastronómico Alvaro Cunqueiro. Poden aspirar ao premio os traballos periódicos sobre temas de gastronomía galega, publicados por primeira vez durante o tempo comprendido entre o 1 de Marzo e o 31 de Decembro de 1994 en calquer meio de comunicación de calquer localidade do Estado. A organización aceptará como máximo dous traballos por autor que se presentaran, antes do 5 de Xaneiro de 1995, na Casa do Concello de Lalin nun sobre pechado dirixido ao alcalde, no que conste: Para o Prémio Gastronómico Alvaro Cunqueiro. As obras presentaranse por cuadruplicado a través do recorte do periódico no que foron publicadas, pegados en fólíos DIN A4, acompañados doutra folia no que apa-

Música

Planta Baixa  
Os vindeiros concertos no bar Planta Baixa de Vigo: Def Con Dos xunto con Lagartija Nick o Sábado 19; e Hermanos Dalton o Domingo 20. Todos ás 11 da noite.

The Tombstones  
Rock selvaxe tanto nas súas propias cancións como cando revisan obra de The Who, The Kinks, Velvet Underground ou The Remains. Presentan o seu primeiro disco titulado co nome do grupo, o Xoves 17 ás 10,30 da noite na NASA de Santiago, para o que constan coa presenza de artistas invitados que participaron na gravación do disco. Tamén actúan en Vigo, o Venres 18 ás 12 na Iguana Club. A entrada vai a 500 pta. nos dous concertos.

Tom Principato  
Acreditado por vinte anos de carreira líder do grupo Powerhouse, ou por respaldar coa súa guitarra a intérpretes como John Lee Hooker, Big Mama Thornton ou Sunnyland Slim. Destavolta amplia a súa xira á Galiza: o Xoves 17 ás 11 no Nova Olímpia de Vigo, e o Venres 18, ás 10,30 na NASA de Santiago.

Brian Quince's Blue Soul  
Grupo liderado polo saxofonista e compositor canadiano Brian Quince, o seu repertorio comprende funky-jazz e soul. Actua o Xoves 24 ás 11 no Café Odeón

rezan o nome e enderezo do autor e a data de publicación do exemplar. No caso de artigos de radio ou televisión, deberanse remesar tres fitas na compañía da certificación do director da emisora na que conste a data e o nome do programa no que foi emitido. Os premios divídense en: 1º con 500.000 pta., 2º con 250.000 pta., e 3º con 100.000 pta. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade das entidades convocantes e o fallo do xurado terá lugar en Lalin co gallo da Feira do Cocido de 1995.

Prémio de poesía de Ourense  
O concello de Ourense convoca o XV certame de poesía Cidade de Ourense dotado cun único premio de 250.000 pta. e a publicación do libro. Os traballos que han de ter un mínimo de 800 versos, presentaranse por sextuplicado, mecanografiados a dobre espazo en follas tamaño folio. A entrega ten que ser antes do 30 de Decembro de 1994 na Concillaría de Cultura de Ourense (os concursantes portugueses poden facer a entrega na Cámara Municipal de Vila Real). As obras han de vir baixo o lema Para o XV premio de poesía Cidade de Ourense, e acompañadas dunha plica cos datos persoais.

Prémio de poesía E. Lorenzo Baleirón  
O concello de Dodro convoca a sétima edición do premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, dotado con 275.000 pta. Poden concorrer todos os que o desexen con obras de tema e forma libre, inéditas e cunha extensión mínima de 400 versos. Para participar hai que enviar, antes do 30 de Novembro, 4 cópias mecanografiadas e baixo plica a: Concello de Dodro. A Coruña. VII Prémio de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón".

Certame de vídeo escolar  
O Ateneo de Pontevedra e máis o Instituto de Formación Profesional A Xunqueira convocan o II Certame de vídeo escolar, aberto a todos os centros de ensino medio e EXB de Galiza. O concurso comprende dúas modalidades, vídeo documental e vídeo de creación, dotadas con dous premios cada unha: 75.000 pta. e 50.000 pta. Ademais o certame conta con dous premios extraordinarios, un para o mellor documental sobre a provincia de Pontevedra (100.000 pta.) e outro para o traballo máis orixinal (100.000 pta.). Para inscribirse

de Vigo, e o Venres 25 ás 10,30 e ás 12 da noite na Alternativa Jazz de Sada.

Los Suaves  
Xoves 24 na Nova Vanessa de Ourense.

Apoio ao Burgo  
A Comisión de Cultura do Burgo das Nacións, convoca unha festa en apoio ás reivindicacións da Plataforma por un SRI Público e de Calidade o Xoves 17 de Novembro no Pavillón Social (Pav. 11) coas actuacións de Anai Area, Los Modrágoras, Diluyana Rock e Currunchum in The Plash. A festa comeza ás 12 da noite.

Os Motores  
O Venres 18 de Novembro no Playa Club da Coruña, e o Domingo 20 en Idea (Monforte).

Skornabois  
Grupo lourenzá "máximo representante do romanticismo vergallán". A súa música, "terrorismo musekal", está inspirada "nun sentimento de carraxe cara a todo o que representa a palabra

Danza  
Mano a mano  
Os días 23, 24 e 25 de Novembro, ás 9,30 da noite, na sala Galán de Santiago, Teresa Nieto (Madrid) presenta a súa coreografía Mano a mano.

hai que remesar unha cópia do traballo acompañada dunha ficha técnica que inclua: data de realización, modalidade na que participan, nomes de mestres e alumnos que elaboraron o vídeo, material utilizado, certificado do director do centro de que o traballo é orixinal do coléxio, enderezo, teléfono, e características do vídeo (título, duración, resumo). O prazo de presentación remata o 10 de Decembro de 1994, no IFP A Xunqueira. (R/Alexandre Bóveda s/n. 36155 Pontevedra). Para calquer consulta chamar ao teléfono do Instituto e perguntar polos profesores do taller de vídeo: (986) 87 30 03, fax 87 30 00.

Curso de diaporamas  
Organizado polo colectivo Ollo de Vidro ten como obxectivo capacitar e ensinar para a montaxe de audiovisuais con diapositivas. O temario comprende: introducción aos diaporamas, guiión, planificación, produción, arquivo e conservación. Será impartido por monitores do colectivo do 28 de Novembro ao 16 de Decembro (Luns, Mércores e Venres de 20 a 22 h.) no enderezo Eladio Rodríguez, 15-entrechán (A Coruña). A matrícula vai das 5.000 pta. da ordinaria ás 3.000 pta. da especial para socios, e pódese formalizar no Centro de Actividades Culturais Galegas (Emilia Pardo Bazán, 25-2º. 15005 A Coruña) en días laborables de 17 a 21 h. Maior información no (981) 24 43 55.

Prémio Curuxa do humor  
O Museo do Humor de Fene promove o oitavo concurso Prémio Curuxa do humor, ao que poden acceder todos os interesados con obras inéditas gráficas, fotográficas ou literarias. No concurso literario pode usarse prosa ou verso cunha extensión mínima de 2 fólíos e máxima de 6, mecanografiados a dobre espazo e só por unha cara (hai que presentar 6 cópias máis o orixinal). Na vertente gráfica está permitida calquer técnica e os orixinais han vir en cartolina con dimensións mínimas de 21x30 cm. No apartado fotográfico tamén permiten calquer técnica pero os orixinais terán que vir nun tamaño mínimo de 18x24 cm. Para participar hai que remesar as obras baixo lema e cun sobre cos datos persoais e unha breve currículo, antes das 14 h. do 22 de Decembro ao: Museo do Humor. Premio Curuxa. Fonte do Campo, 20-22. 15500 Fene (A Coruña). Habará un único premio por cada vertente de 100.000 pta.

españa". Actúan o Sábado 19 no café-concerto Merlín de Tui.

La Traviata  
Polo Teatro Nacional da Opera de Moldavia. O Mércores 23 no centro cultural Caixavigo.

Don Carlo  
Dentro do ciclo audiovisual A chegada á ópera do centro cultural Caixavigo (proxeccións ameio disco-láser, precedidas dunha introdución de Juan Pérez Comesaña), os días 22 e 24 de Novembro pasan en dous partes Don Carlo de Verdi, con S. Ramey, L. Pavarotti, P. Coni, D. Dessi, L. D'Intino, A. Anisimov, xunto coa Orquestra e Coros do Teatro Scala de Milán, baixo a dirección de Riccardo Muti.

Halle Orchestra Manchester  
O Luns 21 ás 9,30 da noite no Pazo de Congressos Auditorio da Coruña. Dirixe a orquestra Kent Nagano.

Aron Rosand e Geir Henning  
Violin e piano. O Xoves 24 no Auditorio da Galiza en Santiago.

The Ranglan Barroque Players  
Actúan o Xoves 17 no Auditorio de Galiza en Santiago.

O trinque

Cinema  
Tom e Viv. Outra mostra do bon momento do cinema británico que nos últimos anos —e xunto cos filmes que chegan de Latinoamérica— está a lograr que o público se

reconcilie coa grande pantalla. Trátase, neste caso, dunha polémica biografía do célebre poeta T.S. Elliot, desde o punto de vista da súa muller. Unha esposa intelixente que non aceptou o lugar marxinal que a sociedade lle outorgaba.

Anuncios de balde

Damos charlas en centros educativos e culturais sobre a situación do bretón e do galego, ou sobre a Bretaña contemporánea (economía, historia, cultura...) en galego ou francés. Perguntar por Isabel ou Neal en Casas Reais, 4-2º. Santiago. (981) 57 61 03.

Carnizaria. Cedo dereito de explotación gratis por enfermidade. Vendo maquinaria e ensino oficio. Garanto vendas. (981) 26 09 89.

Oferécese auxiliar de clínica para coidar doentes. Chamar de 2.30 a 3.30 da tarde ou a partir das 11 da noite ao teléfono (981) 58 45 89.

Mestre de primeiro ensino (sociais), busca traballo en calquer parte da Galiza. (982) 55 87 49.

Iniciación á lingua bretona por profesor nativo. Quinta feira, de 20 a 21,30 h., de Novembro a Janeiro, na asociación O Facho na Corunha (Federico Tápias, 12-1º C). Inscricións na librería Couceiro (Praza do Libro). Información no (981) 23 15 23.

Enviamos gratuitamente o Nº 3 do boletim cultural Galha a persoas interesadas no reintegracionismo. Grupo Meedinho. Apartado 678. 32080 Ourense.

Búscase persoa para compartir piso con dous estudantes en Santiago. Chamar ao (981) 22 06 83, preferentemente entre 9 e 11 da noite.

Libro de poemas, O devalo do mar (Compostela 1994), de Rafa Villar. Prezo: 1.200 pta. (incluídos os gastos de envío contra reembolso). Os primeiros pedidos van recibir, ademais de balde, o primeiro libro do autor, Liques

da memoria (1993). Enderezo: Rafa Villar. Calzada do Carme de abaixo 10, 2º C. 15705 Santiago. (981) 57 61 34.

Clases particulares de inglés por licenciada con experiencia. Todos o niveis. Ronda de Don Bosco 28, 1º Telf. 43 43 18 Vigo.

Cursos de idioma ruso, xadrez e danzas do mundo. Asociación Máximo Gorki. Máis información no telf. (986) 22 44 57, de 5 da tarde a 9 da noite.

A Asociación da Língua Artábria tem à venda bandeiras galegas feitas em teia -tamanho 115x85- a 1.500 pta., e em feltro -de 15x10- a 400 pta., junto com outro material recolhido num catálogo que podes solicitarnos ao apartado dos correios 570 do Ferrol.

Aulas de tradución de inglés, francés, bretón, galés e chinés. Profesores licenciados en filoloxía con ampla experiencia. Nativos da Bretaña e da Grande Bretaña. Isabel e Neal. Casas Reais 4-2º. Santiago. (981) 57 61 03.

Mercaría o libro Estética da muller de E. Montes, edición de La Región de Ourense, Xaneiro de 1923, co retrato do autor na capa realizada por Fernández Mazas. Perguntar por Bieito no (982) 24 69 01.

Busco alguén que restaure (a ser posible de balde ou a prezo reducido) un libro manuscrito do século XVII e unha máquina de escribir antiga marca Underwood. Perguntar por Manuel no (981) 69 56 82.

Mércase invernoiro de 50 metros cadrados. Preferentemente en Vigo. Perguntar por Antónío número (986) 29 17 22.

Actividades

Xornadas sobre o nacionalismo galego  
Os Comités Abertos de Facultade de Lugo organizan as I Xornadas sobre o nacionalismo galego: pasado presente pasado e futuro, cun extenso programa de charlas-colóquio que celebran desde o 8 de Novembro, con entrada libre ás 8 do serán, na sala de xuntas da Facultade de Veterinaria (Pavillón Central). As próximas mesas redondas: O outro povo, outra nación: Catalunya, o Martes 22 de Novembro con Xabier Bosch (presidente do Consell Nacional de Esquerda Republicana de Catalunya); Situación dos presos políticos nacionalistas, o Mércores 23 de Novembro con membros dos Juntas Galegas pola Amnistía e dos Comités Antirepresivos; e Militarismo, insubmisión e nacionalismo, o Xoves 24 con membros de Corneta Obxeta de Lugo e do Bispado de Lugo. Maior información nos CAF de Lugo (Escola Politécnica Superior de Lugo), ou perguntando por Xavier no (982) 21 28 45.

Relacións nais fillas  
O Sindicato Labrego Galego organiza a charla Relacións nais fillas/os, conflitos xeracionais, que terá lugar o Domingo 20 de Novembro ás 4,30 da tarde no bar O Taxista da Ponte Carreira (Concello de Frades).

Semana da cultura galega  
O Coléxio de Doutores de Pontevedra artella unha serie de conferencias no Instituto de Bacharelato Santa Irene de Vigo, dentro das súa V Semana da cultura galega. O Luns 21, Xosé Ramón Barreiro Fernández falará das propostas políticas dos ilustrados galegos.

O Martes 22, Pilar Alluge Agúete (Profesora de dereito na Universidade de Vigo) pronunciará unha conferencia sobre Sarmiento. Mércores 23, Xoan Carmona Badia (Catedrático de ciencias económicas e empresariais na Universidade de Santiago) tratará O pensamento económico da ilustración galega. O Xoves 24 terá lugar a última charla do ciclo sobre O pensamento ilustrado, de Feijoo a Ramón de la Sagra da man de Francisco Carballo Carballo. Todos os actos serán as 8 do serán no paraninfo do IB Santa Irene.

Sempre en Galiza  
A Federación de Asociacións Culturais Galegas organiza a mesa redonda sobre a vixencia do Sempre en Galiza de Castelao. Terá lugar o Martes 22 ás 8 do serán na galería Sargadelos de Vigo (Doutor Cadaval, 24) coa participación de Francisco Carballo, Manuel López Foxo e Xan Carballa.

Ramón Suárez Picallo  
A Confederación Intersindical Galega artella unha mesa redonda sobre a figura de Ramón Suárez Picallo, na que interveñen Carlos López García, Luis Pérez Leira e María Reza Torrado. Celebrarase no local do CIG (Gregorio Espino, 47-baixo), o Venres 18 ás 8 do serán.

Versión orixinal, versión dobrada  
A asociación de antigos alumnos da Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Vigo Porta aberta organiza unha charla sobre a dobraxe que pronunciará Gustavo Penas Cora, o Venres 18 ás 8 do serán na aula magna da EOI (Martínez Garrido, 17).



Exposicións

Coa alma inteira

Vários artistas galegos doaron as suas obras á mostra-venda *Coa alma inteira* para acadar cartos de axuda ao povo cubano. A exposición, artellada pola CIG, está aberta até o 30 de Novembro na Casa da Cultura de Cangas.

Pinturas de Luís Seoane

A mostra antolóxica da obra pictórica de Luís Seoane, pódese ver até o 25 de Novembro na sala da Fundación Caixa Galicia en Santiago. Abre de 18,30 e 21,30 h.

Blanco Amor, fotógrafo

Fotografías feitas por Eduardo Blanco Amor, no Centro cultural Valadares (Vigo) do 20 ao 26 de novembro.

Mónica Carballás

Colga os seus cadros no pub Ardora de Vigo. Até Decembro.

Burros

Até o 30 de Novembro na casa da cultura de Monforte. A agrupación ecologista do sul de Lugo Xevale, organiza dentro do sexto certame *A arte en defensa da natureza* unha mostra con máis de 30 fotos de burros aportadas por colectivos de toda Galiza.

Man Ray


Até o 11 de Decembro no Kiosko Alfonso da Coruña. A mostra adicada a Man Ray comprende fotografías de 1922 realizadas coa técnica da súa invención *raiograma*, amais de pinturas, debuxos e outros obxectos que o situan nas correntes de vanguardia de primeiros de século.

Galicia en foco


As obras escollidas para certame de fotoxornalismo organizado polo clube de prensa do Ferrol, fican expostas na Casa da xuventude de Ourense até o 25 de Novembro.

Outono fotográfico de Chantada

Do 22 de Novembro ao 16 de Decembro, de 17 a 21 h., expoñen na Casa da Xuventude de Chantada as obras partici-



Sombra de Montse Amigo e Superposicións de Tatiana Medal.



Páxinas coordenadas por IAGO LUCA

pantes no concurso *Outono fotográfico*.

Ahmad Tabatabai

Pintura na sala dos Peiraios de Vigo até o 7 de Decembro. Abre de 17 a 1,30 h., Domingo de 11 a 14 h.

História do nacionalismo

Os *Comités Abertos de Faculda* do campus de Lugo artellan unha mostra sobre a historia do nacionalismo aberta na Cafetería de Veterinaria até o 15 de Nadal.

Tàpies

A Casa da Parra (Santiago) mantén aberta a mostra de obra gráfica de Antoni Tàpies até finais de Novembro. Horario de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados só de mañá.

Ulpiano Carrasco

Expon as suas pinturas na galería Sargadelos de Vigo. Pecha o 25 de Novembro.

Fotobienal

Aberta a sexta edición da Fotobienal de Vigo na Casa das Artes e no centro cultural Caixavigo. Conta coas mostras: *Real como unha foto* exposición central na que diferentes autores exploran as posibilidades creativas de non aceptar a fotografía como reprodución obxectiva da realidade; *arquivo dos Irmáns Sarábia*, *Fotografía clásica galega*, *Bolseiros da VI Fotobienal* e *Vigovisións* con máis de 300 fotos de 30 autores, algúns deles: Ron O'Donnell, Anxo Iglesias, Susan Meiselas, Joe Sternfeld, Koldo Chamorro, Sue Packer, Carole Conde e Karl Beveridge.

António Murado

Pinturas na galería Volter de Ourense. Pecha o 19 de Novembro.

Casa da Galiza en Madrid

A Casa da Galiza en Madrid colga dúas mostras a partir do 2 de Novembro. *Fotografías de Veiga Roel do período 1954-1964* e pinturas de *Maria Victoria de la Fuente*. As dúas abertas até o 25 de Novembro de 10 a 14 e de 16 a 20 h. Festivos de 10 a 14 h.

Curro Ulzurrun

Esculturas en pedra na galería Trinta de Compostela. Pecha o 27 de Novembro.

Xulio Correa

Foto-instalacións, até o 25 de Novembro na galería Barcelos de Vigo.

O Jazz

Colectiva de pintores coruñeses co jazz como tema común. Até o 13 de Decembro no Moka Pub da Coruña.

30 anos no 2.000

Até o 31 de Decembro de 12 a 14 h., no Auditorio de Galiza (Santiago) pódese ver a mostra *30 anos no 2.000. Artistas galegos para un cambio de milenio*.

Lisboa/94

Exposicións

**Jangadas, pirogas e embarcacións do mundo**, do 24 de Novembro ao 19 de Decembro no Padrão dos Descobrimentos (07-351-1-301 62 28). Reune unha centena de miniaturas de embarcacións das máis antigas e instrumentos de navegación e de traballo. Os modelos reproducen o orixinal con fidelidade respetando a maioría das veces as madeiras e outros materiais. **Arte e dinheiro** comprende obras inéditas de Pedro Portugal, João Paulo Feliciano, Paulo Mendes, Andy Warhol, Muntadas e Louise Lawler. Fica aberta no Culturgest (07-351-1-790 51 55). **Joaquim Bravo**, trinta cadros de entre 1956 e 1982 na galería Valentim de Carvalho (07-351-1-60 86 19), até o 31 de Decembro, e no Centro de Arte Moderna (07-351-1-793 51 31). **A mulher rebelde Mito, história e tragédia**, entre a arqueoloxía e a actualidade, con referencias ao Império bizantino. Exposta no Museu de Arqueologia (07-351-1-362 00 00). **Manfredo Souza** obra do pintor brasileiro na galería Módulo (07-351-1-388 55 70) até o 24 de Novembro. **Os inumeráveis estados do ser** na Fundação Gulbenkian (07-351-1-793 51 31). Un achegamento ás prácticas terapéuticas da siquiatra brasileira Nise da Silveira, a traves de obra de doentes esquizofrénicos pertencente ao Museu do Inconsciente do Rio de Janeiro. **Despois de amanhã**, até o 9 de Decembro no Centro de Exposições e no Centro Cultural Belem (07-351-1-301 96 06). **Panorama contemporáneo das artes plásticas** privilexiando a artistas portuguesas máis cunha selección de importantes artistas estranxeiros: Sarmento, Calapez, Burmester, Wim Delvoye, Marie-Jo Lafontaine, Miguel Palma, Baltasar Torres e Paulo Feliciano, entre outros. **Júlio Pomar**, *O paraíso e outras histórias* pinturas e traballos sobre papel realizados entre 1991 e 1994, até o 4 de Decembro no Culturgest (07-351-1-790 51 55). **Pedro Chorão** *Pinturas de paisagem*, obra recente na galería Palmira Suso. **Pires Vieira** *Aproximación a um inventário dos desejos reprimidos*, pintura na galería Graça Fonseca. **Sérgio Camargo**, retrospectiva do escultor brasileiro no Centro de Arte Moderna (07-351-1-793 51 31). **Marcello Morandini**, un dos

pintores máis importantes do século. Obra durante Novembro no Palácio Galveias (07-351-1-797 36 62). **Arquitectura InPossível de Arquitectos Píoledo** no Centro Cultural Belem (07-351-1-301 96 06). **Oito Séculos de Missionaçõ Portuguesa**, até Decembro no Mosteiro de San Vicente de Fora (07-351-1-888 56 52). Contén os máis significativos testemuños das misións desde o século XII aos nosos días. Máis de seiscentos obxectos utilizados ou producidos en zonas de colonización, e unha base de datos relativa ao patrimonio relixioso adquirido nas zonas de influencia portuguesa.

Teatro

**Arranca-me a vida**, de Rodolfo Santana, interpretan: Alina Vaz, Alberto Villar, Lúcia Maria, Igor Sampaio e Francisco Brás. Até o 31 de Novembro no Teatro Contemporáneo de Lisboa. **A grande mágia**, Xoves, Venres, Sábado e Domingo no Teatro Municipal de São Luiz (07-351-1-347 12 79). Comédia en tres actos con dirixida por Mário Viegas, interpretan Manuela de Freitas, Mário Viegas, Santos Manuel, Juvenal Garcês, Eduardo Firmo, Simão Rubim, Manuela Cassola, João Nuno Carracedo, André Gomes, Rita Lello e Joaquim Nascimento. **Europa não! Portugal nunca!**, Luns e Martes no Teatro Municipal de São Luiz ((07-351-1-347 12 79), espectáculo a solo de Mário Viegas "constituído por textos e poemas dos humoristas: Vasquinho Desgraça Musulmana, Vasquinho Polimento Cobardola, Passrinha Estádio do Bessa-Luís (a famosa bruxa da Airosa), Manuel Triste, Maria Teresinha Peixinho da Horta, Paulo Janelas, más línguas, maus-figados, cirroses, dichotes, prés e pos-modernidades, e outras caganças e andanças...". **Oleanna** de David Mamet, até finais de Decembro no Teatro Aberto (07-351-1-797 09 69). A peza céntrase nas relacións de un profesor cunha aluna revelando problemas de asedio sexual. Versión de João Lourenço e Vera San Payo de Lemos. Dirixe Vera San Payo de Lemos e interpretan Francisco Pestana e Sofia de Portugal.

Información xeral dos actos de Lisboa/94 no telf. (07-351-1) 346 06 50/41.

Teatro

**Ultranoite de ultratumba** Espectáculo de variedades. O Sábado 19 ás 11 da noite na NASA (Santiago).

**Asemblea de mulleres** De *Axouere Teatro*, do Xoves 17 ao Sábado 19, ás 8,30 da noite no auditorio do concello de Vigo. Entrada 1.000 pta.

**Máquina Total** De *Chévere*, o día 18 en Cervo, 19 en Ortigueira, 22 en Foz, 25 en Vilagarcía, e 26 en Moaña.

**Cabaret Tan Tan** Reposición na NASA de Santiago do espectáculo de cabaret da compañía *Chévere con b*. Do 23 ao 27 de Novembro ás 10,30 da noite. A entrada

vai a 800 pta. agás o Mércores 23 (día do estudante) que custa 500 pta., e o Xoves 24 (día espectador) 600 pta.

**Non se chora** Por *Teatro do Atlántico*, 19 en Narón, 20 en Xove, 24 nas Pontes.

**Macbett** Por *Produccións Teatrais do Sur*, o Xoves 24 no Barco.

**Doberman** Por *Teatro do Morcego*, o Venres 18 en Ribeira.

**Ah, ah, ah!** A comédia para todos os públicos interpretada pola compañía de títeres

**Tanxarina**, o 25 en Ribeira e o 26 no Porriño. A mesma compañía pon en cena *Sombras chinescas* o día 27 en Vilalba.

**Canas ao aer** Por *Émeigual*, o Sábado 19 en Moaña.

**Macbeth** Por *Teatro do Noroeste*, até o 25, de Luns a Venres ás 20,30 h., na aula de cultura Caixagalicia de Santiago.

**Mostra de Teatro de Vilagarcía** O Concello de Vilagarcía artella a *III Mostra de Teatro Armando Cotarelo Valledor* con representacións na Casa da Cultura: o día 18, **Teatro do**

**Adro** encenifica *Petición de Man* de A. Chéjov; e o **Centro Dramático Galego** baixo a dirección de Marcelino de Santiago "Kukas" representa *O Mariscal* de Ramón Cabanillas do 24 ao 26.

**O Mariscal** Polo **Centro Dramático Galego**. Os días 20 e 21 no cine Yut de Tui, e do 24 ao 26 na Casa da Cultura de Vilagarcía.

**Buscando a Beckett** A sala Galán de Santiago anuncia a actuación do grupo **Teatro del Azar** de Valladolid, coa obra *Buscando a*

*Beckett*. Até o 19 en sesións das 9,30 da noite.

**Buscando a Beckett** A sala Galán de Santiago anuncia a actuación do grupo **Teatro del Azar** de Valladolid, coa obra *Buscando a Beckett*. Do 17 ao 19 en sesións das 9,30 da noite.

**Café-teatro** Pola compañía cubana **Teatro cinco** co espectáculo *Mulleres descoñecidas* o Venres, 18, ás 23 h. no *Pub Bellas Farto* na rua San Miguel 3 de Santiago. Agradécese a puntualidade.

Cinema

Cineuropa/94

O Concello de Santiago artella unha serie de proxeccións até o 30 de Novembro no Teatro Principal de Santiago, con 5 pases diários (16; 18,15; 20,30; 22,30; e 0,30 h.), por esta orde: O Xoves 17: *Posibilidade de escape*, de Paul Schrader, *Non todo o mundo pode...* de Jean-Jacques Ziberman, *South Central* de Steve Anderson, *Shopping* de Paul Anderson e *Tan lonxe, ten perto* de Wim Wenders. Venres 18: *South Central* de Steve Anderson, *Voyager* de Volker Schlöndorff, *A grande cabaza* de Francesca Archibugi, *Les silences du Palais* de Moufida Tlatli e *Fresh* de Boaz Yakin. Sábado 19: *Non todo o mundo pode...* de Jean-Jacques Ziberman, *Les silences du Palais* de Moufida Tlatli, *Voyager* de Volker Schlöndorff, *O val de Abraham* de Manoel de Oliveira e *Na boca, non de Andre Techine*. Domingo 20: *O val de Abraham* de Manoel de Oliveira,

*Shopping* de Paul Anderson, *O Diaño* de Adrzej Zulawski, *Eat, Drink, Man, Woman* de Ang Lee e *Cowboy de meianoite* de John Schlesinger. O Luns 21: *O Diaño* de Adrzej Zulawski, *Adeus á miña concubina* de chen Kai-ge, *Eat, Drink, Man, Woman* de Ang Lee, *Kafka*, a verdade oculta de Steven Soderbergh e *O rei da colina* de Steven Soderbergh. Martes 22: *A grande cabaza* de Francesca Archibugi, *O rei da colina* de Steven Soderbergh, *Kafka*, a verdade oculta de Steven Soderbergh, *Naked* de Mike Leigh e *Life is sweet* de Mike Leigh. Mércores 23: *Kafka*, a verdade oculta de Steven Soderbergh, *Life is sweet* de Mike Leigh, *Naked* de Mike Leigh, *Pólvora vermella, pólvora verde* de He Ping e *Vidas cruzadas* de Robert Altman.

**CGAI** O Centro Galego de Artes da Imaxe (Durán Loriga 10. A Coruña) ten en

programación os seguintes filmes: **O estado das cousas** de Wim Wenders (Venres 18 e Sábado 19), **Os Xoves, miragre** de Berlanga (Martes 22 e Xoves 24), e **Corten 21 metros de chinos** de Ferrán Alberich (Mércores 23). Os pases son ás 20,15 h., agás o sábado que son ás 18,30 h. Entrada 150 pta., 100 pta. con Carné Xove. Información no (981) 20 34 99.

**Federación de cine clubes** Os filmes máis próximos no programa da **Federación de cine clubes de Galiza**: Venres 18: *Lei 67* (Franza 1992) de Bertrand Tavernier, no cine clube de Cangas; e *Piano* no cine clube **O Castelo** (Allariz). O Mércores 23: *O crepúsculo dos deuses* (USA 1950) de Bully Wilder no cine clube **Pontevedra**; o *Paxaro da felicidade* (1993) de Pilar Miró no cine clube **Lumiére** (Vigo).

medusa narrativa

Novidade

Criminal Xurxo Borrazás

Unha historia de ficción que acaba unha verosmellanza incuestionable.

gotelo blanco



O 15 de Novembro de 1944 fundouse un organismo decisivo no autogoverno galego

## Cúmprense 50 anos da creación do Consello de Galiza

■ XAN CARBALLA

Non era propriamente un goberno galego no exilio, pero fundamentado xuridicamente por Lois Tobio, o Consello de Galiza, presidido por Castelao, agrupaba a vontade galega violentada polo golpe militar, e tentaba salvagardar a decisión política de Galiza expresada no referendo estatutario de 1936. A constitución formal fíxose un 15 de Novembro de 1944 en Montevideo.

"Alfonso Rodríguez Castelao, Elpidio Villaverde Rei, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, son os únicos deputados galegos que viven refuxiados en Sudamérica e, por espontánea decisión de todos eles, acordan xuntarse nun só corpo de dirección política para gardar, manter e defender a derradeira vontade de Galiza, namentras dure esta etapa de asoballamento, na que o povo se ve privado de toda expresión democrática. Os ditos mandatarios afirman que a vontade de Galiza arrinca legalmente do Estatuto plebiscitado en 1936". Así se abre a Acta Fundacional do Consello de Galiza, asinada en Montevideo diante da imposibilidade de facelo na casa de Manuel Puente, onde se reuniu o Consello en diversas ocasións, ante a situación dun peronismo colaborador co réxime de Franco.

A intención política do Consello de Galiza era nítida, e adoptou a forma legal de fideicomisariado, segundo lle deu forma o diplomático nacionalista Lois Tobio -daquela exiliado en Uruguai-, no que confiou Castelao a arquitectura xurídica do organismo. O Consello tentaba prolongar a legalidade republicana, e darlle continuidade ao esforzo por lograr o recoñecemento do Estatuto plebiscitado, que anos despois vai servir de referente decisivo para que Galiza teña consideración de nacionalidade na vixente constitución do Estado.

### Unha historia por facer

Os avatares do galeguismo en América aínda están por historiar. Isaac Díaz Pardo ten aportado abondosa documentación para aclarar os fitos do nacemento e extinción do Consello de Galiza, tan denostado por un sector do galeguismo do interior que non confiaba na súa utilidade política. (Pódese consultar o traballo de Díaz Pardo no suplemento deste periódico *Os anos despois (1936-1953)*)

O Consello, ao que se incorpora a fins de 1947 o de-

támén renace Galeuzca. Despois de acudir ás Cortes de México, Castelao entra no Goberno republicano no exilio, coa saúde xa moi afectada, no que bota pouco máis dun ano.

O cuarto libro de *Sempre en Galiza* conta parte desta peripécia política, que debe completarse co epistolario de Castelao, sobre o que este periódico publicou un abondoso adianto no traballo *As cartas de América*. Naquelas misivas Castelao formula durísimas acusacións, mantendo o leme do nacionalismo na dirección de recuperar a democracia paralelamente á restauración dos dereitos nacionais galegos.

A historia do Consello de Galiza é, daquela, un fito a emarcar no proceso de autodeterminación. Morto Castelao o organismo debeceu, aínda que desputa en 1956 convocando o primeiro Congreso da Emigración Galega.

Castelao, en 1948, facía un ataque ao presidente do Centro Galego de Buenos Aires por ter recibido ao embaixador franquista de España, José María Areilza e nese mesmo ano, nun funeral cívico de Alexandre Bóveda no Centro Ourensano, no que fala como cabezaleiro galeguista e presidente do Consello de Galicia, resume a ampla vontade democrática que sinalaba súa actividade como presidente:

"Alexandre Bóveda, prototipo dos cidadáns galegos e promotor da nosa liberdade, é a estrela da nosa esperanza. Imaxínade unha asamblea dos mártires galegos, en grupos presididos por Quintanilla (socialista), Benigno Varela (comunista), Miñones (republicano) e Villaverde (anarquista) e non é difícil concordar que eles aceptarían que Bóveda fose nomeado por nós como o promártir. Imaxínade o retorno á legalidade, cando brile o sol na Galiza e o povo galego se sinta reconfortado polo calor da xustiza. Daquela veredes que o nome de Bóveda será a nosa bandeira".♦



Castelao foi o primeiro presidente do Consello de Galiza.

pu-  
tado Alfredo Somoza, chegado a Buenos Aires despois xa de pasar once anos agachado nos faiados da Coruña, estaba aberto para incorporar a outros compañeiros de Deputación exiliados noutros países, e nomeou de inmediato a Castelao como presidente para que exercese a súa representación. Daquela



## TRES EN RAIA

### Compañeiros de desastre

■ G. LUCA DE TENA

Pode cambiarse de solidariedade como de neumáticos? Polo que parece, si.

Despois de enterrar toda unha vida nas minas do Transvaal, os sulafriicanos chegan ao poder pero atopan o bico torcido dalguns vellos amigos. Xa non están no do petardo e iso de votar pode levarlos onde Felipe e Guerra, que erro. Alguns consideran que a amizade era para as trincheiras; na paz teñen axuda de Clinton e da Coca Cola. Os problemas morreron. Morreron?

Os alxerianos xa non son os da batalla que filmara Pontecorvo. A complicación islámica distancia aos incondicionais. No fondo non ven a Guerra do Golfo senón a intransixencia relixiosa. En que se diferéncia este xuício a un pretexto racista?

E agora Cuba. No momento económico máis grave da súa historia, o país procura atraer algo de capital para a industria do turismo, seguramente a única oferta que pode engadar aos empresarios do mundo. Tanto ten que o faga con dignidade exemplar, anque no trance de manter a cabeza alta escoite comer á fame, como di o grande poeta Eloy Machado *El Ambia*.

Hai amigos que a miran mal. Meter o dólar na casa e darlle a man a Fraga, aviados estamos; éche o que faltaba.

Con esta clase de amigos, acompañantes e solidários, era mellor non embarcarse en nada. Seguramente pensan que na mar non hai máis que un rumbo e que está mal capear as tormentas.

Desde terra firme, ben se aconsella.♦

## VOLVER AO REGO

Xesús Pérez Varela, secretario xeral de comunicación da Xunta, verteu desmedidos elóxios sobre a prensa polo seu servizo de denuncia da corrupción. Foi o pasado Luns día 14 nunha conferencia no *Clube Faro de Vigo* e, por suposto, referíase á prensa de Madrid.

Dado que na descripción de Pérez Varela non cabe incluír á prensa editada en Galiza, posto que aquí non se fixo até agora nengunha denuncia de corrupción significativa, só cabe deducir dúas cousas: que a Xunta, as Deputacións etc. están absolutamente limpas de corrupción ou ben que os xornais de aquí non son como os estatais, senón que gardan silencio a cambio de algo. Como isto último, parece o máis lóxico, só cabe dicir que o de Pérez Varela xa non é control dos medios, senón *recachineo* -como din os castelanos- nas propias narices.♦

**FAISCAS**  
música comics

**MUSICAS INDEPENDENTES**

Rock • Pop  
Hardcore • Punk  
Ska • Reggae...  
Rap • Folk • Jazz  
Dance • Blues  
Fusión • Metal...

Falperra 18 Vigo - Telf: 22 69 76

